

# XEFATURA DO ESTADO

**22807** *LEI 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. («BOE» 281, do 23-11-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

O sistema financeiro en España configurouse como un dos sectores con máis peso e proxección internacional na actual economía española. Por outra parte, é unha peza esencial no desenvolvemento económico do país, e a súa modernización e permanente actualización son unha condición necesaria para o desenvolvemento da economía real, verdadeira impulsora do crecemento e da creación de emprego.

Desde a entrada de España na Comunidade Europea en 1986, non é posible analiza-lo desenvolvemento da industria financeira española á marxe do proceso de integración comunitaria. A Unión Económica e Monetaria, da que forma parte fundadora o noso país, e os grandes avances na integración dos mercados financeiros comunitarios están provocando un aumento significativo da competencia á que se deben enfronta-los nosos intermediarios financeiros.

Neste contorno e ante a variedade e sofisticación dos instrumentos financeiros utilizados, estase a observar que un factor competitivo de enorme importancia está formado polo ordenamento xurídico ó que se suxeitan os intermediarios. En efecto, a competencia entre lexislacións está adquirindo unha forza crecente, sendo unha práctica habitual que os grandes intermediarios establezan filiais naqueles países con normativas máis permisivas, co fin de instalaren nelas parte da súa operativa.

Estas consideracións non fan senón subliña-la realidade de que a competitividade dun sistema financeiro na Unión Económica e Monetaria non depende só dos esforzos das industrias nacionais, senón que está en gran parte condicionada polos ordenamentos nacionais. Un país que opte por unha normativa excesivamente rixida ve escapa-lo negocio financeiro das súas fronteiras, o cal comporta moi negativas consecuencias: a) sobre o crecemento e a creación de emprego, posto que gran parte de actividades de alto valor engadido se desprazan a outras economías; b) sobre os recursos públicos, por idénticas razóns, e c) sobre a protección dos consumidores, posto que os supervisores nacionais teñen dificultades para controlar que os servicios prestados a investidores españois desde outras xurisdicións cumpran a normativa española de transparencia e as nosas normas de conducta.

Cómpre salientar que o factor de competitividade que achega a normativa nacional adquirirá aínda maior peso, na medida en que se afonde no proceso de integración dos mercados financeiros da Unión Europea, o cal obriga a avanzar no proceso liberalizador do sistema financeiro que o lexislador español veu impulsando desde a entrada do noso país na Comunidade Europea en 1986. Todo co fin de dotar este sistema dunha regulación suficientemente áxil e competitiva.

En definitiva, a aceleración no proceso de integración financeira, así como a necesidade de aumenta-la eficiencia e a competitividade do sistema financeiro español, respondendo ó reto exterior e favorecendo a canalización do aforro cara á economía real, todo isto sen orixinar unha desprotección dos clientes dos servicios financeiros, explica gran parte dos obxectivos e contidos desta lei. Estes obxectivos, desde un punto de vista material, son basicamente tres:

a) Asegurar que o ordenamento xurídico non impoña pexas innecesarias que coloquen as entidades financeiras en desvantaxe fronte ós seus homólogos comunitarios. Con este fin, adóptanse medidas e créanse instrumentos encamiñados a aumenta-la eficiencia e a mellora-la competitividade da industria financeira española.

b) Asegurar que o incremento da competencia e a utilización das novas tecnoloxías non dean lugar a unha desprotección dos clientes de servicios financeiros. Para isto mellóranse as condicións de protección dos usuarios de servicios financeiros.

c) Favorece-la canalización do aforro cara á economía real, verdadeira impulsora do crecemento e a creación de emprego. En tal sentido, mellóranse as condicións de financiamento das pequenas e medianas empresas (PEME), tendo en conta a súa importancia no tecido empresarial español.

Por outra parte, desde un punto de vista formal, a lei traspón ó ordenamento xurídico español aplicable no ámbito financeiro, varias directivas comunitarias, como son: a) a Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil da circulación de vehículos automóbiles (Cuarta directiva sobre o seguro de vehículos automóbiles); b) a Directiva 2000/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de novembro de 2000, que modifica as directivas 85/611/CEE, 92/49/CEE, 92/96/CEE e 93/22/CEE do Consello, no relativo ó intercambio de información con países terceiros; c) a Directiva 2000/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio así como a supervisión cautelar destas entidades; d) a Directiva 2000/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, pola que se modifica a Directiva 2000/12/CE relativa ó acceso á actividade das entidades de crédito e ó seu exercicio.

### II

O capítulo I establece determinadas medidas para o fomento da eficiencia do sistema financeiro, tanto no mercado de valores coma no de crédito e no de seguros.

Entre estas medidas pódense salientar aquelas encamiñadas á integración dos sistemas de compensación e liquidación de valores, pilar básico para o funcionamento correcto dos mercados de valores. En efecto, gran parte do custo total e do tempo necesario para completa-la contratación de valores é imputable a estes sistemas; por outra parte, a súa regulación é fundamental para a seguridade xurídica das operacións.

No mercado español os principais procesos de compensación e liquidación veunos realizando a Central de Anotacións de Débeda Española (en diante, CADE) para a negociación de Débeda Pública, e o Servicio de Compensación e Liquidación de Valores (en diante, SCLV) para os valores admitidos a negociación en bolsa e en AIAF Mercado de Renda Fixa, S.A. (mercado secundario oficial de renda fixa privada). Ademais, ó abeiro do artigo 54 da Lei do mercado de valores, as comunidades

c autónomas con competencias na materia crearon os seus propios servizos de compensación e liquidación para os valores admitidos a negociación nas súas respectivas bolsas de valores.

Esta multiplicidade de sistemas de compensación e liquidación existentes en España veu dificultando o proceso de integración dos mercados de valores españois cos dos seus homólogos europeos. En efecto, a introducción do euro deu lugar a un notable movemento de fusión e coordinación dos mercados de valores comunitarios, tanto na área da negociación coma na da compensación e liquidación. Por isto, cómpre dálle-la oportunidade ós sistemas españois de negociaren desde unha posición única, á vez que o aproveitamento das economías de escala resultantes do proceso de consolidación permitirá ofrecer un mellor servizo a menor custo e, sobre todo, facilita-la operativa desde o exterior.

Para solucionar esta situación, a lei establece no seu articulado as modificacións legais para levar a cabo un proceso de integración dos sistemas de compensación e liquidación existentes. Para isto, deseña un réxime xurídico flexible e aberto no cal se creará a Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores (Sociedade de Sistemas), mediante un proceso de fusión do SCLV e a CADE. Nesta sociedade poderanse integrar outros sistemas xa existentes en España, tales como o de derivados financeiros ou os xestionados polas bolsas de Barcelona, Bilbao e Valencia, e poderá xestionar interconexións e alianzas cos doutros países.

Outra novidade da lei é a previsión da creación dunha ou varias entidades de contrapartida central. O obxecto desta figura é elimina-lo risco de contraparte nas operacións, xa que se interpón entre o comprador e o vendedor, de modo que estes sempre se beneficien da garantía do bo fin da operación que concede esta entidade.

Para facilitar todo este proceso de integración procédese á desmutualización dos sistemas de compensación e liquidación, en paralelo coa efectuada polas sociedades rectoras de bolsas de valores mediante o artigo 69 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Isto supón que se pode proceder a dar entrada no capital destas entidades a socios que non interveñen como participantes no mercado.

Tamén se modifica o réxime de control sobre as participacións cruzadas de sociedades que administren mercados secundarios coas súas homólogas fóra de España, establecendo un réxime máis áxil que facilite a integración dos mercados transfronteirizos, pero á vez asegúrase un certo control sobre a adecuación do accionariado dos mercados españois. Entre as operacións de integración de mercados que se impulsan, destacan as que afectan ós mercados de derivados, nos que é corrente que as distintas fases da operativa (negociación, compensación e liquidación) se leven a cabo mesmo en países distintos.

A lei traspón á regulación do mercado de valores a Directiva 2000/64/CE, que modifica unha serie de directivas relacionadas co intercambio de información no ámbito de seguros, valores e institucións de investimento colectivo, no sentido de facilita-lo intercambio de información entre os supervisores comunitarios e os de países terceiros, coas debidas garantías de confidencialidade. Esta medida xa se aplica no mercado de crédito en virtude do artigo 6 do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ó das comunidades europeas. Así mesmo, introdúcese unha ampla regulación dos sistemas organizados de negociación, no que se refire a, entre outros aspectos, o réxime de autorización, a obriga de constituír sociedades rectoras con

forma de sociedade anónima, ou o réxime de supervisión e sanción.

Dentro xa das medidas para fomenta-la eficiencia no mercado do crédito, flexibilízase o réxime de investimentos das cooperativas de crédito, aproximándoo ó dos bancos e caixas de aforro, cun dobre obxectivo: en primeiro lugar, permitirles a estas entidades adquirir unha maior dimensión, facilitando o incremento das súas carteiras industriais. En segundo lugar, facilita-la xestión do seu pasivo por medio do recurso ó financiamento subordinado.

Prevese a xestión de tesourería do Estado a través de operacións de adquisición temporal de valores de renda fixa, co cal o Tesouro pode obter un maior rendemento do saldo dispoñible no Banco de España.

Por outra parte, sistematízase e complementábase a regulación específica existente ata a data en relación coas garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou dos restantes bancos centrais nacionais da Unión Europea, para asegura-lo cumprimento das obrigas derivadas das súas operacións de política monetaria e crédito intradía. Ademais, prevese que estas garantías poidan ser aplicadas temporalmente a favor das operacións de xestión do Tesouro Público.

Dentro das medidas para fomenta-la eficiencia no mercado de seguros, introdúcese determinadas modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. Estas modificacións están encamiñadas basicamente a traspasar á regulación do mercado de seguros a comentada Directiva 2000/64/CE, no referente ó intercambio de información entre supervisores.

Dentro das funcións do Consorcio de Compensación de Seguros inclúense as que viña desenvolvendo a Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras, que desaparecerá no momento de entrada en vigor da lei. Esta fusión permitirá reducir custos de xestión a través do aproveitamento das sinerxias entre ámbolos organismos.

Como medida adicional para o fomento da eficiencia do sistema financeiro, hai que incluí-lo reforzo do papel da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) que se leva a cabo no capítulo VI da lei. A CIR xoga un papel fundamental tanto no control do risco polas entidades de crédito, coma na supervisión que leva a cabo o Banco de España. A lei confírelle a natureza xurídica dun servizo público, na medida en que facilita o exercicio das competencias do Banco de España e dota de maior estabilidade o sistema crediticio español.

### III

O capítulo II crea e regula determinados instrumentos para impulsa-la competitividade da industria financeira.

Cabe destaca-la nova figura financeira das cédulas territoriais. Este novo valor, á imaxe e semellanza da cédula hipotecaria, permite que as nosas entidades de crédito dispoñan dunha vía de refinanciamento dos seus créditos fronte ás administracións públicas, semellante ás dispoñibles noutros países comunitarios. Trátase de títulos de renda fixa que poderán emiti-las entidades de crédito e que gozan dunha garantía especial sobre os préstamos e créditos concedidos pola entidade a unha serie de suxeitos públicos, principalmente administracións públicas locais e autonómicas. Estes valores gozarán do mesmo réxime fiscal e financeiro aplicable ás cédulas hipotecarias.

Amplíase a operativa das institucións de investimento colectivo, que poderán realizar operacións de préstamo de valores sobre as súas carteiras, tanto como operacións de mercado como fóra de mercado (operacións «over the counter» ou «OTC»). Todo isto co obxectivo de lles poder ofrecer maiores rendibilidades ós investidores, sen menoscabo da seguridade do seu investimento.

A lei dota de seguridade os denominados «acordos de compensación contractual» fronte ás eventuais situacións de quebra das partes. En efecto, é práctica común que as entidades financeiras operen entre si a través de contratos marco nos que se establecen unhas garantías que cobren, día a día, a posición neta resultante de tódalas operacións de financiamento, préstamo de valores, derivados financeiros, etc., que levan a cabo as partes. A lei estende a estes acordos o réxime previsto na disposición adicional décima da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que se aplicará por tanto tamén a operacións fóra de mercado (OTC). Non obstante, mantéñense certas limitacións por razón dos suxeitos intervinientes (polo menos unha parte debe ser entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento) e contido do acordo (deberá incluí-lo mecanismo de cálculo do saldo neto esixible) para restrinxir-las efectos deste réxime de garantías ó ámbito estritamente necesario.

O capítulo III persegue mellora-las condicións de financiamento das PEME. Para isto amplía a posibilidade de que estas se financien a través do «factoring», ó permiti-la cesión en masa das súas carteiras fronte ás administracións públicas. Por outro lado, permíteselles ás entidades (xeralmente de crédito) aumenta-la proporción das carteiras hipotecarias que poden ceder a fondos de titulación de activos a través da figura da participación hipotecaria, a cal neste caso se emitirá e comercializará coa denominación de «certificado de participación hipotecaria». Con isto melloraránse as condicións de financiamento das PEME que deben recorrer á garantía hipotecaria para obter financiamento bancario.

Mención á parte merece, dentro das medidas destinadas a mellora-lo financiamento á pequena e mediana empresa innovadora, a reforma da regulación das entidades de capital-risco, reguladas pola Lei 1/1999, do 5 de xaneiro. A experiencia acumulada tras esta norma recomenda introduci-las seguintes modificacións: en primeiro lugar, facilitar que estes vehículos de investimento manteñan no seu activo accións de empresas que non cotizaban no momento da súa adquisición e que posteriormente pasaron a negociarse nalgunha bolsa. Así mesmo, esta lei facilita que as entidades de capital-risco invistan en empresas do seu grupo, se cumpren requisitos de transparencia. En terceiro lugar, axilízase a operativa destas entidades ó permitir realizar achegas en especie ó seu capital con posterioridade á súa constitución. Finalmente, asegúrase que as operacións societarias dunha sociedade de capital-risco ou que dean lugar a unha, quedan suxeitas ó debido control.

No capítulo IV regúlanse os efectos xurídicos da contratación electrónica e traspóñense ó ordenamento xurídico español as directivas relacionadas co diñeiro electrónico. Todo isto, co fin de impulsa-la competencia, eficacia e seguridade xurídica no ámbito financeiro mediante o impulso do emprego de técnicas electrónicas. Para isto e co obxectivo de aclarar normativamente a equiparación entre a contratación a distancia e a contratación con presenza física, habilítase o ministro de Economía para regula-las especialidades respecto das normas xerais que rexen a contratación electrónica.

#### IV

O capítulo V establece unha serie de medidas protectoras dos clientes de servizos financeiros.

En primeiro lugar, regúlanse uns órganos administrativos específicos de nova creación, os comisionados para a defensa dos clientes de servizos financeiros. Trátase de órganos adscritos ó Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, coa finalidade expresa

de protexe-los dereitos do usuario de servizos financeiros no ámbito respectivo.

En segundo lugar, a lei establece a obriga para tódalas entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras, de atender e resolver-las queixas e reclamacións que os seus clientes poidan presentar, relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos. Para estes efectos, as entidades financeiras deberán contar cun departamento ou servizo de atención ó cliente. Ademais, poderán designar un defensor do cliente, a quen lle corresponderá atender e resolver-las tipos de reclamacións que determine, en cada caso, o seu regulamento de funcionamento, e que deberá ser unha entidade ou experto independente. As decisións do defensor do cliente que sexan favorables á reclamación vincularán a entidade. A lei habilita o ministro de Economía para que estableza uns requisitos mínimos que deberá respecta-lo departamento ou servizo de atención ó cliente e o defensor do cliente.

En terceiro lugar, trasponse ó ordenamento xurídico español a Directiva 2000/26/CE (Cuarta directiva sobre o seguro de vehículos automóbiles) que regula os dereitos do prexudicado en accidentes de circulación ocorridos fóra do seu país de residencia dentro da Unión Europea. Para esta trasposición esíxese a modificación de determinadas normas de rango legal:

a) A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, que regula as condicións de acceso e exercicio da actividade aseguradora. Esta modificación é necesaria, xa que a introducción, esixida pola directiva, do representante para a tramitación e liquidación de sinistros, supón unha modificación dos requisitos para o acceso e exercicio da actividade aseguradora.

b) A Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, que regula con carácter específico o seguro de responsabilidade civil de vehículos automóbiles. Nesta lei introdúcese un novo título, o título III, que recolle a maior parte da normativa necesaria para a incorporación da Cuarta directiva.

c) O Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados que, entre outros aspectos, regula as funcións do citado organismo.

A lei permítelles ás entidades aseguradoras autorizadas en España elixiren libremente o representante para a tramitación e liquidación de sinistros, pero deberá residir ou estar establecido no estado membro para o que fose designado, e aquelas deberánlles comunicar ós organismos de información de tódolos estados membros o seu nome e enderezo. Pola súa parte, o prexudicado español por accidentes ocasionados noutro estado membro pode reclama-la indemnización ante a entidade aseguradora neste estado ou ante o seu representante en España.

Dentro do reforzo das potestades dos supervisores con vistas á protección dos usuarios financeiros, hai que encaixar tamén a ampliación do réxime sancionador ás deficiencias de organización administrativa e control interno das entidades de crédito, as empresas de servizos de investimento e as empresas de seguros, e a maior disciplina a que quedan suxeitos os establecementos abertos ó público para o cambio de moeda estranxeira («casas de cambio»).

Nos mercados de capitais refórzase a protección do investidor, impulsando normas de transparencia e recoñecendo que a información é un ben de enorme valor.

c  
 En primeiro lugar, impóñense normas de transparencia nas operacións vinculadas, de maneira que se eviten abusos por parte de directivos e conselleiros en contra dos intereses dos accionistas. Na práctica suporá que os investidores terán información sobre as operacións entre a propia entidade cotizada, os seus directivos e os seus accionistas significativos. Así mesmo, refórzase a regulación da información relevante e da información privilexiada, co fin de evita-la perda de integridade dos mercados e, en última instancia, o encarecemento no financiamento empresarial que provoca a falta de confianza entre os investidores. Para isto, esténdese o concepto de información privilexiada a outros instrumentos distintos dos propios valores negociables e desenvólvese de forma moi detallada a información relevante que é de obrigada comunicación ó mercado, de forma universal e sen conceder prioridades. Ademais, especificanse medidas preventivas de organización das entidades que presten servicios nos mercados de valores, de forma que se impida a filtración de información entre as distintas áreas dunha entidade ou entre entidades dun mesmo grupo («murallas chinesas»). As anteriores obrigas de actuación con transparencia esténdense ós directivos, administradores e empregados. A todos eles prohibéelles tamén o desenvolvemento de prácticas dirixidas a falsea-la libre formación dos prezos no mercado de valores, é dicir, a manipulación de cotizacións. Por último, con vistas ó efectivo cumprimento das anteriores obrigas de transparencia refórzanse as facultades da Comisión Nacional do Mercado de Valores co fin último de protexer-lo investidor.

A lei inclúe tamén a modificación do réxime de autorizacións para institucións de investimento colectivo, consagrándose o principio máis racional de que sexa o órgano regulador quen autorice o prestador do servicio (a sociedade xestora) e o órgano supervisor o produto (a institución de investimento colectivo). Modifícase a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para estender ós apoderados con facultades xerais de representación o réxime de honorabilidade empresarial e profesional dos administradores e directores xerais e asimilados de empresas de servicios de investimento. Actualízase o réxime sancionador aplicable tanto a entidades de crédito coma a empresas de servicios de investimento e entidades aseguradoras; establécese o réxime de aprobación do regulamento interno da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, finalmente, regúlase as condicións de acceso polos organismos supervisores ós papeis de traballo dos auditores de entidades suxeitas ó seu control.

Trátase, en suma, dun texto amplo, que vén coloca-la nosa industria financeira nunha situación competitiva, reforzando ó mesmo tempo a protección dos seus clientes.

## CAPÍTULO I

### Fomento da eficiencia do sistema financeiro

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> FOMENTO DA EFICIENCIA NO MERCADO DE VALORES

#### **Artigo 1.** *Integración dos sistemas de compensación e liquidación de valores.*

Primeiro. Modifícase o artigo 7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado como segue:

«Artigo 7.

1. O mantemento do rexistro contable dos valores representados por medio de anotacións en conta correspondentes a unha emisión será atribuído a unha única entidade.

2. Cando se trate de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais, a devandita entidade será libremente designada pola emisora entre as empresas de servicios de investimento e entidades de crédito autorizadas para realiza-la actividade prevista no parágrafo a) do número 2 do artigo 63. A designación deberá ser inscrita no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores previsto no artigo 92 desta lei, como requisito previo ó comezo do mantemento do rexistro contable. A Sociedade de Sistemas a que se refire o artigo 44 bis tamén poderá asumir esta función segundo os requisitos que, de se-lo caso, se establezan no regulamento a que se refire este artigo 44 bis, no seu número 4.

3. Sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas respecto dos valores admitidos a negociación exclusivamente nunha bolsa de valores radicada no seu territorio, cando se trate de valores admitidos a negociación nas bolsas de valores ou no Mercado de Débeda Pública en Anotacións, o mantemento do rexistro contable corresponderalle á Sociedade de Sistemas, como rexistro central, e ás entidades participantes autorizadas para isto, ou a aquela en exclusiva, se así se establece, de se-lo caso, regulamentariamente. Non obstante, tal mantemento corresponderalle, de se-lo caso, á sociedade rectora da bolsa correspondente se así se determina, de conformidade co previsto no número segundo do artigo 44 bis.

Cando se trate de valores admitidos a negociación noutros mercados secundarios, o mantemento do rexistro corresponderalle ó organismo ou entidade, incluída a Sociedade de Sistemas, que regulamentariamente se determine ou que expresamente designen os órganos rectores destes mercados ou sistemas organizados de negociación.

4. O Goberno establecerá, en relación coas distintas entidades ás que se lles encomenda leva-los rexistros contables e os distintos tipos de valores, as normas de organización e funcionamento dos correspondentes rexistros, as fianzas e demais requisitos que lles sexan esixibles, os sistemas de identificación e control dos valores representados mediante anotacións en conta, así como as relacións daquelas entidades cos emisores e a súa intervención na administración de valores. A citada regulación corresponderalles ás comunidades autónomas competentes cando fagan uso da facultade prevista no número segundo do artigo 44 bis e en relación cos servicios alí previstos.

5. A falta de práctica das correspondentes inscricións, as inexactitudes e atrasos nelas e, en xeral, a infracción das regras establecidas para o mantemento dos rexistros darán lugar á responsabilidade da entidade incumpridora, salvo culpa exclusiva do prexudicado, fronte a quen resulte prexudicado. Esta responsabilidade, na medida do posible, deberá facerse efectiva en especie.

6. O sinalado no presente artigo respecto da Sociedade de Sistemas será aplicable ós servicios similares creados polas sociedades rectoras das bolsas, ó abeiro do disposto no número segundo do artigo 44 bis, cando así llelo autorice a comunidade autónoma correspondente, logo de audiencia do emisor e do servicio.»

Segundo. Introdúcese un novo artigo 44 bis na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 bis.

1. Constituirase unha sociedade anónima que, coa denominación de “Sociedade de Xestión dos

Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores" (en diante, a Sociedade de Sistemas), terá por funcións:

a) Levar, nos termos previstos no capítulo II do título I desta lei, o rexistro contable correspondente a valores representados por medio de anotacións en conta, admitidos a negociación nas bolsas de valores ou no Mercado de Débeda Pública en Anotacións, así como ós valores admitidos a negociación noutros mercados secundarios, cando os seus órganos rectores o soliciten.

b) Xestionar a liquidación e, de se-lo caso, a compensación de valores e efectivo derivada das operacións ordinarias realizadas nas bolsas de valores, das operacións realizadas no Mercado de Débeda Pública en Anotacións e, de se-lo caso, noutros mercados secundarios.

c) Prestar servicios técnicos e operativos directamente relacionados cos de rexistro, compensación e liquidación de valores, e calquera outro requirido para que a Sociedade de Sistemas colabore e coordine as súas actuacións con outros ámbitos e sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores e poida participar nestes últimos.

d) As demais que lle encomende o Goberno, logo do informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de se-lo caso, do Banco de España.

2. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo de que, respecto dos valores admitidos a negociación nunha única bolsa de valores, as comunidades autónomas con competencia na materia dispoñan a creación pola sociedade rectora daquela dun servicio propio de mantemento do rexistro contable de valores representados por medio de anotacións en conta e de compensación e liquidación, o cal terá, respecto a estes valores, as facultades que esta lei lle atribúe á Sociedade de Sistemas. Non serán aplicables, para este único efecto, as restricións de obxecto social e de actividade contidas no parágrafo primeiro do artigo 46 e no parágrafo primeiro do artigo 48. Será de aplicación para estes servicios o disposto no artigo 7 e no presente artigo, salvo as referencias a órganos ou entidades estatais, que se entenderán efectuadas ós correspondentes órganos autonómicos.

3. O Goberno establecerá os criterios para determina-las condicións de acceso e permanencia no capital da Sociedade de Sistemas e para distribuí-lo capital desta entre os seus accionistas. Entre estes accionistas poderán figura-las institucións non residentes que desenvolven no estranxeiro actividades análogas ás da Sociedade de Sistemas, sempre que estean suxeitas no estado de orixe a un réxime de supervisión das súas actividades de rexistro, compensación e liquidación de valores polo menos equivalente ó da Sociedade de Sistemas, e esta última poderá, pola súa vez, participar no capital daquelas, en ámbolos casos, logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores. As condicións das adquisicións de participacións e os dereitos a que estas dean lugar, concretaranse nos correspondentes acordos societarios, que estarán suxeitos a aprobación previa pola Comisión Nacional do Mercado de Valores. Sempre que a xunta xeral así o autorizase, para os aumentos, reducións e alleamentos de participacións accionariais que sexan precisos para eses efectos, abondará co acordo do consello de administración, e non lles será de aplicación o disposto nos artigos 75 ó 79, 158 e 164 ó 166 da Lei de sociedades anónimas. Os estatutos sociais e as

súas modificacións, así como a subscripción e transmisión das accións, requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. A Sociedade de Sistemas rexerese por esta lei e a súa normativa de desenvolvemento, así como por un regulamento que deberá aproba-lo ministro de Economía logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, do Banco de España e das comunidades autónomas ás que os seus estatutos de autonomía lles recoñezan competencias en materia de regulación de centros de contratación de valores. O citado regulamento regulará o réxime de funcionamento da Sociedade de Sistemas, os servicios prestados por ela, así como o seu réxime económico, os procedementos de fixación e comunicación de tarifas e as condicións e principios baixo os cales esta Sociedade prestará os referidos servicios, e o réxime xurídico das entidades participantes nos sistemas xestionados pola devandita sociedade. En particular, establecerá o réxime xurídico daquelas entidades participantes que leven contas individualizadas correspondentes ós valores dos que non teñan tal condición. Así mesmo, o regulamento regulará os procedementos para asegura-la entrega de valores e o seu pagamento, así como as garantías de todo tipo que deban constituí-las entidades participantes nos sistemas xestionados pola Sociedade de Sistemas.

5. Se unha entidade participante deixase de atender, en todo ou en parte, a obriga de pagamento en efectivo derivada da liquidación, a Sociedade de Sistemas poderá dispor dos valores non pagados, adoptando as medidas necesarias para allealos a través dun membro do mercado.

6. Sen prexuízo das obrigas de información a que se refire o número 4 do artigo 55 desta lei, a Sociedade de Sistemas facilitarlle ó ministro de Economía e ós distintos organismos supervisores no ámbito das súas respectivas competencias, a información sobre as actividades de rexistro, compensación e liquidación nos sistemas xestionados por ela que aqueles lle soliciten, sempre que esta información estea á súa disposición de acordo coa normativa que lle é de aplicación e con suxeición ó previsto nesta e outras leis.

7. A Sociedade de Sistemas poderá establecer convenios con entidades residentes e non residentes que desempeñen funcións análogas, entidades de contrapartida central ou outras, con suxeición ó disposto nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e no regulamento a que se refire o número 4 anterior, para a apertura e mantemento de contas ou para outras actividades da Sociedade de Sistemas.

8. En caso de declaración xudicial de quebra ou admisión a trámite da solicitude de suspensión de pagamentos dunha entidade participante nos sistemas xestionados pola Sociedade de Sistemas, esta última gozará de dereito absoluto de separación respecto dos bens ou dereitos en que se materialicen as garantías constituídas polas ditas entidades participantes nos sistemas xestionados por aquela. Sen prexuízo do anterior, o sobranse que quede despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa patrimonial concursal do participante.

9. Declarada xudicialmente a quebra ou admisión a trámite a solicitude de suspensión de pagamentos dunha entidade participante nos sistemas a que se refire este artigo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das competencias do Banco de España, poderá dispor, de for-

c

ma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado dos seus rexistros contables de valores a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade. De igual forma, os titulares de tales valores poderán solicitar o traslado destes a outra entidade. Se ningunha entidade estivese en condicións de facerse cargo dos rexistros sinalados, esta actividade será asumida pola Sociedade de Sistemas de modo provisional, ata que os titulares soliciten o traslado do rexistro dos seus valores. Para estes efectos, tanto o xuíz competente coma os órganos do procedemento concursal facilitarán o acceso da entidade á que lle vaian traspasa-los valores á documentación e os rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se lles faga chegar ós titulares dos valores o efectivo procedente do exercicio dos seus dereitos económicos ou da súa venda.

10. A Sociedade de Sistemas terá a consideración de ente xestor e axente de liquidación dos sistemas de pagamentos e de compensación e liquidación de valores a que se refire o artigo 8 da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, nos seus parágrafos c), g) e, de se-lo caso, i), así como, con suxeición á lexislación estatal ou da comunidade autónoma con competencias na materia que sexa de aplicación, dos sistemas a que se refiren os parágrafos d), e), f) e h) para tódolos efectos previstos nesta lei e, en particular, para os efectos previstos nos seus artigos 11, 13 e 14.

11. O Goberno, co previo informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Banco de España, poderá autorizar a outras entidades financeiras a realización de todas ou algunhas das funcións a que se refire o número 1 do presente artigo. Estas entidades someteranse ó disposto nos números 8 e 9 de este artigo, e deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos mínimos que se establezan regulamentariamente, os cales incluírán necesariamente o réxime de supervisión a que deban estar suxeitas no estado de orixe, de se-lo caso, tanto as entidades solicitantes como as que exerzan o seu control efectivo, acceso á condición de participantes nos sistemas, recursos propios mínimos, honorabilidade e profesionalidade dos directivos responsables da entidade, estrutura organizativa e operativa, procedementos operativos e contables, establecemento de medidas de limitación e control de riscos e conexión ós sistemas de pagamentos. Así mesmo, seralles de aplicación o mesmo réxime de supervisión e disciplina que á Sociedade de Sistemas, coas especificacións que regulamentariamente se establezan.»

Terceiro. Introdúcese un novo artigo 44 ter á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 ter.

1. O ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, co previo informe do Banco de España, poderá autorizar que unha ou varias entidades de contrapartida central realicen funcións de interposición por conta propia, respecto dos procesos de compensación e liquidación das obrigas derivadas da participación das entidades membros nos sistemas de compensación e liquidación de valores ou instrumentos financeiros recoñecidos de conformidade coa Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, así como

respecto de operacións non realizadas en mercados oficiais. A entidade ou entidades así autorizadas desenvolverán as súas actividades con suxeición ó que ó respecto estableza o correspondente regulamento, que deberá ser aprobado polo ministro de Economía logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, do Banco de España e das comunidades autónomas con estatutos de autonomía que lles recoñezan competencias en materia de regulación de centros de contratación de valores.

O citado regulamento determinará, como mínimo, os requisitos de acceso á condición de participante nela e establecerá as condicións técnicas, operativas e normativas de acceso ós servizos prestados, as garantías esixidas ás entidades membros e a información que deberán facilitar estas en relación coas operacións que comuniquen a aquela, así como o réxime económico da entidade de contrapartida central.

2. A entidade de contrapartida central poderá executar, en nome e por conta das entidades contratantes, as obrigas derivadas de contratos marco de operacións realizadas sobre valores negociables ou instrumentos financeiros derivados, con suxeición ó disposto nesta ou noutras leis aplicables, así como na normativa de desenvolvemento.

3. A entidade de contrapartida central estará suxeita á supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Banco de España, nos seus respectivos ámbitos de competencia, e nos termos establecidos no artigo 88 desta lei.

4. Así mesmo, a esta entidade de contrapartida central seralle de aplicación o previsto para a Sociedade de Sistemas nos números 8 e 9 do artigo 44 bis desta lei, así como o disposto na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, para os sistemas regulados nela.

5. Con suxeición ó disposto nesta e outras leis, así como ó establecido nas disposicións de desenvolvemento desta lei, a entidade de contrapartida central poderá establecer acordos con outras entidades residentes e non residentes, que teñan funcións análogas ou que xestionen sistemas de compensación e liquidación de valores, participar no accionariado das ditas entidades ou admitilas como accionistas. Estes acordos requirirán a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Cuarto. Dáselles unha nova redacción ós seguintes preceptos da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que quedan redactados segundo se indica a seguir:

Un. O artigo 31, número 2, parágrafo b), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado nos seguintes termos:

«b) O Mercado de Débeda Pública en Anotacións.»

Dous. O artigo 36, número 7, parágrafo b), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado nos seguintes termos:

«b) Os valores entregados en préstamo deberán pertencer ó prestamista, e acharse en poder deste en virtude de operacións xa liquidadas na data de perfección do contrato. Para tal efecto, ben o prestamista, ben o prestameiro, deberá ser unha entidade participante ou membro do sistema correspondente de compensación e liquidación do mercado onde se negocia o valor.»

Tres. O artigo 38, parágrafo e), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado na seguinte forma:

«e) Establece-las normas a que se deberán axustar os sistemas de compensación e liquidación relacionados coa negociación de valores e a actuación das entidades financeiras que interveñan naqueles.»

Catro. O artigo 44, parágrafo d), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado como segue:

«d) Determina-la forma e o contido dos documentos que, nas relacións entre membros dun mercado secundario oficial e entre estes e os organismos rectores ou os sistemas de compensación e liquidación do correspondente mercado, acreditarán as diversas fases da negociación de valores.»

Cinco. O último parágrafo do artigo 46 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado como segue:

«En ámbolos supostos deberase prever, de se-lo caso, a necesaria coordinación entre os sistemas de liquidación respectivos.»

Seis. O artigo 55, número 2, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado como segue:

«2. O Banco de España terá a consideración de organismo rector do Mercado de Débeda Pública en Anotacións. O Banco de España levará o servizo financeiro dos valores anotados cando así o concerte cos emisores e por conta destes, nos termos que se establezan regulamentariamente.»

Sete. O artigo 55, número 4, segundo parágrafo, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado nos seguintes termos:

«O devandito regulamento regulará, de acordo coa presente lei e o seu desenvolvemento regulamentario, en todo caso, as normas relativas a cotización, contratación, obrigas de información ó Banco de España e publicidade das operacións, incluíndo os dereitos e as obrigas dos membros do mercado. De igual maneira, regulará os dereitos e as obrigas dos titulares de conta a nome propio e das entidades xestoras na súa condición de membros do mercado. O regulamento poderá ser desenvolvido, cando así se preveña expresamente, mediante circulares do Banco de España.»

Oito. Modifícase o artigo 57 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado como segue:

«Artigo 57.

1. O rexistro dos valores negociados no Mercado de Débeda Pública en Anotacións corresponderalle á Sociedade de Sistemas a que se refire o número 1 do artigo 44 bis desta lei e ás súas entidades participantes autorizadas para isto en virtude da súa condición de entidades xestoras do Mercado de Débeda Pública.

2. A Sociedade de Sistemas levará as contas de valores correspondentes á totalidade dos valores admitidos a negociación neste Mercado, ben de forma individualizada, no caso das contas a nome propio das entidades participantes que sexan titulares de conta no Mercado de Débeda Pública, ben de forma global, no caso das contas de clientes

das entidades participantes autorizadas para isto en virtude da súa condición de entidades xestoras no citado mercado.

3. Poderán ser titulares de conta a nome propio no Mercado de Débeda Pública en Anotacións e manter conta como entidades participantes a nome propio no sistema de rexistro da Sociedade de Sistemas, ademais do Banco de España, os sistemas e organismos compensadores e liquidadores dos mercados secundarios oficiais e os sistemas de compensación interbancaria co obxecto de xestionar o sistema de garantías, así como os que cumpren os requisitos que para o efecto se establezan no regulamento do mercado. A autorización da condición de titular de conta a nome propio, así como a súa revogación, corresponderalle ó ministro de Economía, por proposta do Banco de España, co previo informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Nove. Dáselles unha nova redacción ós números 3 e 4 do artigo 58 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. As entidades xestoras, na súa condición de participantes no sistema de rexistro por conta da Sociedade de Sistemas, levarán o rexistro dos valores dos que non sexan titulares de conta a nome propio no Mercado de Débeda Pública en Anotacións, e manterán na Sociedade de Sistemas unha conta global que constituirá en todo momento a contrapartida exacta daqueles.

4. Cando as citadas entidades xestoras teñan a condición adicional de titular de conta a nome propio no Mercado de Débeda Pública, estas últimas contas levaranse na Sociedade de Sistemas con total separación das contas globais mencionadas no número anterior.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ó artigo 84, número 1, parágrafo b), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) A Sociedade de Sistemas, as entidades de contrapartida central, a Sociedade de Bolsas e as sociedades que teñan a titularidade de tódalas accións de organismos previstos no parágrafo a), así como outros sistemas de compensación e liquidación dos mercados que se creen ó abeiro do previsto nesta lei.»

Once. Dáselles unha nova redacción ós dous primeiros parágrafos do artigo 88 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«Sen prexuízo do disposto nesta lei, o Banco de España exercerá facultades de supervisión e inspección sobre os membros do Mercado de Débeda Pública en Anotacións, os titulares de conta a nome propio e sobre as entidades xestoras, así como sobre as actividades relacionadas co mercado de valores realizadas por entidades inscritas nos rexistros ó seu cargo a que se refire o artigo 65.

En tódolos casos de confluencia de competencias de supervisión e inspección entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España, ámbalas institucións coordinarán as súas actuacións baixo o principio de que a tutela da solvencia das entidades financeiras afectadas recae sobre a institución que manteña o correspondente rexistro e a do funcionamento dos mercados de valores corresponde á Comisión Nacional do Mercado de

c

Valores. Co obxecto de coordina-las respectivas competencias de supervisión e inspección, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España deberán subscribir convenios nos que se concreten as súas correspondentes responsabilidades.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ó artigo 90, número 4, alínea i), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda redactado nos seguintes termos:

«i) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores decida facilitar a un sistema ou cámara de compensación e liquidación dun mercado de valores español, cando considere que son necesarias para garanti-lo correcto funcionamento destes sistemas ante calquera incumprimento, ou posible incumprimento, que se produza no mercado.»

Trece. Dáselles unha nova redacción ós parágrafos a), c) e g) do artigo 99 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«a) O exercicio, non simplemente ocasional ou illado, polas sociedades rectoras das bolsas de valores, os organismos retores dos demais mercados oficiais ou non, a Sociedade de Bolsas, a Sociedade de Sistemas, as entidades de contrapartida central, os sistemas de compensación e liquidación dos mercados secundarios oficiais ou non, as sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos, ou as sociedades rectoras dos sistemas organizados de negociación, de actividades de intermediación financeira ou, en xeral, alleas ó seu obxecto social exclusivo.»

«c) O incumprimento, non simplemente ocasional ou illado, polos organismos retores dos mercados secundarios, oficiais ou non, con exclusión do Banco de España, a Sociedade de Sistemas, as entidades de contrapartida central, os sistemas de compensación e liquidación dos mercados secundarios, oficiais ou non, ou as sociedades rectoras dos sistemas organizados de negociación, das normas reguladoras dos devanditos mercados ou das súas propias actuacións, desatendendo os requirimentos que para este efecto lles fosen formulados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

«g) O incumprimento por parte das entidades participantes nos sistemas xestionados pola Sociedade de Sistemas ou dos sistemas de compensación e liquidación dos mercados secundarios, oficiais ou non, das normas que regulen as súas relacións cos correspondentes rexistros contables de carácter central.»

Catorce. Modifícase o artigo 100, parágrafo a), da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-la seguinte redacción:

«a) O nomeamento, polas sociedades rectoras das bolsas de valores, os organismos retores dos demais mercados, oficiais ou non, a Sociedade de Bolsas, a Sociedade de Sistemas, os sistemas de liquidación e compensación, ou as sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos, de membros do seu consello de administración e, de se-lo caso, de directores xerais sen a previa aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valo-

res ou, cando proceda, da comunidade autónoma con competencias en materia de mercados de ámbito autonómico.»

Quinto. Incorpórase unha nova disposición adicional décimo sétima á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional décimo sétima.

As mencións específicas ó “Servicio de Compensación e Liquidación de Valores” e á Central de Anotacións do Banco de España, efectuadas no articulado desta ou outras disposicións normativas, entenderanse feitas á “Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores”.

As mencións xenéricas efectuadas nesta lei ós servizos, procesos ou organismos de compensación e liquidación, entenderanse referidas ós sistemas de compensación e liquidación.»

Sexto. Dáselles unha nova redacción ós parágrafos c) e g) do artigo 8 da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, os cales quedan redactados como segue:

«c) Os sistemas de compensación e liquidación de valores negociados nas bolsas de valores e xestionados pola Sociedade de Sistemas, de conformidade co disposto no artigo 44 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a regulación do cal se contén nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

«g) O sistema de compensación e liquidación relativo ás operacións realizadas no Mercado de Débeda Pública en Anotacións xestionado pola Sociedade de Sistemas a que se refire o número 1 do artigo 44 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

## **Artigo 2.** *Fomento da apertura dos mercados de valores españois.*

Primeiro. Modifícase a redacción do número 5 e créase un novo número 6 no artigo 31 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«5. A participación directa ou indirecta de sociedades que administren mercados secundarios oficiais españois noutras sociedades que xestionen mercados secundarios fóra de España requirirá a autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, quen disporá do prazo de dous meses contado a partir da data en que fose informada para, de se-lo caso, oporse á participación. Se a Comisión non se pronunciase neste prazo entenderase que acepta a solicitude.

6. A participación no capital das sociedades que administren mercados secundarios españois quedará suxeita ó réxime de participacións significativas previsto no artigo 69 desta lei para as empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se determinen. Sen prexuízo do disposto no número 6 deste artigo, o ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderase opor á adquisición dunha participación significativa naquelas sociedades cando estime que isto é necesario para asegura-lo bo funcionamento dos mercados ou para evitar distorsións neles, así como por non se lles dar un trato equivalente ás entidades españolas no seu país de orixe.»



Segundo. Introdúcense as seguintes modificacións na redacción do artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

Un. O número 2 do artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasa a te-la seguinte redacción:

«2. Nestes mercados poderán negociarse, compensarse e liquidarse, xa sexa levando a cabo todas estas actuacións ou soamente algunhas delas, contratos de futuros, de opcións e doutros instrumentos financeiros derivados, calquera que sexa o activo subxacente. A sociedade rectora do mercado dará por si mesma ou asegurará por medio doutra entidade, logo de aprobación neste caso polo ministro de Economía, a contrapartida en tódolos contratos que emita. Ademais, a sociedade rectora poderá realiza-la actividade de contrapartida central a que se refire o artigo 44 ter, caso no que lle será de aplicación o disposto neste artigo, coas particularidades que, de se-lo caso, se establezan no seu correspondente regulamento.»

Dous. O número 3 do artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasa a te-lo seguinte teor literal:

«3. Poderán ser membros destes mercados as entidades ás que se refire o artigo 37 desta lei. Tamén poderán acceder á condición de membro, con capacidade restrinxida exclusivamente á negociación, ben por conta propia ou por conta de entidades do seu grupo, aquelas entidades cun obxecto social principal que consista no investimento en mercados organizados e reúnan as condicións de medios e solvencia que estableza o regulamento do mercado a que se refire o número 7 deste artigo. Nos mercados de futuros e opcións con subxacente non financeiro, regulamentariamente poderase determina-la adquisición desta condición por outras entidades distintas das antes sinaladas, sempre que reúnan os requisitos de especialidade, profesionalidade e solvencia.»

Tres. O número 4 do artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasa a te-lo seguinte teor literal:

«4. Nos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións existirá unha sociedade rectora, con forma de sociedade anónima, coas funcións básicas de organizar, dirixir e supervisa-la actividade do mercado. Estas sociedades non poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas no artigo 63, a excepción do disposto nesta lei. Non obstante, e co obxecto de xestiona-lo sistema de garantías, poderán ser titulares de contas no Mercado de Débeda Pública ou ter unha posición equivalente en mercados ou sistemas estranxeiros que realicen funcións similares.»

Catro. O número 8 do artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, quedará do seguinte modo:

«8. As garantías, calquera que sexa a forma na que estean establecidas, que se constitúan en relación a calquera operación realizada no ámbito de actividade dos mercados de futuros e opcións

a que se fai referencia no número 2 deste artigo non responderán por obrigas distintas das derivadas das referidas operacións, nin fronte a persoas ou entidades diferentes daquelas en prol das cales se constituíron.»

Cinco. O número 9 do artigo 59 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasa a te-la seguinte redacción:

«9. As sociedades rectoras dos mercados secundarios oficiais de futuros e opcións gozarán de dereito absoluto de separación, respecto ós valores e ó efectivo en que estivesen materializadas as garantías que os membros e clientes constituísen ou aceptasen a favor daquelas, en razón das operacións negociadas, compensadas, liquidadas ou respecto das cales as sociedades rectoras realicen a función de contrapartida, en caso de que tales membros ou clientes se visen sometidos a un procedemento concursal. Sen prexuízo do anterior, o sobrante que quede despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa patrimonial concursal do cliente ou membro en cuestión.»

**Artigo 3.** *Réxime do intercambio de información con países terceiros pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

Modifícase o número 1 do artigo 90 e introdúcese un novo número 2 no mesmo artigo 90 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«1. No exercicio das súas funcións de supervisión e inspección previstas nesta e nas demais leis, a Comisión Nacional do Mercado de Valores colaborará coas autoridades competentes de estados estranxeiros, e poderá subscribir para tal efecto acordos de colaboración. En particular, poderá comunicar informacións relativas á dirección, xestión, solvencia e propiedade das empresas de servizos de investimento e demais entidades rexistradas, así como as que contribúan a unha mellor supervisión dos mercados de valores ou sirvan para evitar, perseguir ou sancionar conductas irregulares.

Os acordos de cooperación nos que se preveña o intercambio de información coas autoridades ou organismos de países terceiros nos que recaia a función pública de supervisión das entidades de crédito, das empresas de seguros, doutras institucións financeiras e dos mercados financeiros, ou a xestión dos sistemas de garantía de depósitos ou indemnización dos investidores, requirirán que o intercambio de información teña por obxecto o cumprimento do labor de supervisión das autoridades ou órganos en cuestión. Cando a información teña a súa orixe noutro estado membro do Espacio Económico Europeo, non poderá ser revelada sen a conformidade expresa das autoridades competentes que a facilitasen e, de se-lo caso, unicamente coa finalidade para a que estas autoridades desen a súa conformidade.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá negarse a dar curso a unha solicitude de información cando:

A comunicación da información poida ir en prexuízo da soberanía, a seguridade ou a orde pública.

Se incoase un procedemento xudicial polos mesmos feitos e contra as mesmas persoas ante as autoridades españolas.

c

Recaese sentenza firme sobre os mesmos feitos e respecto das mesmas persoas ás que se refire a solicitude.

Nestes casos será notificada a autoridade requiriente facilitándolle a información máis detallada posible sobre o procedemento ou a resolución xudicial de que se trate.

2. Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores tivese coñecemento de que no territorio doutro estado membro da Unión Europea se están realizando ou se realizaron actos contrarios ó disposto nos artigos 81, 82 e 83 ter ou a súa normativa de desenvolvemento, notificarallo detalladamente á autoridade competente deste estado, co fin de que se tomen as medidas oportunas. Cando esta solicitude sexa efectuada á Comisión Nacional do Mercado de Valores pola autoridade competente doutro estado membro, a Comisión Nacional comunicarlle á autoridade competente notificante o resultado e, na medida do posible, os progresos significativos intermedios. A Comisión Nacional do Mercado de Valores consultará coas autoridades competentes dos estados membros implicados as medidas de seguimento a estas actuacións.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, en relación coas materias reguladas nos artigos 81, 82 e 83 ter ou a súa normativa de desenvolvemento, poderalles pedir ás autoridades competentes doutros estados membros que realicen unha investigación no territorio destes. Tamén poderá solicitar que se permita que membros do seu persoal acompañen o persoal da autoridade competente dese outro estado membro no transcurso da investigación.

As autoridades competentes doutros estados membros tamén poderán solicitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a realización de investigacións en relación coas materias sinaladas anteriormente e nas mesmas condicións.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá negarse a dar curso ás solicitudes de investigación ás que se refire este número, ou a que o seu persoal estea acompañado do persoal da autoridade competente doutro estado membro, cando isto poida ir en prexuízo da soberanía, a seguridade ou a orde pública, ou cando se incoase un procedemento xudicial polos mesmos feitos e contra as mesmas persoas ante as autoridades españolas, ou cando sobre aqueles recaese unha sentenza firme dun xuíz ou tribunal español polos mesmos feitos. Neste caso, notificaráselle debidamente á autoridade competente que formulou o requirimento, facilitándolle información o máis detallada posible sobre este procedemento ou sentenza.

Tódalas solicitudes de información e de asistencia que realicen ou reciban ó abeiro do disposto neste número as comunidades autónomas con competencia na materia tramitaranse a través da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración con outros organismos e autoridades estranxeiras en relación co resto de materias reguladas nesta lei.

3. O acceso das Cortes Xerais á información sometida ó deber de segredo realizarase a través do presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co previsto nos regulamentos parlamentarios. Para tal efecto, o presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar motivadamente dos órganos competentes da Cámara a realización de sesión secreta ou a aplicación do procedemento establecido para o acceso ás materias clasificadas.»

#### **Artigo 4.** *Creación e réxime de funcionamento de sistemas organizados de negociación.*

Modifícase o número 4 do artigo 31 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a telo seguinte contido:

«4. Sen prexuízo do que poidan establecerse as leis especiais, a creación de calquera mercado ou sistema organizado de negociación de valores e outros instrumentos financeiros que non teñan a consideración de mercado oficial, deberá ser autorizada, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, polo Goberno ou, no caso de mercados de ámbito autonómico, pola comunidade autónoma con competencias na materia. Será causa de revogación da autorización o incumprimento das condicións que, de se-lo caso, se impoñan na autorización.

Nos devanditos mercados e sistemas existirá unha sociedade rectora que terá a forma de sociedade anónima coas funcións básicas de organización, supervisión e subministración da información do mercado ou sistema de negociación, así como a aprobación do regulamento de funcionamento do mercado ou sistema de negociación correspondente. Estas sociedades rectoras non poderán comprar nin vender para si os valores ofertados ou demandados no mercado ou sistema de negociación, salvo nos supostos en que estas sociedades se organicen e actúen como contrapartida central.

O regulamento de funcionamento do mercado ou sistema de negociación e os estatutos sociais da sociedade rectora, así como a súa modificación, requirirán a aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O réxime de supervisión e sanción aplicable a estas institucións e ós seus responsables será o establecido no título VIII desta lei.

O Goberno, mediante real decreto, poderá desenvolver as normas precisas para a aplicación deste precepto e, de se-lo caso, determinará o procedemento e os requisitos de autorización dos mercados e sistemas de negociación; as funcións e a organización mínima con que deben conta as sociedades rectoras; as condicións xerais de honorabilidade e solvencia técnica e económica que deban acreditarlos que pretendan ser membros das sociedades rectoras; os valores obxecto de negociación; o réxime de publicidade dos prezos e volumes ofertados ou contratados; o réxime de garantías e o contido mínimo do regulamento de funcionamento do mercado ou sistema de negociación.»

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> FOMENTO DA EFICIENCIA NO MERCADO DO CRÉDITO

#### **Artigo 5.** *Flexibilización do réxime aplicable ás cooperativas de crédito.*

Primeiro. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 39 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, que queda como segue:

«2. Non serán consideradas como tales, mesmo cando utilicen esa denominación e non fosen previamente descalificadas, aquelas cooperativas de crédito que fosen sancionadas pola comisión de infraccións cualificadas de graves ou moi graves

na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, ou incorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 desta lei, con excepción das recollidas nos seus números 6, 9, 10 e 13 que, para efectos da súa aplicación ás cooperativas de crédito, quedan substituídas polas seguintes:

a) Cando os retornos lles fosen acreditados ós socios en proporción distinta ás operacións realizadas coa cooperativa ou fosen distribuídos a terceiros non socios. Se existisen socios de traballo non se perderá a condición de protexida cando os retornos que se lles acrediten sexan proporcionais ós anticipos laborais percibidos durante o exercicio económico.

b) A participación da cooperativa, en contía superior ó 25 por cento, no capital social de entidades non cooperativas. Non obstante, esta participación poderá ser superior, cando se trate de entidades que realicen actividades preparatorias, complementarias ou subordinadas ás da propia cooperativa.

O conxunto destas participacións non poderá supera-lo 50 por cento dos recursos propios da cooperativa.

O ministro de Economía poderá autorizar participacións superiores, sen perda da condición de cooperativa fiscalmente protexida, naqueles casos en que se xustifique que tal participación coaduxa ó mellor cumprimento dos fins cooperativos e non supón unha vulneración dos principios fundamentais de actuación destas entidades.

c) A realización de operacións activas con terceiros non socios en contía superior no exercicio económico ó 50 por cento dos recursos totais da cooperativa.

Non se computarán na referida porcentaxe as operacións realizadas polas cooperativas de crédito cos socios das cooperativas asociadas, as de colocación dos excesos de tesourería no mercado interbancario, nin a adquisición de valores e activos financeiros de renda fixa para a cobertura dos coeficientes legais ou para a colocación dos excesos de tesourería.

d) A redución do capital social a unha cantidade inferior ó mínimo obrigatorio que o Goberno determine sen que se restableza no prazo regulamentario ou a realización pola cooperativa de operacións ou servizos fóra do seu ámbito estatutario sen ter realizado previamente a necesaria ampliación de capital e a preceptiva reforma do estatuto.»

Segundo. Dáselle unha nova redacción ó número 3 do artigo 53 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, do seguinte teor:

«3. Para as cooperativas de crédito e seguros o establecido no presente artigo só será de aplicación cando a súa normativa reguladora así o estableza expresamente, podendo captar recursos co carácter de subordinados logo de acordo do consello rector, calquera que fose a súa instrumentación e sempre que tal posibilidade estea expresamente prevista nos estatutos.»

#### **Artigo 6. Xestión da tesourería do Estado.**

Primeiro. Introdúcese un artigo 118 bis no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real

decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, co seguinte teor literal:

«Artigo 118 bis.

Co obxecto de facilita-la xestión da tesourería do Estado, o ministro de Economía poderá autoriza-la Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar operacións de adquisición temporal de activos ou de préstamo. Nesta autorización concretaranse as condicións en que se poderán efectuar tales operacións.

As operacións de adquisición temporal de activos poderán ter por obxecto valores de Débeda Pública de calquera estado membro da Unión Europea, así como doutras entidades públicas ou institucións supranacionais ou outros valores de renda fixa de semellante calidade crediticia, negociados en mercados regulados.»

Segundo. Incorpórase un artigo 118 ter no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, co seguinte contido:

«Artigo 118 ter.

Os activos a que se refire o artigo anterior, que fosen obxecto de garantía a favor do Banco de España, segundo o previsto na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, poderán ser aplicados temporalmente polos seus titulares en cobertura das operacións de xestión de tesourería da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Estado, instrumentadas a través do Banco de España, nos termos que o ministro de Economía estableza e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o titular dos activos outorgue o seu consentimento, o cal poderá prestarse no contrato ou documento de garantía formalizado co Banco de España.

b) Que existan activos de garantía dispoñibles, unha vez garantidas adecuadamente as obrigas fronte ó Banco de España e á satisfacción deste.

Os activos citados quedarán suxeitos ó cumprimento das obrigas fronte ó Tesouro, tendo esta garantía plenos efectos fronte a terceiros, sen máis formalidade que a de que o Banco de España identifique adecuadamente os activos de garantía afectos ó cumprimento de cada unha destas obrigas, realizando o correspondente desagregamento. Este desagregamento deberá ser mantido mentres a operación de que se trate non chegase ó seu termo. Unha vez satisfeitas tales obrigas, os activos quedarán de novo afectos en garantía fronte ó Banco de España.

En caso de incumprimento das obrigas contraídas fronte ó Tesouro Público, a execución das garantías aplicadas temporalmente realizaraa o Banco de España actuando por conta do primeiro, a través dos procedementos previstos no número 2 b) da disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Para estes efectos, a certificación prevista no primeiro parágrafo desta letra deberá ser expedida polo Tesouro, debendo xuntarse igualmente unha certificación do Banco de España acreditativa da afectación temporal dos activos de garantía que sexan obxecto de execución.»

c  
**Artigo 7.** *Réxime xurídico das garantías constituídas a favor do Banco Central Europeo, do Banco de España ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea.*

Incorpórase a seguinte disposición adicional sexta á Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España:

«Disposición adicional sexta. *Réxime xurídico aplicable ás garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, no exercicio das súas funcións.*

1. Para efectos do previsto nesta disposición entenderase por garantía calquera depósito, peñor, operación simultánea, compravenda con pacto de recompra, afección, dereito de retención ou calquera outro negocio xurídico, que recaia sobre calquera activo realizable, incluído o diñeiro en efectivo, e que teña por finalidade asegura-los dereitos e as obrigas derivados de calquera operación presente ou futura, concluída co Banco de España, o Banco Central Europeo ou outro banco central nacional da Unión Europea.

2. A estas garantías seralles de aplicación o seguinte réxime xurídico:

a) A súa constitución non requirirá para a súa plena validez e eficacia fronte a terceiros a intervención de notario nin ningún outro requisito formal, salvo que a constitución deberá constar por escrito e ser inscrita no rexistro correspondente pola entidade encargada. No suposto de valores representados mediante títulos físicos, será necesaria, ademais, a súa entrega ó beneficiario da garantía ou a un terceiro establecido por común acordo entre as partes.

A formalización da correspondente obriga principal tampouco requirirá para a súa plena validez e eficacia fronte a terceiros a intervención de notario nin o cumprimento de ningún outro requisito formal.

A formalización das operacións simultáneas ou de compravenda con pacto de recompra rexeranse pola súa normativa específica.

b) Para a súa execución abundará coa certificación expedida polo Banco de España, o Banco Central Europeo ou o banco central nacional da Unión Europea que corresponda, acreditativa da contía dos importes vencidos, líquidos e esixibles que se executan, xunto con copia do documento de constitución da garantía.

Nesta certificación deberase facer constar que a liquidación se practicou de conformidade co acordo, pacto ou norma de que deriva a obriga de que se trate.

Cando o obxecto da garantía estea constituído por activos negociables nun mercado organizado, a súa execución farase a través do organismo rector correspondente. Nos demais casos, realizarase mediante poxa organizada polo Banco de España. En todo caso, o sobranante que resulte unha vez satisfeita a débeda correspondente, reintegraráselle á entidade que achegase os citados activos de garantía.

Nas operacións simultáneas ou de compravenda con pacto de recompra, en caso de incumprimento de calquera das partes da operación, aplicarase o establecido pola disposición adicional duodécima da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e a súa normativa de desenvolvemento.

c) Cando o obxecto da garantía consista en peñor sobre depósitos en diñeiro, a entidade depositaria do efectivo deberá anotar na correspondente conta o saldo peñorado, unha vez que teña constancia do consentimento do titular desta conta e da entidade a prol da cal esta se constitúe.

O peñor constituído conforme o disposto neste número será plenamente válido e producirá plenos efectos contra terceiros desde a data da anotación á que se refire o parágrafo anterior, sen necesidade de ningunha outra formalidade. Este peñor executarase por compensación, quedando á disposición do titular da conta os fondos sobranantes, se os houber, unha vez satisfeita a débeda.

A partir da anotación prevista no primeiro parágrafo deste punto c), as cantidades ingresadas na conta da que o saldo permanece peñorado, quedarán polo mero feito do seu ingreso afectas de maneira irrevogable e sen ningunha limitación ó cumprimento íntegro das obrigas garantidas. Igualmente, a partir do momento da anotación do peñor, o titular da conta non poderá retirar fondos depositados nela, sen o consentimento previo do beneficiario da garantía.

d) En supostos de quebra ou suspensión de pagamentos, as operacións garantidas conforme o disposto nesta disposición gozarán dos mesmos privilexios que o artigo 1.926 do Código civil lles confire ós créditos pignoratícios.

As garantías constituídas de acordo coas normas desta disposición non serán susceptibles de embargo, traba, gravame nin de ningunha outra restricción ou retención de calquera natureza tanto legal como convencional, desde o momento da súa constitución.

Nin a constitución, aceptación ou execución das garantías ás que se refire a presente disposición, nin o saldo das contas ou rexistros en que se materialicen, nin a formalización das obrigas garantidas, serán impugnables no caso de medidas de carácter retroactivo, vinculadas ós citados procedementos concursais.

3. As partes poderán pactar que no caso de variacións no prezo dos activos obxecto da garantía, deberán achegarse novos activos, incluído o efectivo, para restablece-lo equilibrio entre o valor da obriga garantida e o valor das garantías constituídas para asegurala. En tal caso, estes activos terán a consideración de parte integrante da garantía, séndolles de aplicación todo o disposto na presente disposición.

4. A afección de préstamos ou créditos non hipotecarios como garantía a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo, ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, para aseguralo cumprimento das obrigas presentes ou futuras, contraídas fronte a eles por operacións concluídas no exercicio das súas funcións, rexerase, ademais de polo disposto no número un, nos parágrafos a), b) e d) do número dous e no número tres da presente disposición, polas seguintes normas:

a) Os préstamos e créditos serán susceptibles de afección calquera que sexan os requisitos formais ou materiais que as partes pactasen respecto da súa cesión ou gravame. A afección referirase unicamente, salvo pacto en contrario, ó dereito de crédito dimanante do correspondente contrato. En ningún caso o beneficiario da garantía asumirá a obriga de poñer fondos á disposición dos acreditados.

b) Esta afección poderá formalizarse en modo oficial aprobado para tal efecto polo Banco de

España, que producirá tódolos seus efectos fronte a terceiros desde a súa inscrición no rexistro que para tal fin estableza o Banco de España. O documento deberá ser igualmente inscrito no Rexistro de Bens Mobles, regulado no artigo 15 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles. Os documentos así inscritos serán título suficiente para a súa execución. De non se lle entregar ó beneficiario da garantía o documento orixinal do préstamo ou crédito afecto, farase constar nel a referencia desta inscrición.

c) Os froitos dos préstamos ou créditos afectos corresponderanlle, salvo pacto en contrario, á entidade de crédito que achega a garantía.

d) En caso de incumprimento das obrigas garantidas, o beneficiario da garantía adquirirá a plena titularidade do dereito ó cobro da parte do préstamo ou crédito afecto. Non obstante, poderase tamén executa-la garantía mediante poxa organizada polo Banco de España, segundo o procedemento que este estableza.»

### **Artigo 8. Reforma do réxime xurídico das caixas de aforros.**

Primeiro. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 1 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, co seguinte contido:

«Os compoñentes de tales órganos exercerán as súas funcións en beneficio exclusivo dos intereses da caixa a que pertencen e do cumprimento da súa función social, debendo reunir, sen prexuízo do disposto no artigo 8, os requisitos de honorabilidade comercial e profesional que determinen as normas de desenvolvemento desta lei. En calquera caso, entenderase que concorre honorabilidade comercial e profesional naqueles que viñesen observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou outras que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como as boas prácticas comerciais e financeiras.»

Segundo. Modifícase a redacción dos números 1, parágrafos a), b), c) e d), e 3 do artigo 2 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, co seguinte contido:

«1. A representación dos intereses colectivos na asemblea xeral levarase a efecto mediante a participación, polo menos, dos grupos seguintes:

a) As corporacións municipais no termo das cales teña aberta oficina a entidade.

b) Os depositantes da caixa de aforros.

c) As persoas ou entidades fundadoras das caixas. As persoas ou entidades fundadoras das caixas poderán asignar unha parte da súa representación a corporacións locais que, pola súa vez, non sexan fundadoras doutras caixas de aforros no seu ámbito de actuación.

d) Os empregados das caixas de aforros.»

«3. A representación das administracións públicas e entidades e corporacións de dereito público nos seus órganos de goberno, incluída a que corresponda á entidade fundadora cando esta teña a mesma natureza, non poderá superar no seu conxunto o 50 por cento do total dos dereitos de voto en cada un de tales órganos, tendo que estar representadas tódalas entidades e corporacións.

Para os efectos da súa representación nos órganos rectores das caixas de aforro, a porcentaxe

de representación asignada ó grupo de depositantes oscilará entre un mínimo do 25 por cento e un máximo do 50 por cento do total dos dereitos de voto en cada un dos órganos de goberno.

A porcentaxe de representación do grupo de empregados oscilará entre un mínimo dun 5 por cento e un máximo dun 15 por cento dos dereitos de voto en cada órgano.»

Terceiro. Modifícase o artigo 4 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«Artigo 4.

Os conselleiros xerais, en representación do grupo dos depositantes da caixa de aforros, serán elixidos por compromisarios de entre eles.

Para a elección de compromisarios, os que se integren no grupo dos depositantes relacionaranse en lista única ou en listas únicas por circunscricións, provincias, comarcas ou distritos de grandes capitais, non podendo figurar máis que unha soa vez, con independencia do número de contas das que puidesen ser titulares. No suposto de que elaboren listas únicas por circunscricións, provincias, comarcas ou distritos de grandes capitais, deberase respecta-la proporcionalidade estricta entre o número de depositantes e o de compromisarios. A elección efectuarase ante notario, mediante sorteo público.»

Cuarto. Modifícase o artigo 7 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 7.

Os conselleiros xerais deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ser persoa física, con residencia habitual na rexión ou zona de actividade da caixa.

b) Ser maior de idade e non estar incapacitado.

c) Te-la condición de depositante da caixa de aforros a que se refira a designación, cunha antigüidade superior a dous anos no momento da elección, así como, indistintamente, un movemento ou un saldo medio en contas non inferior ó que se determine nas normas que desenvolvan esta lei, ó tempo de formula-la aceptación do cargo, no caso de ser elixido en representación do grupo dos depositantes.

d) Estar ó día no cumprimento das obrigas que contraesen coa caixa de aforros por si mesmos ou en representación doutras persoas ou entidades.

e) Non estar incurso nas incompatibilidades reguladas no artigo 8.»

Quinto. Modifícase o número un do artigo 9 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«Artigo 9.

Un. Os conselleiros xerais serán nomeados por un período que será o sinalado nos estatutos, sen que poida ser inferior a catro anos nin superior a seis. Non obstante, os estatutos, de conformidade co disposto na normativa de desenvolvemento desta lei, poderán preve-la posibilidade de reelección por outro período igual, se continuasen cumprindo os requisitos establecidos no artigo 7 e de acordo co sinalado no número tres. O cómputo do período de reelección será aplicado mesmo cando entre

c

o cesamento e o novo nomeamento transcorresen varios anos.

A duración do mandato non poderá supera-los doce anos, sexa cal sexa a representación que desempeñe. Cumprido o mandato de doce anos de forma continuada ou interrompida, e transcorridos oito anos desde esta data, poderá volver ser elixido nas condicións establecidas nesta lei.»

Sexto. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 10 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«Mentres non se cumprise o prazo para o que foron designados, e fóra dos casos de renuncia, defunción ou declaración de falecemento ou ausencia legal, o nomeamento dos conselleiros será irrevogable salvo, exclusivamente, nos supostos de incompatibilidade sobrevida, perda de calquera dos requisitos esixidos para a designación e acordo de separación adoptado pola asemblea xeral se se apreciase xusta causa.

Entenderase que existe xusta causa cando o conselleiro xeral incumpra os deberes inherentes ó seu cargo, ou prexudica coa súa actuación, pública ou privada, o prestixio, bo nome ou actividade da caixa.»

Sétimo. Modifícase o número un do artigo 11 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasará a te-la seguinte redacción:

«Un. O nomeamento dos vocais do consello de administración e dos membros da comisión de control da súa competencia, así como a adopción dos acordos de separación do cargo que correspondan de conformidade co establecido no artigo 18.»

Oitavo. Modifícase o parágrafo b) do artigo 14 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«b) O nomeamento dos membros representantes dos depositantes efectuarao a asemblea xeral e de entre eles.

Non obstante, poderase designar ata un máximo de dúas persoas que reúnan os adecuados requisitos de profesionalidade e non sexan conselleiros xerais.»

Noveno. Modifícase o artigo 15 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 15.

Os vocais do consello de administración deberán reuni-los mesmos requisitos que se establecen no artigo 7 respecto dos conselleiros xerais, e ser menores de setenta anos no momento da toma de posesión, salvo que a lexislación de desenvolvemento desta lei estableza un límite de idade distinto.

Os vocais do consello de administración con funcións executivas deberán posuír, ademais, os coñecementos e a experiencia suficientes para o exercicio das súas funcións.»

Décimo. Modifícase o número 1 do artigo 17 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas

básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«1. A duración do exercicio do cargo de vocal do consello de administración será a sinalada nos estatutos, sen que poida ser inferior a catro anos nin superior a seis. Non obstante, os estatutos poderán preve-la posibilidade de reelección, de conformidade co disposto na normativa de desenvolvemento desta lei, sempre que se cumpran as mesmas condicións, requisitos e trámites que no nomeamento.

O cómputo deste período de reelección será aplicado mesmo cando entre o cesamento e o novo nomeamento transcorresen varios anos.

A duración do mandato non poderá supera-los doce anos, sexa cal sexa a representación que teña.

Cumprido o mandato de doce anos de forma continuada ou interrompida, e transcorridos oito anos desde esta data, poderá volver ser elixido nas condicións establecidas nesta lei.»

Undécimo. Modifícase o artigo 18 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Artigo 18.

O nomeamento dos vocais do consello de administración será irrevogable, e serán de aplicación as mesmas excepcións que as previstas para os conselleiros xerais no artigo 10 desta lei.»

Duodécimo. Modifícase o artigo 19 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros que, co carácter de disposición básica, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 19.

1. O consello de administración será o representante da entidade para tódolos asuntos pertencentes ó xiro e tráfico desta, así como para os litixiosos.

O exercicio das súas facultades rexerese polo establecido nos estatutos e nos acordos da asemblea xeral.

2. O consello de administración poderá delegar algunha ou algunhas das súas facultades de xestión nos órganos de goberno das entidades que constitúan e articulen alianzas entre caixas de aforros ou os creados para o efecto no seo da Confederación Española de Caixas de Aforros, coa finalidade de reduci-los custos operativos das entidades que a integren, para aumenta-la súa eficiencia sen poñer en perigo a competencia nos mercados nacionais ou para participar con volume suficiente nos mercados internacionais de capital. Esta delegación manterase en vigor durante o período da alianza ou mentres as entidades non acorden a súa modificación mediante o procedemento que previamente establecesen para o efecto. Esta delegación non se estenderá ó deber de vixilancia das actividades delegadas nin ás facultades que respecto a estas teña a comisión de control.»

Décimo terceiro. O número 1 do artigo 22 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, pasa a te-lo seguinte contido:

«1. Os membros da comisión de control serán elixidos pola asemblea xeral entre os conselleiros xerais que non teñan a condición de vocais do con-

sello de administración, debendo existir nela representantes dos mesmos grupos ou sectores que compoñan a asemblea xeral, en idéntica proporción.

A presentación de candidaturas efectuarase conforme o disposto para os vocais do consello de administración.»

Décimo cuarto. Engádeselle un novo número cinco ó artigo 31 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Cinco. Sen prexuízo do establecido neste título, as caixas de aforros poderán establecer, mediante resolución do seu consello de administración, acordos de colaboración ou cooperación e alianzas con outras caixas de aforros.»

Décimo quinto. Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Segunda. No caso de caixas de aforros con estatutos que recollan como entidade fundadora á Igrexa Católica, o nomeamento, idoneidade e duración do mandato dos representantes dos distintos grupos nos órganos de goberno rexerese polos estatutos vixentes a 1 de novembro de 2002, debendo respecta-lo principio de representatividade de tódolos grupos.

En todo caso, considerando o ámbito do Acordo internacional do 3 de xaneiro de 1979 sobre asuntos xurídicos e os principios que recolle o seu artigo quinto, e sen prexuízo das relacións que correspondan coas comunidades autónomas respecto ás actividades desenvolvidas nos seus territorios, a aprobación de estatutos, dos regulamentos que regulen a designación de membros dos órganos de goberno e do orzamento anual da obra social das caixas de aforros das que a entidade fundadora directa segundo os citados estatutos sexa a Igrexa Católica ou as súas entidades de dereito público, serán competencia do Ministerio de Economía, cando así o acredite a caixa interesada ante o referido ministerio.»

Décimo sexto. Engádesse a seguinte disposición adicional quinta na Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros:

«Quinta. Cando se produza unha fusión entre caixas de aforros que teñan as súas sedes sociais situadas en diferentes comunidades autónomas, a autorización para ela deberán acordala conxuntamente os gobernos das comunidades autónomas afectadas.

No acto que autorice a fusión determinarase a proporción que lles corresponderá ás administracións públicas e entidades e corporacións de dereito público de cada comunidade nos órganos de goberno da caixa de aforros resultante.»

Décimo sétimo. Modifícase o número 3 da disposición derradeira cuarta da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que pasa a te-lo seguinte contido:

«3. Non terán o carácter de norma básica os preceptos desta lei que a continuación se relacionan:

- O artigo 2.2, parágrafo 1;
- O artigo 4;
- O artigo 6.1;

O artigo 9.2, en canto impón a renovación por metades da asemblea xeral;

O artigo 12.1, agás os parágrafos 1 e 4;

O artigo 13.2, no que se refire ó número mínimo e máximo de vocais do consello de administración, e o 13.3;

O artigo 14, en canto establece o mecanismo relativo á forma e ós requisitos de provisión de vocais do consello de administración;

O último parágrafo do artigo 20.2;

O parágrafo segundo do artigo 26, no que se refire á idade de xubilación do director xeral;

Os artigos 31.3 e 31.4;

A disposición transitoria cuarta;

A disposición transitoria quinta.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> FOMENTO DA EFICIENCIA NO MERCADO DE SEGUROS

#### **Artigo 9.** *Réxime do intercambio de información con países terceiros pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

Engádeselle un novo número 5 ó artigo 75 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, co seguinte contido:

«5. Os acordos de cooperación nos que se prevea o intercambio de información coas autoridades competentes para a ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e demais entidades financeiras ou con outras autoridades ou órganos de países terceiros, requirirán que a información subministrada quede protexida por garantías de segredo profesional polo menos equivalentes ás recollidas no número 1 deste artigo, e que o intercambio de información teña por obxecto o cumprimento dos labores de ordenación e supervisión destas autoridades.

Cando a información teña a súa orixe noutro estado membro do Espacio Económico Europeo, non poderá ser revelada sen a conformidade expresa das autoridades competentes que a facilitasen e, de se-lo caso, unicamente coa finalidade para a que estas autoridades desen a súa conformidade.»

#### **Artigo 10.** *Supresión do organismo autónomo «Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras».*

Primeiro. Suprímese o organismo autónomo «Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras». As súas funcións, patrimonio e persoal serán asumidos a partir da entrada en vigor desta lei pola entidade pública empresarial «Consortio de Compensación de Seguros».

Segundo. Tódalas referencias á Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras contidas na lexislación vixente entenderanse feitas ó Consortio de Compensación de Seguros.

#### **Artigo 11.** *Reforma do réxime xurídico do Consortio de Compensación de Seguros.*

Primeiro. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados:

Un. O parágrafo b) do artigo 27.2 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«b) Designar liquidadores ou encomendarlle a liquidación ó Consortio de Compensación de Seguros nos supostos enumerados no artigo 13 bis do seu estatuto legal, contido no artigo cuarto da Lei

c

21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados.»

Dous. O parágrafo b) do artigo 27.3 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«b) Cando a entidade non procedese ó nomeamento de liquidadores antes dos quince días seguintes á disolución, ou cando o nomeamento dentro dese prazo o fose sen cumprilos requisitos legais e estatutarios, o ministro de Economía poderá designar liquidadores ou encomendarlle a liquidación ó Consorcio de Compensación de Seguros.»

Tres. O parágrafo e) do artigo 27.3 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«e) Cando os liquidadores incumpran as normas que para a protección dos asegurados se establecen nesta lei ou as que rexen a liquidación, a dificulten, ou esta se atrase, o ministro de Economía poderá acorda-lo seu cesamento e designar novos liquidadores ou encomendarlle a liquidación ó Consorcio de Compensación de Seguros.»

Catro. O artigo 28.1 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, queda redactado da seguinte maneira:

«1. Nos supostos de declaración xudicial de quebra ou suspensión de pagamentos de entidades aseguradoras, o Consorcio de Compensación de Seguros, ademais de asumir as funcións que lle atribúen os números 2 e 3 do artigo 13 bis do seu estatuto legal, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, procederá, de se-lo caso, a liquidalo importe dos bens a que se refire o artigo 59 da lei, para o único efecto de distribuílo entre os asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados; isto sen prexuízo do dereito destes no procedemento de quebra ou suspensión de pagamentos.»

Cinco. O número 5 do artigo 36 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«5. Nos supostos en que lle corresponda ó Consorcio de Compensación de Seguros indemnizar conforme os parágrafos c) a f) do número 1 do artigo 8 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, así como en calquera outro suposto en que a lexislación vixente determine a responsabilidade subsidiaria do Consorcio de Compensación de Seguros por acharse a correspondente entidade aseguradora suxeita a un procedemento concursal, intervida na súa liquidación ou térselle encomendado esta liquidación ó propio Consorcio, o disposto no número 1 deste artigo, en canto ós créditos de terceiros prexudicados, aplicarase unicamente á parte destes créditos que exceda daquela

que lle corresponda aboar ó Consorcio. O disposto nos números 2 e 3 acerca dos créditos dos traballadores afectará unicamente á parte destes créditos que exceda daquela que lle corresponde aboar ó Fondo de Garantía Salarial.»

Seis. O parágrafo c) do artigo 75.3 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, queda redactado da seguinte maneira:

«c) O Consorcio de Compensación de Seguros na súa función de liquidador de entidades aseguradoras.»

Sete. O artigo 82.1 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os contratos de seguro subscritos en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos que cubran riscos localizados ou asuman compromisos en España, estarán suxeitos ás recargas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros para cubri-las necesidades deste no exercicio das súas funcións de compensación de perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España, de fondo de garantía no seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e de liquidador de entidades aseguradoras, así como ás demais recargas e tributos legalmente esixibles nas mesmas condicións que os contratos subscritos con entidades aseguradoras españolas.»

Segundo. Modifícase o parágrafo e) do número 1 do artigo 8 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo.

«e) Indemniza-los danos ás persoas e nos bens cando a entidade española aseguradora do vehículo con estacionamento habitual en España fose declarada en quebra, suspensión de pagamentos ou, tendo sido disolta e encontrándose en situación de insolvencia, estivese suxeita a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida polo propio Consorcio de Compensación de Seguros.»

Terceiro. Introdúcense as seguintes modificacións no estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados:

Un. Introdúcese un novo número 4 no artigo 3 do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, coa seguinte redacción:

«4. Corresponderalle ó Consorcio de Compensación de Seguros levar a cabo a liquidación das entidades aseguradoras que lle sexa encomendada nos supostos previstos neste estatuto e na lexislación sobre ordenación e supervisión dos seguros privados, así como o exercicio das funcións que no seo dos procedementos concursais a que poidan verse sometidas as mesmas entidades se lle atribúen nestas normas.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 4 do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros,



contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. O Consorcio de Compensación de Seguros será rexido e administrado por un consello de administración composto polo presidente do Consorcio de Compensación de Seguros e un máximo de dezaioito vocais.»

Tres. Introdúcese un novo parágrafo i) no artigo 5.1 do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, coa seguinte redacción:

«i) O exercicio das funcións previstas no artigo 13 bis do presente estatuto legal, que poderán ser delegadas na forma que se prevexa no Estatuto Orgánico do Consorcio de Compensación de Seguros, logo de autorización do director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Catro. Modifícase o artigo 6 do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *En relación cos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros, en materia de riscos extraordinarios, terá por obxecto indemnizar, na forma establecida neste Estatuto Legal, en réxime de compensación, as perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España e que afecten a riscos situados nela.

Para estes efectos, serán perdas os danos directos nas persoas e nos bens, así como, nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinen, a perda de beneficios consecuencia deles. Entenderase, igualmente nos termos que regulamentariamente se determinen, por acontecementos extraordinarios:

a) Os seguintes fenómenos da natureza: terremotos e maremotos, as inundacións extraordinarias, as erupcións volcánicas, a tempestade ciclónica atípica e as caídas de corpos siderais e aerólitos.

b) Os ocasionados violentamente como consecuencia de terrorismo, rebelión, sedición, motín e tumulto popular.

c) Feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das Forzas e Corpos de Seguridade en tempo de paz.

Para efectos exclusivamente da cobertura do Consorcio, entenderase por riscos situados en España os que afecten a:

a) Os vehículos con matrícula española.

b) Os bens inmoables situados no territorio nacional.

c) Os bens mobles que se atopen nun inmovible situado en España, estean ou non cubertos pola mesma póliza de seguro, con excepción daqueles que se encontren en tránsito comercial.

d) Nos demais casos, cando o tomador do seguro teña a súa residencia habitual en España.

2. Non serán indemnizables polo Consorcio de Compensación de Seguros os danos ou sinistros seguintes:

a) Os que non dean lugar a indemnización segundo a Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

b) Os ocasionados en persoas ou bens asegurados por contrato de seguro distinto a aqueles en que é obrigatoria a recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.

c) Os debidos a vicio ou defecto propio da cousa asegurada.

d) Os producidos por conflitos armados, aínda que non precedese a declaración oficial de guerra.

e) Os que pola súa magnitude e gravidade sexan cualificados polo Goberno da Nación como "catástrofe ou calamidade nacional".

f) Os derivados da enerxía nuclear.

g) Os debidos á mera acción do tempo ou os axentes atmosféricos distintos ós fenómenos da natureza sinalados no número 1 deste artigo.

h) Os causados por actuacións producidas no curso de reunións e manifestacións levadas a cabo conforme o disposto na Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, así como durante o transcurso de folgas legais, salvo que as citadas actuacións puidesen ser cualificadas como acontecementos extraordinarios conforme o número 1 deste artigo.

i) Os indirectos ou perdas de calquera clase derivados de danos directos ou indirectos, distintos da perda de beneficios que se delimite regulamentariamente.»

Cinco. Modifícase o artigo 7 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7. *Ramos de seguro con recarga obrigatoria a favor do Consorcio para o exercicio das súas funcións en acontecementos extraordinarios.*

Para o cumprimento polo Consorcio de Compensación de Seguros das súas funcións en materia de compensación de perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España, é obrigatoria a recarga no seu favor nos ramos de: accidentes, vehículos terrestres, vehículos ferroviarios, incendio e elementos naturais, outros danos ós bens e perdas pecuniarias diversas, así como modalidades combinadas destes, ou cando se contraten de forma complementaria.

Enténdense incluídas, en todo caso, as pólizas que cubran o risco de accidentes amparados nun plan de pensións formulado conforme a Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación de plans e fondos de pensións, así como as pólizas que cubran danos ás instalacións nucleares.

Quedan excluídas, en todo caso, as pólizas que cubran producións agropecuarias susceptibles de aseguramento a través do sistema dos seguros agrarios combinados, por estaren recollidas nos

c

plans que anualmente aproba o Goberno, así como as pólizas que cubran os riscos derivados do transporte de mercadorías, da construción e montaxe, e calquera outra póliza de ramos de seguros distintos ós enumerados no parágrafo primeiro.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 11 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, que pasa a te-la seguinte redacción:

«2. Non obstante o disposto no número anterior, o Consorcio de Compensación de Seguros poderá asumir-la cobertura da responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor, superando os límites do seguro obrigatorio, respecto dos vehículos asegurados descritos no número 1 precedente. Para os supostos previstos no parágrafo b), esixiranse os mesmos requisitos que regulamentariamente se establezan en relación co seguro obrigatorio.»

Sete. Engádese un novo artigo 13 bis no Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, co texto que se sinala a continuación:

«13 bis. En relación coa liquidación de entidades aseguradoras.

1. O Consorcio de Compensación de Seguros asumirá a condición de liquidador das entidades aseguradoras enumeradas no artigo 7.1 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, suxeitas á competencia de execución do Estado ou das comunidades autónomas, cando lle encomende a súa liquidación o ministro de Economía ou o órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

Poderalle ser encomendada a liquidación nos seguintes supostos:

a) Simultaneamente á disolución da entidade aseguradora se se procedese a ela administrativamente.

b) Se, disolta unha entidade, esta non procedese ó nomeamento dos liquidadores antes dos quince días seguintes á disolución, ou cando o nomeamento dentro dese prazo o fose sen cumprir os requisitos legais e estatutarios.

c) Cando os liquidadores incumpran as normas que para a protección dos asegurados se establecen nesta lei, as que rexen a liquidación ou a dificulten. Tamén cando, por se atrasa-la liquidación ou por concorreren circunstancias que así o aconsellen, a Administración entenda que a liquidación se lle debe encomendar ó Consorcio. No caso de que a liquidación sexa intervida, a encomenda ó Consorcio acordarase logo de informe do interventor.

d) Mediante aceptación da petición da propia entidade aseguradora, se se apreciase causa xustificada.

2. Correspóndelle a condición e funcións de interventor único nas suspensións de pagamentos con declaración solicitada por unha entidade aseguradora. Ademais, se o xulgado acorda toma-la medida precautoria e de seguridade de suspensión e substitución dos órganos de administración da

entidade aseguradora suspensa, o administrador único substituto será o propio Consorcio de Compensación de Seguros.

3. Asume, nos procesos de quebra voluntaria ou necesaria a que estean sometidas as entidades aseguradoras, a condición e funcións do depositario, comisario e único síndico.

4. De se-lo caso, leva a efecto a liquidación separada dos bens afectos a prohibición de dispor nos supostos do artigo 28.1 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.»

Oito. O número 1 do artigo 18 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, queda redactado da seguinte maneira:

«1. Son recargas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros: a recarga no seguro de riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens, a recarga no seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor, a recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, a recarga no seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador e a recarga no seguro obrigatorio de viaxeiros. Estas recargas, que lle corresponden ó Consorcio nas súas funcións de liquidación de entidades aseguradoras, compensación e fondo de garantía, teñen o carácter de ingresos de dereito público esixibles pola vía administrativa de constrinximento cando non fosen ingresados polas entidades aseguradoras no prazo fixado no número 3 subseguinte, sendo para tal efecto título executivo a certificación de descuberto expedida polo director xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por proposta do Consorcio de Compensación de Seguros.»

Nove. O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 18 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, queda redactado da seguinte maneira:

«2. Tódalas recargas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros serán recadadas obrigatoriamente polas entidades aseguradoras xuntamente coas súas primas. No caso de fraccionamento destas, as entidades poderán optar por recadadas citadas recargas co primeiro pagamento fraccionado que se faga, ou por facelo conforme venzan as correspondentes fraccións de prima, se ben neste último caso deberán aplicarse sobre as fraccións da recarga os tipos por fraccionamento que, para cada posible periodicidade, se fixen nas tarifas das mencionadas recargas a favor do Consorcio. A elección da segunda opción deberá facerse constar nas bases técnicas das entidades, comunicarselle ó Consorcio de Compensación de Seguros e aplicarse de forma sistemática no ramo ou risco de que se trate, salvo causa debidamente xustificada.»

Dez. Engádense dous novos números 3 e 4 no artigo 23 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servicios en

seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, coa seguinte redacción:

«3. Para o cumprimento das súas funcións de liquidación de entidades aseguradoras, o Consorcio de Compensación de Seguros contará cos seguintes recursos:

a) A recarga a que se refire o número 4 deste artigo, a xestión e recadación da cal tamén lle corresponde.

b) As cantidades e bens que recupere no exercicio dos dereitos das persoas que lle cedesen os seus créditos, ou polo seu aboamento anticipado.

c) Os previstos nos parágrafos d), e) e f) do número 1 do presente artigo.

4. A recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras é un tributo que grava os contratos de seguro.

Están suxeitos a esta recarga a totalidade dos contratos de seguro que se subscriban sobre riscos localizados en España, distintos ó seguro sobre a vida e ó seguro de crédito á exportación por conta ou co apoio do Estado.

A recarga devengarase cando teña lugar o pagamento da prima que corresponda ós contratos de seguro suxeitos a el.

Son suxeitos pasivos da recarga, en condición de contribuíntes, as entidades aseguradoras, debendo repercutir integramente o seu importe sobre o tomador do seguro, quedando este obrigado a soportalo sempre que a repercusión se axuste ó disposto nesta lei, calquera que fosen as estimacións existentes entre eles.

Constitúe a base imponible da recarga o importe da prima. Non se entenderán incluídos na prima aqueles importes correspondentes a calquera outra recarga que o contrato de seguro afectado deba soportar en virtude dunha disposición legal que o impoña.

O tipo da recarga estará constituído polo 3 por 1.000 das primas antes referidas.»

Once. Engádesse o seguinte novo parágrafo terceiro no número 1 do artigo 24 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptalo dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, pasando o actual parágrafo terceiro a se-lo parágrafo cuarto:

«Da mesma maneira, o Consorcio deberá leva-las operacións que realice no exercicio das súas funcións de liquidación de entidades aseguradoras e nos procesos concursais a que estas se encontren sometidas con absoluta separación financeira e contable do resto de operacións. As rendas derivadas do exercicio das funcións mencionadas neste parágrafo estarán exentas do imposto sobre sociedades.»

## Artigo 12.

Modifícase o artigo 83 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, que quedará redactado como segue:

«Artigo 83.

Polo seguro de vida o asegurador obrígase, mediante o cobro da prima estipulada e dentro dos límites establecidos na lei e no contrato, a lle satisfacer ó beneficiario un capital, unha renda ou outras prestacións convidas, no caso de morte ou ben

de supervivencia do asegurado, ou de ámbolos eventos conxuntamente.

O seguro sobre a vida pode estipularse sobre a vida propia ou a dun terceiro, tanto para caso de morte como para caso de supervivencia ou ambos conxuntamente, así como sobre unhas ou varias cabezas.

Son seguros sobre a vida aqueles en que, cumprindo o establecido nos parágrafos anteriores, a prestación convidada na póliza foi determinada polo asegurador mediante a utilización de criterios e bases de técnica actuarial.

Nos seguros para caso de morte, se son distintas as persoas do tomador do seguro e do asegurado, será preciso o consentimento deste, dado por escrito, salvo que poida presumirse doutra forma o seu interese pola existencia do seguro.

Para os efectos do indicado no artigo 4, nos seguros sobre a vida enténdese que existe risco se no momento da contratación non se produciu o evento obxecto da cobertura outorgada na póliza.

Se o asegurado é menor de idade, será necesaria, ademais, a autorización por escrito dos seus representantes legais.

Non se poderá contratar un seguro para caso de morte sobre a cabeza de menores de catorce anos de idade ou de incapacitados. Exceptúanse desta prohibición os contratos de seguros nos que a cobertura de morte resulte inferior ou igual á prima satisfeita pola póliza ou ó valor de rescate.»

## CAPÍTULO II

### Impulso á competitividade da industria financeira

#### Artigo 13. *Cédulas territoriais.*

Primeiro. As entidades de crédito poderán realizar emisións de valores de renda fixa coa denominación exclusiva de «cédulas territoriais», o capital e xuros das cales estarán especialmente garantidos polos préstamos e créditos concedidos polo emisor ó Estado, as comunidades autónomas, os entes locais, así como ós organismos autónomos e ás entidades públicas empresariais dependentes deles ou a outras entidades de natureza análoga do Espacio Económico Europeo.

Segundo. As cédulas territoriais non deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil nin serán de aplicación as regras contidas no capítulo X da Lei de sociedades anónimas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, nin as previstas na Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre regulación da emisión de obrigas por sociedades que non adoptasen a forma de sociedades anónimas, asociacións ou outras persoas xurídicas, e a constitución do sindicato de obrigacionistas.

Terceiro. O importe total das cédulas emitidas por unha entidade de crédito non poderá ser superior ó 70 por cento do importe dos préstamos e créditos non amortizados que teña concedidos ás administracións públicas antes referidas.

Non obstante, se superase este límite deberá recularo nun prazo non superior a tres meses, aumentando a súa carteira de préstamos ou créditos concedidos ás entidades públicas, adquirindo as súas propias cédulas no mercado ou mediante a amortización de cédulas polo importe necesario para restablece-lo equilibrio, e, mentres tanto, deberá cubri-la diferenza mediante un depósito de efectivo ou de fondos públicos no Banco de España.

Cuarto. Os tedores das cédulas terán dereito preferente sobre os dereitos de crédito da entidade emisora

c  
 fronte ó Estado, as comunidades autónomas, os entes locais, os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais dependentes deles ou outras entidades de natureza análoga do Espacio Económico Europeo, para o cobro dos dereitos derivados do título que posúan sobre estes valores, nos termos do artigo 1.922 do Código civil.

O mencionado título terá o carácter de executivo nos termos previstos na Lei de axuízamento civil.

Quinto. As cédulas emitidas por unha entidade de crédito, pendentas de amortización, terán o mesmo trato que as cédulas hipotecarias, para os efectos da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e a súa normativa de desenvolvemento, así como do disposto no parágrafo b) do número 1 do artigo 4 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.

Sexto. As cédulas emitidas estarán representadas mediante anotacións en conta e poderán ser admitidas a negociación nos mercados de valores, de conformidade co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e adquiridas polas entidades.

#### Artigo 14. *Cotas participativas.*

Primeiro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, que terá o carácter de disposición básica, nos seguintes termos:

##### «Artigo 7.

1. Para os efectos do presente título, os recursos propios das entidades de crédito e dos grupos consolidables de entidades de crédito comprenden:

O capital social.

O fondo fundacional.

As cotas participativas das caixas de aforros.

As reservas.

Os fondos e provisións xenéricos.

Os fondos da obra benéfico-social das caixas de aforros e os de educación e promoción das cooperativas de créditos.

As participacións preferentes.

Os financiamentos subordinados.

Outras partidas esixibles ou non, susceptibles de seren utilizadas na cobertura de perdas.

Destes recursos deduciranse as perdas, así como calquera activo que poida diminuí-la efectividade destes recursos para a cobertura de perdas.

2. As cotas participativas das caixas de aforros son valores negociables que representan achegas en diñeiro de duración indefinida, que poden ser aplicadas en igual proporción e ós mesmos destinos que os fondos fundacionais e as reservas da entidade.

3. A emisión de cotas participativas suporá a constitución dos seguintes fondos:

a) Fondo de participación: será igual á suma do valor nominal das cotas participativas que se emiten.

b) Fondo de reservas dos cotapartícipes: estará integrado pola porcentaxe do excedente de libre disposición correspondente ás cotas participativas que non foi destinado nin ó fondo de estabilización nin satisfeito efectivamente ós cotapartícipes.

c) Fondo de estabilización: terá como finalidade evita-las fluctuacións excesivas na retribución das cotas participativas. A dotación deste fondo, así como a aplicación dos seus recursos á retri-

bución das cotas participativas deberá acordalo a asemblea xeral. A constitución do fondo de estabilización será optativa.

O fondo de participación, o fondo de reservas dos cotapartícipes e, en caso de existir, o fondo de estabilización aplicaranse á compensación de perdas na mesma proporción e orde en que o sexan os fondos fundacionais e as reservas.

O fondo de participación e o fondo de reservas de cotapartícipes terán a consideración de recursos propios.

4. As cotas participativas confiren-lles ós seus titulares os seguintes dereitos de carácter económico:

a) Participación no reparto do excedente de libre disposición da caixa na proporción que o volume de cotas en circulación supoña sobre o patrimonio da caixa máis o volume de cotas en circulación. Enténdese por volume de cotas en circulación a suma do fondo de participación e o fondo de reserva de cotapartícipes e o fondo de estabilización das emisións de cotas participativas en circulación, e por patrimonio o fondo fundacional, as reservas xerais da caixa e o fondo para riscos bancarios xerais.

b) Subscrición preferente de cotas participativas en novas emisións, sen prexuízo da súa supresión nos termos legalmente previstos.

c) Obtención do seu valor liquidativo no caso de liquidación.

d) Obtención, nos casos de amortización previstos no número 9 deste artigo, do valor de mercado das cotas participativas.

e) Percepción dunha retribución de carácter variable con cargo á parte do excedente de libre disposición que lles corresponda ou, de se-lo caso, ó fondo de estabilización.

Enténdese por valor liquidativo de cada cota a parte que corresponda a cada cota do fondo de participación, do fondo de reserva de cotapartícipes e do fondo de estabilización, minorada ou incrementada pola parte que lle sexa atribuíble da perda ou beneficio do balance de liquidación non distribuído anteriormente.

Enténdese por valor de mercado a media da cotización en mercado secundario das últimas 30 sesións previas á determinación do feito que leva consigo a operación de amortización. No caso de non ser posible esta determinación, o valor estará determinado pola valoración efectuada por un auditor independente elixido por sorteo de entre os auditores de contas e sociedades de auditoría inscritos como exercentes no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que auditasen entidades de crédito excluindo o propio auditor de contas da caixa.

As cotas carecen de todo dereito político.

Poderá crearse un sindicato de cotapartícipes, o presidente do cal poderá asistir ás asembleas xerais da caixa con voz e sen voto. Nas súas normas de funcionamento, o sindicato regularase polo que se dispoña nas normas de desenvolvemento desta lei.

As caixas de aforros deberán consignar na emisión das cotas participativas unha cláusula de amortización automática para o suposto de producirse unha modificación do réxime xurídico relativo ós dereitos políticos dos cotapartícipes. A amortización a que se refire este parágrafo deberá levarse a cabo de acordo cun plan específico, que deberá ser aprobado polo Banco de España, de modo que non se vexa afectada a solvencia da entidade.

5. As cotas participativas non poderán emitirse por un valor inferior ó seu nominal. A súa emisión deberá efectuarse con prima cando sexa necesario para evita-la dilución dos dereitos preexistentes sobre o patrimonio e os excedentes futuros. A prima asignaráselles ás reservas xerais da caixa e ó fondo de reserva dos cotapartícipes na proporción que determine o acordo de emisión. O punto de partida para a valoración da prima de emisión será o valor económico da caixa de aforros que deberá ter en conta, entre outros, o valor do fondo de comercio, plusvalías latentes e capacidade real de xeración de beneficios no futuro.

As cotas participativas terán carácter nominativo e desembolsaranse integramente no momento da emisión. O seu contravalor será sempre en diñeiro.

Poderán emitirse cotas participativas de distinta clase ou serie, correspondendo a tódalas cotas da mesma clase iguais dereitos.

6. O volume de cotas participativas en circulación non poderá supera-lo 50 por 100 do patrimonio da caixa.

7. As cotas participativas cotizarán en mercados secundarios organizados. Non obstante, ningunha persoa, natural ou xurídica, ou grupo económico, poderá posuír, directa ou indirectamente, cotas participativas por importe superior ó 5 por 100 das cotas totais vixentes. No caso de superarse este, procederáse á suspensión de tódolos dereitos económicos das cotas adquiridas pola persoa ou grupo económico.

O anterior entenderase sen prexuízo da posibilidade de que o fondo de garantía de depósitos ou outras entidades do sector de caixas de aforros, previamente autorizadas polo Banco de España, poidan supera-lo límite do 5 por 100 de cotas participativas emitidas por unha caixa de aforros en situacións de excepcional gravidade que poñan en perigo a efectividade dos seus recursos propios, así como a estabilidade, liquidez e solvencia da entidade emisora.

8. O órgano competente para acordar cada emisión de cotas participativas será a asemblea xeral, que poderá delegar esta competencia no consello de administración da caixa.

Estará prohibida a adquisición orixinaria de cotas participativas, por parte da caixa ou do seu grupo económico; non obstante, si se poderá realizar unha adquisición derivativa, sempre que o valor nominal das cotas que consten en poder da entidade ou o seu grupo consolidable non exceda do 5 por 100 das cotas totais emitidas.

9. Nos casos de fusión, a caixa de aforros emisorá outorgaralles ós cotapartícipes un prazo mínimo dun mes, contado desde a inscrición do correspondente acordo no Rexistro Mercantil, para que estes poidan, se o desexan, cedér-lle-las súas cotas á caixa. Esta deberá aboar por elas o valor de mercado determinado no número 4.

No caso de supera-lo límite previsto no número anterior, a caixa deberá proceder ó alleamento ou á amortización, no prazo máximo de tres meses, dese exceso sobre o límite máximo permitido.

10. O excedente de libre disposición que, de acordo co número 4, lles corresponda ás cotas participativas distribuírase entre os seguintes destinos:

- Fondo de reserva dos cotapartícipes.
- Retribución efectiva dos cotapartícipes.
- Fondo de estabilización, de se-lo caso.

A retribución anual das cotas e a súa distribución deberá ser aprobada pola asemblea xeral, que terá

en conta o coeficiente de solvencia da caixa á hora de realizar tal distribución.

Cando a caixa de aforros ou grupo consolidado ó que pertenza presente un déficit de recursos propios sobre o mínimo legalmente esixido, destinarase ó fondo de reserva de cotapartícipes o 100 por 100 do excedente anual correspondente ás cotas e a retribución dos cotapartícipes con cargo ó fondo de estabilización requirirá autorización previa do Banco de España.

11. A Confederación Española de Caixas de Aforros poderá emitir cotas participativas de asociación, ás que lles será de aplicación o disposto nos números anteriores coas adaptacións que estableza o Goberno.

12. Habilítase o Goberno para regula-los criterios para a asignación das primas de emisión, a retribución en efectivo a que se refire o parágrafo e) do número 4, e a atribución de reservas que non procedan de aplicación de resultados, de se-lo caso, das cotas participativas, así como as partidas que integran os recursos propios e as súas deducións, podendo establecer límites ou condicións a aquelas que presenten unha eficacia reducida para a cobertura de perdas.»

Segundo. Dáselle unha nova redacción ó artigo 11.4 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, que terá o carácter de disposición básica, nos seguintes termos:

«As caixas de aforro deberán destinar a reservas ou fondos de previsión non imputables a riscos específicos, un 50 por 100, como mínimo, daquela parte dos excedentes de libre disposición que non sexa atribuíble ós cotapartícipes. Esta porcentaxe poderá ser reducida polo Banco de España cando os recursos propios superen en máis dun tercio os mínimos establecidos.»

#### **Artigo 15.** *Préstamos de valores por institucións de investimento colectivo.*

Modifícase o número 3 do artigo 10 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que queda redactado como segue:

«3. Os valores e outros activos que integren a carteira non se poderán peñar nin constituír garantía de ningunha clase, salvo para servir de garantía nas operacións que a institución realice nos mercados secundarios oficiais. De se-lo caso, os valores e activos que integren a carteira deberán estar depositados baixo a custodia dos depositarios regulados nesta lei. Non obstante, poderán ser obxecto de operacións de préstamo bolsista ou de préstamo de valores cos límites e as garantías que estableza o ministro de Economía.»

#### **Artigo 16.** *Flexibilización do réxime de garantías.*

Primeiro. Modifícase a disposición adicional décima da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«1. As normas da presente disposición aplicaranse ás operacións financeiras que se realicen no marco dun acordo de compensación contractual ou en relación con este, sempre que nel concorran os seguintes requisitos:

- a) Que polo menos unha das partes do acordo sexa unha entidade de crédito ou unha empresa

c

de servicios de investimento, ou unha entidade non residente autorizada para levar a cabo as actividades reservadas na lexislación española ás referidas entidades ou empresas.

b) Que o acordo preveña a creación dunha única obriga xurídica que abranga tódalas operacións financeiras citadas incluídas nel e en virtude da cal, en caso de vencemento anticipado, as partes só terán dereito a esixirse o saldo neto do produto da liquidación destas operacións. O saldo neto deberá ser calculado conforme o establecido no acordo de compensación contractual ou nos acordos que garden relación con el.

2. Consideraranse para efectos desta disposición operacións financeiras as seguintes:

a) As realizadas sobre os instrumentos financeiros previstos no parágrafo 2.º do artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, incluídos os derivados de crédito.

b) As operacións dobres ou con pacto de recompra definidas na disposición adicional duodécima desta lei, calquera que sexan os activos sobre os que recaen, e, en xeral, as cesións temporais de activos.

c) Os préstamos de valores.

d) As garantías e as cesións en garantía ou outras operacións con finalidade directa ou indirecta de garantía vinculadas ó propio acordo de compensación contractual que teña por obxecto débeda pública, outros valores negociables ou efectivo. A execución das operacións sinaladas neste parágrafo, de se-lo caso, levarase a cabo na forma prevista no acordo de compensación contractual ou nos acordos que garden relación con el.

As operacións financeiras a que se refire este número serán válidas e eficaces fronte a terceiros, calquera que sexa a lei que as rexa, sen máis requisitos que a súa formalización documental privada e a entrega, transmisión ou anotación rexistral dos valores, segundo proceda, e o depósito ou transferencia do efectivo, sendo de aplicación o disposto na disposición adicional sexta da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. A declaración do vencemento anticipado, resolución, terminación, execución ou efecto equivalente das operacións financeiras definidas nos números anteriores realizadas no marco dun acordo de compensación contractual ou en relación con el, non poderá verse limitada, restrinxida ou afectada en calquera forma por un estado ou solicitude de quebra, suspensión de pagamentos, liquidación, administración, intervención ou concurso de acredores que afecte a calquera das partes deste acordo, as súas filiais ou sucursais.

Nos supostos en que unha das partes do acordo de compensación contractual se atope nunha das situacións concursais previstas no parágrafo anterior, incluírase como crédito ou débeda da parte incurso nestas situacións exclusivamente o importe neto das operacións financeiras amparadas no acordo, calculado conforme ás regras establecidas nel ou nos acordos que garden relación con el.

4. As operacións financeiras ou o acordo de compensación contractual que as regula só poderán ser impugnados ó abeiro do parágrafo segundo do artigo 878 do Código de comercio, mediante acción exercida polos síndicos da quebra, na que se demostre fraude nesta contratación.»

Segundo. Dáselle unha nova redacción ó número 4 da disposición adicional duodécima da Lei 37/1998,

do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que queda como segue:

«4. O previsto nos números 3 e 4 da disposición adicional décima desta lei será de aplicación ás operacións recollidas no número 1 desta disposición que se realicen sobre outros activos financeiros en garantía das obrigas xerais contraídas fronte ó Banco de España en exercicio das súas operacións de política monetaria.»

### CAPÍTULO III

#### Financiamento das pequenas e medianas empresas

##### Artigo 17. *Cesión de créditos cunha administración pública.*

Modifícase o artigo 100 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, da seguinte maneira:

Un. Engádeselle un novo número 3 ó artigo 100 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, do seguinte teor:

«3. A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos polo contratista quedará condicionada ó cumprimento do disposto no número anterior.»

Dous. Modifícase o número 3, que pasa a se-lo 4, do artigo 100, do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e que queda coa seguinte redacción:

«4. Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pagamento deberá ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.»

Tres. Engádeselle un novo número 5 ó artigo 100, do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, do seguinte teor:

«5. No caso de quebra do contratista cedente, non se declarará a nulidade a que se refire o artigo 878, parágrafo 2.º, do Código de comercio, se se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que os créditos cedidos procedan da actividade empresarial do contratista cedente,

b) Que o cesionario sexa unha entidade de crédito,

c) Que os créditos obxecto de cesión ó abeiro do acordo existan xa na data do acordo de cesión ou nagan da actividade empresarial que o contratista cedente leve a cabo no prazo máximo dun ano contado a partir desta data, ou que conste no contrato de cesión a identidade dos futuros debedores,

d) Que o cesionario lle pague ó cedente, ó contado ou a prazo, o importe dos créditos cedidos coa dedución do custo do servizo prestado,

e) Que conste a certeza da data da cesión por algún dos medios establecidos nos artigos 1.218 e 1.227 do Código civil ou por calquera outro medio admitido en dereito,

f) Que se acredite ter realizado a notificación a que se refire o número 2 do presente artigo.»

**Artigo 18.** *Ampliación do obxecto da participación hipotecaria.*

Engádeselle un novo parágrafo ó número dous da disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ó sistema financeiro, coa seguinte redacción:

«As participacións hipotecarias agrupadas nos fondos de titulización de activos poderán corresponder a préstamos e créditos que non reúnan os requisitos establecidos na sección 2.<sup>a</sup> da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario. Estas participacións emitiránse e comercializaránse coa denominación de "certificados de transmisión de hipoteca".»

**Artigo 19.** *Modificacións do réxime xurídico e fiscal das entidades de capital-risco.*

Primeiro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 2.1 da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e as súas sociedades xestoras:

«1. As sociedades de capital-risco son sociedades anónimas cun obxecto social principal que consiste na toma de participacións temporais no capital de empresas non financeiras que, no momento da toma de participación, non coticen no primeiro mercado das bolsas de valores.»

Segundo. Engádesse un novo número 4 ó artigo 2 da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e as súas sociedades xestoras:

«4. Para os efectos desta lei, tamén terán a consideración de empresas non financeiras aquelas entidades que teñan como actividade principal a tenza de accións ou participacións emitidas por entidades pertencentes a sectores non financeiros.»

Terceiro. Engádeselle un novo número 3 ó artigo 16 da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e as súas sociedades xestoras:

«3. Consideraranse investimentos propios do obxecto da actividade de capital-risco previsto no artigo 2.1 desta lei, o investimento en valores emitidos por empresas con activo constituído en máis dun 50 por 100 por inmobles sempre que se encontren directamente adscritos a unha finalidade ou actividade empresarial que non sexa a estrictamente inmobiliaria.»

Cuarto. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo primeiro do artigo 18.2 da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras:

«2. As entidades de capital-risco poderán investir ata o 25 por 100 do seu activo en empresas pertencentes ó seu grupo ou ó da súa sociedade xestora, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que os estatutos ou regulamentos considere estes investimentos.

b) Que a entidade ou, de se-lo caso, a súa sociedade xestora dispoña dun procedemento interno formal, recollido no seu regulamento interno de conducta, que permita evitar conflitos de interese e asegurarse de que a operación se realiza en interese exclusivo da entidade. A verificación do cum-

primento destes requisitos corresponderalle a unha comisión independente creada no seo do seu consello ou a un órgano interno da sociedade xestora ó que se lle encomende esta función.

c) Que nos folletos e na información pública periódica da entidade se informe con detalle dos investimentos realizados en entidades do grupo.»

Quinto. Dáselle unha nova redacción ó artigo 23.2 da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras:

«2. O capital social subscrito mínimo será de 1.200.000 euros, e deberase desembolsar no momento da súa constitución, polo menos, o 50 por 100 e o resto, nunha ou varias veces, dentro do prazo de tres anos desde a constitución da sociedade. Os desembolsos do capital social mínimo deberán realizarse en efectivo ou en bens que integren o seu inmovilizado, non podendo superar estes últimos o 10 por 100 do seu capital social.

Os desembolsos adicionais ó capital social mínimo ou as posteriores ampliacións deste poderán realizarse, ademais, en inmovilizado ou activos financeiros aptos para o investimento conforme a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do título I desta lei.»

Sexto. Incorpórase un segundo parágrafo no artigo 23.4 da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras:

«4. A transformación, fusión, escisión e as demais operacións societarias que realice unha sociedade de capital-risco ou que conduzan á creación dunha sociedade de capital-risco, requirirán aprobación previa do ministro de Economía, sendo de aplicación o disposto no artigo 8 desta lei.»

Sétimo. Engádesse ó número 3 do artigo 69 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, o seguinte parágrafo:

«(...) Así mesmo, as rendas positivas postas de manifesto na transmisión ou reembolso de accións ou participacións representativas dos fondos propios das sociedades e fondos de capital risco beneficiaranse da deducción prevista no artigo 28.5 desta lei, calquera que sexa a porcentaxe de participación e o tempo de tenza das accións ou participacións.»

## CAPÍTULO IV

### Impulso ó emprego de técnicas electrónicas

**Artigo 20.** *Efectos xurídicos da contratación electrónica.*

Primeiro. Introdúcese o seguinte número 2 no artigo 79 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasando a se-lo ata o de agora artigo 79 o número 1 deste:

«2. Consonte o que establezan as normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica, habilítase o ministro de Economía para regular as especialidades da contratación de servizos de investimento de forma electrónica, garantindo a protección dos lexítimos intereses da clientela e sen prexuízo da liberdade de contratación que, nos seus aspectos substantivos e coas limitacións que puidesen emanar doutras disposicións legais, deba presidi-las relacións entre as empresas de servizos de investimento e a súa clientela.»

c

Segundo. Engádese un novo parágrafo g) no número 2 do artigo 48 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coa seguinte redacción:

«g) Regula-las especialidades da contratación de servizos bancarios de forma electrónica conforme o que establezan as normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica.»

### Artigo 21. *Diñeiro electrónico.*

Primeiro. Terán a consideración de entidades de diñeiro electrónico aquelas entidades de crédito distintas das definidas no parágrafo a), número 1 do artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ó das Comunidades Europeas, que teñan como actividade principal, nos termos que regulamentariamente se determinen, emitir medios de pagamento en forma de diñeiro electrónico.

Segundo. Entenderase por diñeiro electrónico o valor monetario representado por un crédito esixible ó seu emisor:

- a) Almacenado nun soporte electrónico,
- b) Emitido ó recibir fondos dun importe cun valor non inferior ó valor monetario emitido,
- c) Aceptado como medio de pagamento por empresas distintas do emisor.

Ningunha entidade de crédito que pretenda realiza-la actividade de emitir medios de pagamento en forma de diñeiro electrónico poderá recibir fondos por importe superior ó valor monetario emitido.

Terceiro. A recepción de fondos, de conformidade co establecido no parágrafo b) do número anterior non constituirá recepción de fondos reembolsables do público se os fondos recibidos se cambian inmediatamente por diñeiro electrónico.

A recepción de fondos, de conformidade co establecido no parágrafo b) do número anterior, terá o mesmo tratamento que os depósitos para os efectos da cobertura destes polos fondos de garantía de depósitos de bancos, caixas de aforros e cooperativas de crédito, se o soporte ó que se incorporan é nominativo ou están ligados a unha conta representativa dun depósito constituído polo seu titular.

Cuarto. Ningunha persoa física ou xurídica, nacional ou estranxeira, poderá, sen obter a autorización para actuar como entidade de crédito e acharse inscrita nos correspondentes rexistros, exercer no territorio español a actividade comercial de emitir diñeiro electrónico.

A denominación de «entidades de diñeiro electrónico», así como a súa abreviatura «EDE» quedará reservada a estas entidades, as cales estarán obrigadas a incluíla na súa denominación social, na forma que regulamentariamente se determine.

Quinto. Corresponderalle ó ministro de Economía, logo de informe do Banco de España, autoriza-la creación de entidades de diñeiro electrónico.

Corresponderalle ó Banco de España o control e a inspección de tódalas entidades de diñeiro electrónico, e a súa inscrición no rexistro que se creará para o efecto.

Sexto. As entidades de diñeiro electrónico seralles de aplicación, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen, ademais desta lei, o Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ó das Comunidades Europeas; os títulos II ó VI da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito; a Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, e a Lei 19/1993, do 28 de

decembro, sobre medidas de prevención do branqueo de capitais, así como as disposicións de carácter xeral que desenvolvan as citadas normas con rango de lei.

As entidades de diñeiro electrónico seralles de aplicación, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen, o réxime sancionador previsto na Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

Sétimo. Cando o diñeiro electrónico emitido pola entidade sexa aceptado como medio de pagamento unicamente por calquera filial da entidade que realice funcións operativas ou outras funcións auxiliares relativas ó diñeiro electrónico emitido ou distribuído pola entidade, pola empresa matriz da entidade ou por calquera filial desta empresa matriz, aquela poderá quedar eximida da aplicación das disposicións desta lei e as súas normas de desenvolvemento segundo o procedemento que estableza o Goberno, que poderá establecer obrigas específicas de remisión periódica de información como condición para a obtención e mantemento desta excepción.

As entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutros estados membros da Unión Europea ás que se lles concedese naqueles unha exención das previstas no artigo 8 da Directiva 2000/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e ó seu exercicio así como a supervisión cautelar destas entidades, non gozarán en España do dereito de establecemento nin de libre prestación de servizos previsto para as entidades de crédito comunitarias autorizadas nestes estados.

Oitavo. O portador de diñeiro electrónico poderá, durante o período de validez, solicitarlle ó emisor que llo reembolse ó valor nominal por moedas e billetes de banco ou por transferencia a unha conta, sen outros gastos que aqueles que resulten estrictamente necesarios para realiza-la operación.

O contrato entre o emisor e o portador estipulará claramente as condicións de reembolso, e poderá prever un límite mínimo para este, que non poderá supera-los dez euros.

Noveno. Facúltase o Goberno para desenvolve-lo réxime xurídico aplicable á creación e condicións de exercicio da actividade das entidades de diñeiro electrónico e, en particular, para o establecemento do seu capital inicial mínimo, esixencias de recursos propios permanentes, réxime de investimentos, así como as limitacións ás súas actividades comerciais.

Décimo. O número 2 do artigo 28 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, queda redactado do seguinte modo:

«2. Entenderanse, en particular, reservadas ás entidades de crédito:

a) A actividade definida no parágrafo a) do número 1, do artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ó das Comunidades Europeas.

b) A captación de fondos reembolsables do público, calquera que sexa o seu destino, en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que non estean suxeitas ás normas de ordenación e disciplina do mercado de valores.

c) A actividade comercial de emitir diñeiro electrónico.»

Undécimo. O artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito



vixente en materia de entidades de crédito ó das Comunidades Europeas, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 1. *Definición.*

1. Para efectos da presente disposición, e de acordo coa Directiva 2000/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa ó acceso á actividade das entidades de crédito e ó seu exercicio, enténdese por "entidade de crédito":

a) Toda empresa que teña como actividade típica e habitual recibir fondos do público en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que comporten a obriga da súa restitución, aplicándoos por conta propia á concesión de créditos ou operacións de análoga natureza.

b) Toda empresa ou calquera outra persoa xurídica, distinta da recollida no parágrafo a) anterior que emita medios de pagamento en forma de diñeiro electrónico.

2. Conceptúanse entidades de crédito:

- a) O Instituto de Crédito Oficial.
- b) Os bancos.
- c) As caixas de aforros e a Confederación Española de Caixas de Aforros.
- d) As cooperativas de crédito.
- e) Os establecementos financeiros de crédito.
- f) As entidades de diñeiro electrónico.»

## CAPÍTULO V

### Protección de clientes de servicios financeiros

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DEFENSA DO CLIENTE DE SERVICIOS FINANCIEROS

#### **Artigo 22.** *Creación dos órganos de defensa do cliente de servicios financeiros.*

Créanse os seguintes órganos:

O Comisionado para a Defensa do Cliente de Servicios Bancarios.

O Comisionado para a Defensa do Investidor.

O Comisionado para a Defensa do Asegurado e do Partícipe en Plans de Pensións.

Os Comisionados para a Defensa do Cliente de Servicios Bancarios, para a Defensa do Investidor e para a Defensa do Asegurado e do Partícipe en Plans de Pensións, estarán adscritos organicamente ó Banco de España, á Comisión Nacional do Mercado de Valores e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, respectivamente.

#### **Artigo 23.** *Obxecto.*

Os Comisionados para a Defensa do Cliente de Servicios Financeiros previstos no artigo anterior terán por obxecto protexe-los dereitos do usuario de servicios financeiros dentro do respectivo ámbito material de competencias do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

O expresado no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo da utilización por parte dos usuarios de servicios financeiros doutros sistemas de protección previstos na lexislación vixente, en especial, a normativa arbitral e de consumo.

#### **Artigo 24.** *Funcións.*

Os Comisionados para a Defensa do Cliente de Servicios Financeiros desenvolverán as seguintes funcións:

a) Atende-las queixas e reclamacións que presenten os usuarios de servicios financeiros, que estean relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos, xa deriven dos contratos, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos financeiros, e remitir ós servicios de supervisión correspondentes aqueles expedientes nos que se aprecien indicios de incumprimento ou quebrantamento de normas de transparencia e protección da clientela.

b) Asesora-los usuarios de servicios financeiros sobre os seus dereitos en materia de transparencia e protección á clientela, así como sobre as canles legais existentes para o seu exercicio.

#### **Artigo 25.** *Nomeamento dos titulares.*

Primeiro. Os Comisionados para a Defensa do Cliente de Servicios Financeiros serán persoas de recoñecido prestixio no ámbito económico ou financeiro con, polo menos, dez anos de experiencia profesional.

O mandato dos comisionados terá unha duración de cinco anos, sen posible renovación para o mesmo cargo.

Segundo. O Comisionado para a Defensa do Cliente de Servicios Bancarios será nomeado polo ministro de Economía, oído o gobernador do Banco de España.

O Comisionado para a Defensa do Investidor será nomeado polo ministro de Economía, oído o presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O Comisionado para a Defensa do Asegurado e do Partícipe en Plans de Pensións será nomeado polo ministro de Economía, oído o director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Os nomeamentos a que se refiren os parágrafos anteriores produciranse oído o Consello de Consumidores e Usuarios.

Terceiro. Os Comisionados para a Defensa do Cliente de Servicios Financeiros actuarán de acordo cos principios de independencia e autonomía en canto ós criterios e ás directrices que deberán aplicar no exercicio das súas funcións.

Cuarto. Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta lei respecto da figura dos comisionados e, en particular, o relativo ó seu nomeamento, rango xerárquico, procedemento de resolución das queixas e reclamacións e contido da memoria anual a que se refire o artigo seguinte.

#### **Artigo 26.** *Memoria anual.*

Anualmente publicarase unha memoria de cada un dos Comisionados para a Defensa do Cliente de Servicios Financeiros na que, polo menos, deberá incluírse o resumo estatístico das consultas e reclamacións atendidas así como o comentario sobre os informes emitidos e as entidades afectadas, con indicación, de se-lo caso, do carácter favorable ou desfavorable para o reclamante.

#### **Artigo 27.** *Adscrición orgánica e funcional dos servicios de reclamacións.*

O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións adscribirán ó seu respectivo Comisionado

c  
para a Defensa do Cliente dos Servicios Financeiros os seus servizos de reclamacións ou unidades administrativas equivalentes, para a realización das funcións técnicas que este Comisionado ten encomendadas, dando o soporte administrativo e técnico para a tramitación de consultas e reclamacións.

**Artigo 28.** *Portelo único.*

Calquera consulta ou reclamación a que se refire o artigo 24 desta lei poderá ser presentada indistintamente ante calquera dos comisionados, con independencia do seu contido.

**Artigo 29.** *Departamento de atención ó cliente e defensor do cliente.*

Primeiro. As entidades de crédito, as entidades aseguradoras e as empresas de servizos de investimento estarán obrigadas a atender e resolver as queixas e reclamacións que os usuarios de servizos financeiros poidan presentar, relacionados cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos. Para estes efectos, as entidades deberán contar cun departamento ou servizo de atención ó cliente encargado de atender e resolver as queixas e reclamacións.

Estas entidades poderán, ben individualmente, ben agrupadas por ramas de actividade, proximidade xeográfica, volume de negocio ou calquera outro criterio, designar un defensor do cliente, que deberá ser unha entidade ou experto independente de recoñecido prestixio, e a quen lle corresponderá atender e resolver os tipos de reclamacións que se sometan á súa decisión no marco do que dispoña o seu regulamento de funcionamento, así como promover o cumprimento da normativa de transparencia e protección da clientela e das boas prácticas e usos financeiros.

Segundo. A decisión do defensor do cliente favorable á reclamación vinculará a entidade. Esta vinculación non será obstáculo á plenitude de tutela xudicial, ó recurso a outros mecanismos de solución de conflitos nin á protección administrativa.

**Artigo 30.** *Procedemento.*

Primeiro. Para a admisión e tramitación de reclamacións ante o Comisionado para a Defensa do Cliente de Servizos Financeiros correspondente será imprescindible acreditar a formulación previamente, por escrito dirixido ó departamento ou servizo de atención ó cliente ou, de se-lo caso, ó defensor do cliente. Estes deberán xustificar a recepción por escrito das reclamacións que se lles presenten e resolverlas ou denegalas igualmente por escrito e motivadamente. Así mesmo, o reclamante deberá acreditar que transcorreu o prazo de dous meses desde a data de presentación da reclamación sen que fose resolta ou que foi denegada a admisión da reclamación ou desestimada a súa petición.

Segundo. Recibida a reclamación polo Comisionado para a Defensa do Cliente de Servizos Financeiros competente, verificarase a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas nos números anteriores e, se se cumpren os requisitos necesarios, procederase á apertura dun expediente por cada reclamación, no que se incluírán tódalas actuacións relacionadas con ela; en caso contrario requirirase o reclamante para completa-la información no prazo de dez días, con apercibimento de que se así non o fixese se dictará informe no que se considerará desistido da súa reclamación.

**Artigo 31.** *Habilitación para desenvolvemento regulamentario.*

O ministro de Economía establecerá os requisitos que deberá respecta-lo departamento ou servizo de atención ó cliente e o defensor do cliente, así como o procedemento a que someta a resolución das reclamacións, e poderá para tal fin esixir, de se-lo caso, as adecuadas medidas de separación dos seus integrantes dos restantes servizos comerciais ou operativos das entidades, someter a verificación administrativa o seu regulamento de funcionamento ou calquera outra característica do servizo, e esixir-la inclusión, nunha memoria anual das entidades, dun resumo cos aspectos máis destacables da actuación do departamento ou servizo de atención ó cliente e o defensor do cliente durante o exercicio que corresponda.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN RELATIVAS Ó SEGURO

DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE CIRCULACIÓN DE AUTOMÓBILES

**Artigo 32.** *Modificacións á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, como consecuencia do establecemento de novos mecanismos para a tramitación e liquidación de sinistros no estado de residencia do prexudicado.*

Primeiro. Engádese un novo parágrafo g) ó número 2 do artigo 6 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«g) Se a entidade pretende cubri-los riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá comunica-lo nome e enderezo do representante designado en cada un dos estados do Espacio Económico Europeo distinto a España, encargado da tramitación e liquidación dos sinistros acontecidos nun estado distinto ó de residencia do prexudicado ou nun país asinante do sistema de Carta Verde.»

Segundo. Engádese un novo parágrafo g) ó número 1 do artigo 87 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«g) Se a entidade pretende cubri-los riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá comunica-lo nome e enderezo do representante designado en cada un dos estados do Espacio Económico Europeo distinto a España, encargado da tramitación e liquidación dos sinistros acontecidos nun estado distinto ó de residencia do prexudicado ou nun país asinante do sistema de Carta Verde.»

Terceiro. Dáselle unha nova redacción ó número 2 do artigo 86 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados e engádenselle a este artigo dous novos números, o 3 e o 4, coa seguinte redacción:

«2. As entidades aseguradoras a que se refire o número precedente que pretendan subscribir contratos de seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsa-

bilidade do transportista, deberán ademais nomear un representante, persoa física que resida habitualmente en España ou persoa xurídica que estea nela establecida. As súas facultades serán exclusivamente as seguintes:

a) Atende-las reclamacións que presenten os terceiros prexudicados. Para tal efecto deberán ter poderes suficientes para representa-la entidade aseguradora mesmo para o pagamento das indemnizacións e para defendela ante os tribunais e autoridades administrativas españolas.

b) Representa-la entidade aseguradora ante as autoridades xudiciais e administrativas españolas competentes en todo o concernente ó control da existencia e validez das pólizas de seguro de responsabilidade civil que resulte da circulación de vehículos terrestres automóbiles.

c) Desempeñar, de se-lo caso, as funcións a que se refire o número 1 anterior.

3. Se a entidade aseguradora non designase o representante ó que se refire o número 2 anterior, asumirá as súas funcións o representante designado en España para a tramitación e liquidación dos sinistros acontecidos noutro estado membro do Espacio Económico Europeo, cando o prexudicado teña a súa residencia en España.

4. Os representantes a que se refiren os números 2 e 3 anteriores non constituirán por si mesmos unha sucursal e, en consecuencia, non poderán realizar operacións de seguro directo en nome da entidade aseguradora representada.»

**Artigo 33.** *Modificacións ó texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro de circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, como consecuencia do establecemento de novos mecanismos para a tramitación e liquidación de sinistros no estado de residencia do prexudicado.*

Primeiro. Engádeselle ó número 1 do artigo 8 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro de circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, segundo redacción dada pola disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, un novo parágrafo, o f), coa seguinte redacción:

«f) Reembolsa-las indemnizacións satisfeitas ós prexudicados residentes noutros estados do Espacio Económico Europeo polos organismos de indemnización, nos seguintes supostos:

Cando o vehículo causante do accidente teña o seu estacionamento habitual en España, no caso de que non se poida identifica-la entidade aseguradora.

Cando o accidente sucedese en España, no caso de que non se poida identifica-lo vehículo causante.

Cando o accidente sucedese en España, no caso de vehículos con estacionamento habitual en países terceiros adheridos ó sistema da Carta Verde.»

Segundo. Engádeselle ó artigo 8 da mesma lei un novo número, 1 bis, coa seguinte redacción:

«1 bis. O Consorcio de Compensación de Seguros asumirá as funcións que como organismo de información lle atribúen os artigos 24 e 25 desta lei.»

Terceiro. Créase un novo título na Lei sobre responsabilidade civil e seguro de circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, o título III, coa seguinte redacción:

### «TÍTULO III

## **Dos sinistros acontecidos nun estado distinto ó de residencia do prexudicado, en relación co aseguramento obrigatorio**

### CAPÍTULO I

#### **Ámbito de aplicación**

Artigo 20. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste título resultarán de aplicación ós sinistros causados por vehículos que teñan o seu estacionamento habitual e estean asegurados nun estado membro do Espacio Económico Europeo, sempre que:

O lugar en que aconteza o sinistro sexa España e o prexudicado teña a súa residencia noutro estado membro do Espacio Económico Europeo.

O lugar en que aconteza o sinistro sexa un estado membro do Espacio Económico Europeo distinto a España e o prexudicado teña a súa residencia en España.

Os sinistros acontecidos en países terceiros adheridos ó sistema da Carta Verde cando o prexudicado teña a súa residencia habitual en España, ou cando o vehículo causante teña o seu estacionamento habitual e estea asegurado en España.

2. O disposto nos artigos 21, 22, 26 e 27 desta lei non será de aplicación cando o sinistro fose causado por un vehículo que teña o seu estacionamento habitual e estea asegurado no estado de residencia do prexudicado.

3. O disposto no artigo 29 desta lei resultará tamén aplicable ós accidentes causados por vehículos de países terceiros adheridos ó Convenio Multilateral de Garantía.

### CAPÍTULO II

## **Representante encargado da tramitación e liquidación no país de residencia do prexudicado dos sinistros ocorridos nun estado distinto ó de residencia deste último**

Artigo 21. *Elección, poderes e funcións do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado polas entidades aseguradoras autorizadas en España en cada un dos estados membros do Espacio Económico Europeo.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas en España e as sucursais de países terceiros establecidas en territorio español deberán designar, nos restantes estados membros do Espacio Económico Europeo, un representante para a tramitación e liquidación, no estado de residencia do prexudicado, dos sinistros previstos no número 1 do artigo 20 desta lei.

2. O representante deberá residir ou estar establecido no estado membro no que vaia exercer-las súas funcións e dispor de poderes suficientes para representa-la entidade aseguradora e satisfacer, na súa integridade, as indemnizacións ós prexudicados. Para este efecto, deberá solicitar toda a infor-

c

mación necesaria e adopta-las medidas oportunas para a negociación da liquidación no idioma ou idiomas oficiais do estado de residencia do prexudicado.

3. As entidades aseguradoras disporán de plena liberdade para designar estes representantes, que poderán actuar por conta dunha ou varias entidades. Así mesmo, deberán comunica-la súa designación, nome e enderezo ós organismos de información dos distintos estados membros do Espacio Económico Europeo.

4. O disposto nos números anteriores non resultará de aplicación cando o prexudicado teña a súa residencia en España.

**Artigo 22. Procedemento de reclamación dos prexudicados non residentes en España ante as entidades aseguradoras autorizadas en España ou os representantes para tramitación e liquidación de sinistros por estas designados no resto dos estados do Espacio Económico Europeo.**

1. O prexudicado poderá presenta-la reclamación ante a entidade aseguradora establecida en España ou ante o representante designado por esta no seu país de residencia.

A entidade aseguradora ou o seu representante darán contestación á reclamación nun prazo de tres meses desde a súa presentación, debendo presentarse oferta motivada se se determinou a responsabilidade e se cuantificou o dano. En caso contrario, ou se a reclamación fose rexeitada, dará resposta motivada ó formulado na reclamación.

2. Transcorrido o prazo mencionado no número anterior sen que se presentase unha oferta motivada, devengaranse xuros de demora de acordo co previsto na lexislación que en cada caso resulte de aplicación, en atención ó lugar onde aconteceu o sinistro.

3. O incumprimento do disposto no número 1 anterior constituirá infracción administrativa de acordo co disposto nos artigos 40.4 h) e 40.5 b) da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

4. A acción do representante para a tramitación e liquidación de sinistros non será suficiente para modifica-lo dereito material que se deba aplicar no caso concreto, nin para lles atribuí-la competencia ós órganos xurisdiccionais do estado membro de residencia do prexudicado, salvo o previsto nas normas de dereito internacional público e privado sobre a lei aplicable ós accidentes de circulación e sobre a atribución de competencias xurisdiccionais.

**Artigo 23. Procedemento de reclamación do prexudicado con residencia en España ante as entidades aseguradoras autorizadas noutro estado membro do Espacio Económico Europeo ou ante os representantes para tramitación e liquidación de sinistros por estas designados en España.**

1. O prexudicado con residencia en España, nos supostos previstos no número 1 do artigo 20 desta lei, poderá dirixirse directamente á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente ou ó representante en España para a tramitación de sinistros por esta designado.

2. A acción do representante para a tramitación e liquidación de sinistros non será suficiente para lles atribuí-la competencia a órganos xurisdiccionais do estado membro de residencia do prexudicado, salvo no previsto nas normas de dereito internacional privado sobre atribución de competencias xurisdiccionais.

## CAPÍTULO III

### Organismo de información

**Artigo 24. Designación e funcións do organismo de información.**

1. O Consorcio de Compensación de Seguros actuará como organismo de información, nos supostos previstos no número 1 do artigo 20 desta lei, co fin de lle subministrar ó prexudicado a información necesaria para que poida reclamar á entidade aseguradora ou ó seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros. Para estes efectos asumirá as seguintes funcións:

a) Facilitar información relativa ó número de matrícula dos vehículos con estacionamento habitual en España; número da póliza de seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscrición obrigatoria que cubra o vehículo, con estacionamento habitual en España, con indicación da data de inicio e fin de vixencia da cobertura; entidade aseguradora que cobre a responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscrición obrigatoria; así como nome e enderezo do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designados polas entidades aseguradoras.

Esta información deberá conservarse durante sete anos a partir da data da expiración do rexistro do vehículo ou da expiración da póliza de seguro.

b) Coordina-la recollida da información e a súa difusión.

c) Prestarlles asistencia ás persoas que teñan dereito a coñece-la información.

2. Para os efectos da información prevista no parágrafo a) do número 1 anterior aplicarase o disposto polo artigo 2.2 desta lei e das súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

**Artigo 25. Obtención de información do Consorcio de Compensación de Seguros.**

1. O Consorcio de Compensación de Seguros prestaralles asistencia e facilitarálle-la información á que se refire o parágrafo a) do número 1 do artigo 24 desta lei, ós prexudicados de accidentes de circulación ocorridos nun país distinto ó da súa residencia habitual, sempre que se cumpra algunha das condicións seguintes:

Que o prexudicado teña a súa residencia en España.

Que o vehículo causante do sinistro teña o seu estacionamento habitual en España.

Que o sinistro se producise en España.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros facilitaralle, así mesmo, ó prexudicado o nome e enderezo do propietario, conductor habitual, ou titular legal do vehículo con estacionamento habitual en España, se aquel tivese un interese lexítimo en obter esa información. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Tráfico ou a entidade aseguradora proporcionaralle estes datos ó Consorcio de Compensación de Seguros, establecéndose, en todo caso, as medidas técnicas e organizativas necesarias para asegura-la confidencialidade, seguridade e integridade dos datos e as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Á información de que dispoña o Consorcio de Compensación de Seguros terán acceso, ademais dos prexudicados, os aseguradores destes, os orga-

nismos de información doutros estados membros do Espacio Económico Europeo, a Oficina Española de Aseguradores de Automóviles na súa calidade de organismo de indemnización, e os organismos de indemnización doutros estados membros do Espacio Económico Europeo; así como os fondos de garantía doutros estados membros do Espacio Económico Europeo.

#### CAPÍTULO IV

##### Organismo de indemnización

###### Artigo 26. *Designación.*

Nos supostos previstos polo número 1 do artigo 20, a Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (Ofesauto) terá a consideración de organismo de indemnización perante o que os prexudicados con residencia en España poderán presentar reclamación de indemnización nos supostos previstos no artigo 27.

###### Artigo 27. *Reclamacións ante Ofesauto na súa condición de organismo de indemnización español.*

1. Os prexudicados con residencia en España poderán presentar ante Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización español, reclamación nos seguintes supostos: se no prazo de tres meses a partir da data en que o prexudicado presentase a súa reclamación de indemnización á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente ou ó seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado en España, ningún dos dous deu resposta motivada ó formulado na reclamación; ou se a entidade aseguradora non designase representante para a tramitación e liquidación de sinistros en España, salvo que o prexudicado lle presentase unha reclamación de indemnización directamente á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente e recibise desta unha resposta motivada nos tres meses seguintes á presentación da reclamación.

Non obstante, o prexudicado non poderá presentar unha reclamación a Ofesauto na súa condición de organismo de indemnización, se exerceu o dereito de acción directa contra a aseguradora.

2. Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización, dará resposta á reclamación de indemnización nun prazo de dous meses contado a partir da data en que lle sexa presentada polo prexudicado residente en España, sen que poida condicionar-lo pagamento da indemnización á proba por parte do prexudicado residente en España de que a persoa responsable non pode pagar ou se nega a facelo. Non obstante, porá termo á súa intervención se a entidade aseguradora ou o seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado en España lle dá, con posterioridade, unha resposta motivada á reclamación, ou se ten coñecemento con posterioridade de que o prexudicado exerceu o dereito de acción directa contra a aseguradora do vehículo responsable.

3. Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización español, informará inmediatamente á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente ou ó seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado en España, ó organismo de indemnización do estado en que estea situado o establecemento da entidade aseguradora que emitiu a póliza e, de se coñece-la súa identidade, á persoa causante do accidente,

de que recibiu unha reclamación do prexudicado e de que lle dará resposta a esta nun prazo de dous meses contado desde a data da súa presentación.

4. A intervención de Ofesauto na súa condición de organismo de indemnización español, limítase ós supostos nos que a entidade aseguradora non cumpra as súas obrigas e será subsidiaria desta.

###### Artigo 28. *Dereito de repetición entre organismos de indemnización, subrogación e reembolso.*

Ofesauto, na súa calidade de organismo de indemnización español, unha vez indemnizase o prexudicado residente en España, terá dereito a reclamar do organismo de indemnización do estado membro en que se encontre o establecemento da entidade aseguradora que emitiu a póliza o reembolso do importe satisfeito en concepto de indemnización.

Ofesauto, na súa calidade de organismo de indemnización do estado membro en que se encontra o establecemento da aseguradora que emitiu a póliza, unha vez que lle reembolsase ó organismo de indemnización do estado de residencia do prexudicado o importe aboado por este ó prexudicado en concepto de indemnización, subrogarase nos dereitos do prexudicado.

###### Artigo 29. *Non identificación do vehículo ou da entidade aseguradora.*

Se non fose posible identifica-lo vehículo ou se, transcorridos dous meses desde o accidente, non fose posible identifica-la entidade aseguradora, o prexudicado residente en España poderalle solicitar unha indemnización á Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (Ofesauto), na súa calidade de organismo de indemnización, polos límites do aseguramento de subscripción obrigatoria vixentes no país no que acontecera o sinistro. Este organismo de indemnización, unha vez pagada a indemnización e polo importe satisfeito, pasará a ser acredor:

Do fondo de garantía do estado membro no que o vehículo teña o seu estacionamento habitual, en caso de que non se poida identifica-la entidade aseguradora.

Do fondo de garantía do estado membro en que sucedese o accidente, en caso de que non se poida identifica-lo vehículo.

Do fondo de garantía do estado membro en que sucedese o accidente, en caso de vehículos de países terceiros adheridos ó sistema da Carta Verde.

#### CAPÍTULO V

##### Colaboración e acordos entre organismos. Lei aplicable e xurisdicción competente

###### Artigo 30. *Colaboración e acordos entre organismos.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros colaborará co resto de organismos de información do Espacio Económico Europeo co fin de lles facilita-lo acceso á súa información ós residentes noutros países distintos a España.

Para o adecuado cumprimento das funcións que se atribúen nesta lei, o Consorcio poderá subscribir acordos con organismos de información, organismos de indemnización e con aquelas organizacións

c

e institucións creadas ou designadas para a xestión dos sinistros a que se refire o artigo 20 desta lei, noutros estados membros do Espacio Económico Europeo.

2. A Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (Ofesauto) poderá subscribir acordos cos organismos de indemnización, organismos de información ou outras institucións creadas ou designadas para a xestión dos sinistros a que se refire o artigo 20 desta lei, noutros estados membros do Espacio Económico Europeo.

**Artigo 31.** *Lei aplicable e xurisdicción competente.*

Sen prexuízo do disposto polas normas de dereito internacional privado, ós sinistros a que se refire este título seralles de aplicación a lexislación do estado onde sucedese o accidente, sendo competentes os xuíces e tribunais deste estado.»

**Artigo 34.** *Modificacións ó Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros como consecuencia do establecemento de novos mecanismos para a tramitación e liquidación de sinistros no estado de residencia do prexudicado.*

Primeiro. O número 3 do artigo 16 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, queda redactado do seguinte modo:

«3. Elaborar plans e programas de prevención e redución de sinistros e desenvolvelos a través das correspondentes campañas e medidas preventivas.»

Segundo. Engádeselle un novo número 4 ó artigo 16 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, coa seguinte redacción:

«4. Concertar convenios con fondos de garantía ou outras institucións relacionadas cos seguros obrigatorios, co obxecto de facilita-lo respectivo cumprimento das súas funcións no ámbito dos seguros obrigatorios e calquera outra que lle atribúan as normas legais ou regulamentarias vixentes.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> OUTRAS NORMAS DE PROTECCIÓN

**Artigo 35.** *Infraccións por deficiencias de organización administrativa e control interno.*

Primeiro. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito:

Un. Engádesse un novo parágrafo n) no artigo 4, da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, co seguinte teor literal:

«n) Presentar, a entidade de crédito ou o grupo consolidable a que pertenza, deficiencias na organización administrativa e contable, ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión dos riscos, cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou a viabilidade da entidade.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo r) no artigo 5, da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coa seguinte redacción:

«r) Presentar, a entidade de crédito ou o grupo consolidable a que pertenza, deficiencias na organización administrativa e contable, ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos, unha vez que transcorrese o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes, e sempre que isto non constituía infracción moi grave conforme o previsto no artigo anterior.»

Segundo. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

Un. Engádesse un novo parágrafo e) bis no artigo 99, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«e) bis. Presentaren as entidades sometidas á supervisión prudencial da Comisión Nacional do Mercado de Valores deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión dos riscos, cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou a viabilidade da entidade.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo c) bis no artigo 100, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«c) bis. Presentaren as entidades sometidas á supervisión prudencial da Comisión Nacional do Mercado de Valores deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión dos riscos, unha vez que transcorrese o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes e sempre que isto non constituía infracción moi grave.»

Terceiro. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados:

Un. Engádeselle un novo parágrafo q) ó número 3 do artigo 40, da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«q) Presentar deficiencias na organización administrativa e contable, ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos, cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou viabilidade da entidade aseguradora.»

Dous. Engádeselle un novo parágrafo q) ó número 4 do artigo 40, da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«q) Presentar deficiencias na organización administrativa e contable, ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos, unha vez que transcorrese o prazo concedido para o efecto para a súa corrección polas autoridades competentes, e sempre que isto non constituía infracción moi grave conforme o previsto no número anterior.»

**Artigo 36.** *Réxime dos establecementos de cambio de moeda.*

Primeiro. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado do seguinte modo:

«Non obstante, a actividade profesional exercida por persoas físicas ou xurídicas distintas das entidades de crédito, descrita no número seguinte, queda suxeita á autorización administrativa previa do Banco de España.»

Segundo. Modifícase o parágrafo segundo do número 2 do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado do seguinte modo:

«Para obter e conserva-la mencionada autorización será necesario que os titulares ou responsables da actividade contén con recoñecida honorabilidade comercial e profesional así como, no caso de que a actividade inclúa a xestión de transferencias co exterior, que, para garantir unha xestión sa e prudente do establecemento, se considere adecuada, nos termos que se fixen regulamentariamente, a idoneidade dos accionistas que de forma directa ou indirecta posúan participacións no capital ou dereitos de voto do establecemento que representen unha porcentaxe igual ou superior ó 5 por cento dos mesmos.»

Terceiro. Modifícase o último parágrafo e, a continuación, introdúcense dous parágrafos no número 2 do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado do seguinte modo:

«Ademais, regulamentariamente establecerase a esixencia de especiais requisitos de natureza societaria ós establecementos que realicen operacións de venda de billetes estranxeiros ou cheques de viaxeiro ou xestión de transferencias internacionais, así como as medidas necesarias para garanti-lo mantemento de tódolos requisitos esixidos para obte-la autorización.

Corresponderanlle ó Banco de España a supervisión e o control dos establecementos de cambio de moeda autorizados para a venda de billetes estranxeiros ou cheques de viaxeiro ou xestión de transferencias internacionais. Cando se trate de establecementos autorizados unicamente para a realización de operacións de compra, a vixilancia e o control do cumprimento das disposicións relativas ó réxime de transparencia das operacións e información á clientela sobre elas corresponderalle á administración que teña atribuídas as competencias relativas á defensa de consumidores e usuarios.

O anterior enténdese sen prexuízo das competencias atribuídas en materia de branqueo de capitais e das competencias do Banco de España para lles esixir a tódolos establecementos inscritos nos seus rexistros as informacións, mesmo de orde estatística, que considere necesarias para a súa correcta xestión.»

Cuarto. Dáselle a seguinte nova redacción ó parágrafo primeiro do número tres do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

«O réxime sancionador aplicable ós titulares de establecementos de cambio de moeda, así como ós seus administradores e directivos, será o esta-

blecido no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coas adaptacións que regulamentariamente se establezan atendendo á especial natureza das súas funcións, así como o procedemento sancionador establecido para os suxeitos que participan nos mercados financeiros. No caso de que o titular do establecemento de cambio estea autorizado para a xestión de transferencias co exterior, o réxime previsto neste parágrafo alcanzará tamén as persoas físicas ou xurídicas que posúan, directa ou indirectamente, unha participación no seu capital ou nos dereitos de voto que represente unha porcentaxe igual ou superior ó 10 por 100 destes.»

Quinto. Dáselle a seguinte nova redacción ó parágrafo terceiro do número tres do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

«Sen prexuízo do que antecede, será competente para instruí-los pertinentes expedientes e para impo-las sancións, calquera que sexa a súa graduación, o Banco de España.»

Sexto. Dáselle a seguinte nova redacción ó número 4 do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

«As persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades de crédito, que, sen teren obtido a preceptiva autorización nin estaren inscritas nos rexistros correspondentes do Banco de España, efectúen co público con carácter profesional operacións de cambio de moeda estranxeira, ou lle ofrezan ó público a realización destas, poderán ser sancionadas e requiridas polo Banco de España, segundo o previsto no artigo 29 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e seralles de aplicación a disposición adicional décima desta lei, todo isto coas adaptacións que regulamentariamente se establezan.»

Sétimo. Introdúcese un novo número 4 bis no artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

«4 bis. Os establecementos de cambio de moeda autorizados para a xestión de transferencias co exterior deberán someterse en todo caso á auditoría de contas prevista no artigo 1.2 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.»

Oitavo. O número cinco do artigo 178 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, pasará a te-la seguinte redacción:

«Cinco. Sen prexuízo das habilitacións específicas contidas neste artigo, facúltase o Goberno, con carácter xeral, para desenvolve-los seus preceptos regulando, para tal fin, o réxime aplicable á actividade de cambio de moeda estranxeira en España e, de se-lo caso, no exterior dos titulares autorizados en España. En particular, no caso de titulares autorizados para a xestión de transferencias co exterior, este réxime regulamentario poderá establecer controis previos á adquisición directa ou indirecta de participacións no capital ou dereitos de voto que representen unha porcentaxe igual ou superior ó dez por cento destes, requisitos mínimos de capital e fondos propios así como outras medidas adecuadas para reforza-la solvencia e liquidez de tales titulares e protexe-los intereses dos seus clientes; estas medidas poderán consistir, entre

c

outras, no investimento obrigatorio en activos de baixo risco e elevada liquidez así como na inmovilización de certos activos en garantía do cumprimento das obrigas derivadas do exercicio da súa actividade.

No marco da normativa de prevención do branqueo de capitais, habilitase o ministro de Economía para regular, mediante orde, os seguintes aspectos do réxime xurídico dos establecementos de cambio de moeda e dos seus axentes:

a) Contías máximas das operacións de cambio de moeda ou de xestión de transferencias que estes poidan realizar.

b) Requisitos e modelos nos que se materialice a información sobre o cliente nas transaccións en que interveñan.

c) Desenvolvemento de sistemas automatizados e formas de control de transaccións de risco.

d) Establecemento de sistemas de auditoría externa sobre a correcta aplicación de medidas para a prevención do branqueo de capitais.»

### **Artigo 37.** *Transparencia das operacións vinculadas.*

Engádeselle o seguinte parágrafo ó artigo 35 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«As sociedades emisoras de valores admitidos a negociación nalgún mercado secundario oficial deberán incluír necesariamente nas informacións semestrais a que se refire o parágrafo segundo do presente artigo, información cuantificada de todas as operacións realizadas pola sociedade con partes vinculadas na forma que determine o Ministerio de Economía ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, con indicación do tipo e natureza das operacións efectuadas e das partes vinculadas que interviñeron nelas. Non obstante, o Ministerio de Economía determinará as operacións sobre as que deberá facilitarse información individualizada, en caso de que aquelas sexan significativas pola súa contía ou relevantes para unha adecuada comprensión dos estados financeiros da sociedade. Así mesmo, o Ministerio de Economía determinará regulamentariamente ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, as operacións vinculadas sobre as que non haberá que facilitar información, fundado en causa lexítima.»

### **Artigo 38.** *Réxime da comunicación de información relevante e do uso de información privilexiada.*

Primeiro. Modifícase o artigo 78 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 78.

1. As empresas de servizos de investimento, as entidades de crédito, as institucións de investimento colectivo, os emisores, os analistas de investimentos en valores e instrumentos financeiros e, en xeral, cantas persoas ou entidades exerzan, de forma directa ou indirecta, actividades relacionadas cos mercados de valores, deberán respectivamente as seguintes normas de conduta:

a) As normas de conduta contidas neste título.

b) Os códigos de conduta que, en desenvolvemento das normas a que se refire o parágrafo a) anterior, aprrobe o Goberno ou, con habilitación expresa deste, o ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) As contidas nos seus propios regulamentos internos de conduta.

2. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán establecer que os regulamentos internos de conduta mencionados no parágrafo c) do número anterior conteñan medidas concretas tendentes a garantir o cumprimento do disposto nos seguintes artigos deste título.»

Segundo. Dáselle unha nova redacción ó artigo 80 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 80.

En ningún caso deberán as persoas ou entidades a que se refire o artigo anterior:

a) Realizar prácticas que teñan por obxecto ou produzan o efecto de provocar unha evolución artificial das cotizacións.

b) Multiplicar as transaccións de forma innecesaria e sen beneficio para o cliente.

c) Atribuírse a si mesmas un ou varios valores cando teñan clientes que os solicitasen en idénticas ou mellores condicións.

d) Antepoñer a venda de valores propios ós dos seus clientes, cando estes ordenasen vender a mesma clase de valor en idénticas ou mellores condicións.»

Terceiro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 81 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 81.

1. Considerarase información privilexiada toda información de carácter concreto que se refira directa ou indirectamente a un ou varios valores negociables ou instrumentos financeiros dos comprendidos dentro do ámbito de aplicación desta lei, ou a un ou varios emisores dos citados valores negociables ou instrumentos financeiros, que non se fixese pública e que, de facerse ou terse feito pública, podería influír ou influírse de maneira apreciable sobre a súa cotización nun mercado ou sistema organizado de contratación.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación tamén ós valores negociables ou instrumentos financeiros respecto dos cales se cursase unha solicitude de admisión a negociación nun mercado ou sistema organizado de contratación.

En relación cos instrumentos financeiros derivados sobre materias primas, considerarase información privilexiada toda información de carácter concreto, que non se fixese pública, e que se refira directa ou indirectamente a un ou a varios deses instrumentos financeiros derivados, que os usuarios dos mercados en que se negocien eses produtos esperarían recibir consonte as prácticas de mercado aceptadas nos devanditos mercados.

2. Todo o que dispoña de información privilexiada se deberá abster de executar por conta propia ou allea, directa ou indirectamente, algunha das condutas seguintes:

a) Preparar ou realizar calquera tipo de operación sobre os valores negociables ou sobre instrumentos financeiros dos mencionados no número anterior ós que a información se refira, ou sobre calquera outro valor, instrumento financeiro ou contrato de calquera tipo, negociado ou non nun mercado secundario, que teña como subxacente os



valores negociables ou instrumentos financeiros ós que a información se refira.

Exceptúase a preparación e realización das operacións das que a existencia constitúe, en si mesma, a información privilexiada, así como as operacións que se realicen en cumprimento dunha obriga, xa vencida, de adquirir ou ceder valores negociables ou instrumentos financeiros, cando esta obriga estea recollida nun acordo suscrito antes de que a persoa de que se trate estea en posesión da información privilexiada, ou outras operacións efectuadas de conformidade coa normativa aplicable.

b) Comunicar esta información a terceiros, salvo no exercicio normal do seu traballo, profesión ou cargo.

c) Recomendarlle a un terceiro que adquira ou ceda valores negociables ou instrumentos financeiros ou que faga que outro os adquira ou ceda baseándose nesta información.

As prohibicións establecidas neste número aplícanse a calquera persoa que posúa información privilexiada cando esta persoa saiba, ou debese saber, que se trata desta clase de información.

3. As prohibicións establecidas no número anterior non son de aplicación ás operacións efectuadas para executar a política monetaria, de tipo de cambio ou de xestión da débeda pública por parte dun estado membro da Unión Europea, do Sistema Europeo de Bancos Centrais, dun banco central nacional ou doutro organismo oficialmente designado para tal efecto, ou por parte de calquera outra persoa que actúe en nome destes. Tampouco se aplicarán ás operacións sobre accións propias no marco de programas de recompra efectuadas polos emisores, nin á estabilización dun valor negociable ou instrumento financeiro sempre que estas operacións se realicen nas condicións que se fixen regulamentariamente.

4. Tódalas persoas ou entidades que actúen nos mercados de valores ou exerzan actividades relacionadas con eles e, en xeral, calquera que posúa información privilexiada, ten a obriga de salvagardala, sen prexuízo do seu deber de comunicación e colaboración coas autoridades xudiciais e administrativas nos termos previstos nesta ou noutras leis. Polo tanto, adoptarán as medidas adecuadas para evitar que tal información poida ser obxecto de utilización abusiva ou desleal e, de se-lo caso, tomarán de inmediato as necesarias para corrixi-las consecuencias que disto se derivasen.

5. Os organismos públicos que faciliten estatísticas que puidesen ter repercusións importantes nos mercados financeiros difundiranas de modo correcto e transparente.

6. Facúltase o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para establecer respecto ás diferentes categorías de persoas ou entidades e das súas operacións no mercado de valores, medidas concretas para a salvagarda da información privilexiada posuída.»

Cuarto. Modifícase o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a ser:

«Artigo 82.

1. Considerarase información relevante toda aquela o coñecemento da cal poida afectar a un investidor razoablemente para adquirir ou transmitir valores ou instrumentos financeiros e, polo tanto, poida influír de forma sensible na súa cotización nun mercado secundario.

2. Os emisores de valores están obrigados a difundir inmediatamente ó mercado, mediante comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, toda información relevante.

3. A comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facerse con carácter previo á súa difusión por calquera outro medio e tan pronto como se coñeza o feito, se adopte a decisión ou se asine o acordo ou contrato con terceiros de que se trate. O contido da comunicación deberá ser veraz, claro, completo e, cando así o esixa a natureza da información, cuantificado, de maneira que non induza a confusión ou engano. Os emisores de valores difundirán tamén esta información nas súas páxinas de Internet.

4. Cando o emisor considere que a información non debe ser feita pública por afectar-las seus intereses lexítimos, informará inmediatamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá dispensalo de tal obriga de conformidade co previsto no artigo 91 desta lei.

5. Facúltase o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, para desenvolver, respecto ás obrigas establecidas no presente artigo, os procedementos e formas de efectuar-las comunicacións anteriores, determina-lo prazo durante o cal se publicará nas páxinas de Internet dos emisores a información relevante, así como para precisar-las demais extremos ós que este se refire.»

Quinto. O artigo 83 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 83.

1. Tódalas entidades ou grupos de entidades que presten servizos de investimento e as demais entidades que actúen ou presten servizos de asesoramento de investimento nos mercados de valores, teñen a obriga de establecer-las medidas necesarias para impedi-lo fluxo de información privilexiada entre as súas distintas áreas de actividade, de forma que se garanta que cada unha destas tome de maneira autónoma as súas decisións referentes ó ámbito dos mercados de valores e, así mesmo, se eviten conflitos de interese.

En particular, estas entidades están obrigadas a:

a) Establecer áreas separadas de actividade dentro da entidade ou do grupo ó que pertencen, sempre que actúen asemade en varias delas. En particular, deberán constituírse en áreas separadas, polo menos, cada un dos departamentos que desenvolven as actividades de xestión de carteira propia, xestión de carteira allea e análise.

b) Establecer adecuadas barreiras de información entre cada área separada e o resto da organización e entre cada unha das áreas separadas.

c) Definir un sistema de decisión sobre investimentos que garanta que estas se adopten autonomamente dentro da área separada.

d) Elaborar e manter actualizada unha lista de valores e instrumentos financeiros sobre os que se dispón de información privilexiada e unha relación de persoas e datas en que tivesen acceso a tal información.

2. Ademais, tódalas entidades e grupos de entidades que realicen, publiquen ou difundan informes ou recomendacións sobre sociedades emisoras de valores ou instrumentos financeiros cotizados deberán comportarse de forma leal e imparcial, deixando constancia en lugar destacado nos seus informes, publicacións ou recomendacións das vinculacións

c

relevantes, incluídas as relacións comerciais, e da participación estable que a entidade ou o grupo manteña ou vaia manter coa empresa obxecto da análise, así como que o documento non constitúe unha oferta de venda ou subscripción de valores.

3. O ministro de Economía e, coa súa habilitación específica, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán establecer medidas de carácter obrigatorio en desenvolvemento deste artigo e, en concreto, a obriga de que estas entidades contén un regulamento interno de conducta específico para o servizo de asesoramento de investimentos.»

Sexto. Incorpórase un novo artigo 83 bis na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 83 bis.

1. Os emisores de valores, durante as fases de estudo ou negociación de calquera tipo de operación xurídica ou financeira que poida influír de maneira apreciable na cotización dos valores ou instrumentos financeiros afectados, teñen a obriga de:

a) Limita-lo coñecemento da información estritamente a aquelas persoas, internas ou externas á organización, ás que sexa imprescindible.

b) Levar, para cada operación, un rexistro documental no que consten os nomes das persoas a que se refire o número anterior e a data en que cada unha delas coñeceu a información.

c) Advertir expresamente as persoas incluídas no rexistro do carácter da información e do seu deber de confidencialidade e da prohibición do seu uso.

d) Establecer medidas de seguridade para a custodia, arquivo, acceso, reprodución e distribución da información.

e) Vixia-la evolución no mercado dos valores emitidos por eles e as noticias que os difusores profesionais de información económica e os medios de divulgación emitan e lles puidesen afectar.

f) No suposto de que se produza unha evolución anormal dos volumes contratados ou dos prezos negociados e existan indicios racionais de que tal evolución se está a producir como consecuencia dunha difusión prematura, parcial ou distorsionada da operación, difundir de inmediato un feito relevante que informe, de forma clara e precisa, do estado en que se encontra a operación en curso ou que conteña un avance da información que se subministrará, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 82.4 desta lei.

2. Os emisores de valores están obrigados a somete-la realización de operacións sobre as súas propias accións ou instrumentos financeiros a eles referenciados a medidas que eviten que as decisións de investimento ou desinvestimento poidan verse afectadas polo coñecemento de información privilexiada.

3. Os emisores teñen igualmente a obriga de somete-los membros do seu órgano de administración, os directivos tal e como estes se definan regulamentariamente, e o persoal integrado nas áreas relacionadas coas actividades do mercado de valores a medidas que impidan o uso de información privilexiada sobre os valores e instrumentos financeiros emitidos pola propia entidade ou outras do seu grupo.

4. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado

de Valores, poderán establecer medidas con carácter obrigatorio en desenvolvemento deste artigo. En especial determinarán a forma e os prazos en que os administradores e directivos, e aquelas persoas que teñan un vínculo estreito con eles, deben informa-la Comisión Nacional do Mercado de Valores e o público en xeral sobre as adquisicións de valores e instrumentos financeiros, emitidos pola entidade na que desempeñan tales cargos ou referenciados a estes.»

Sétimo. Introdúcese un novo número 8 no artigo 84 da Lei 24/1988, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«8. Respecto ó establecido nos artigos 81, 82 e 83 ter, e sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, a Comisión Nacional do Mercado de Valores será competente non só dos actos levados a cabo en territorio español ou fóra del que se refiran a valores negociables ou instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado regulado situado en territorio español ou para os que se cursase unha solicitude de admisión a negociación neste territorio, senón tamén respecto dos actos levados a cabo en territorio español en relación con valores negociables e instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado regulado nun estado membro da Unión Europea ou para os que se cursase unha solicitude de admisión a negociación nun mercado situado nalgún estado membro da Unión.»

Oitavo. Modifícase o artigo 89 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-la redacción seguinte:

«Artigo 89. Coas particularidades previstas no artigo seguinte, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderalles ordenar ós emisores de valores e a calquera entidade relacionada cos mercados de valores que procedan a poñer en coñecemento inmediato do público feitos ou informacións relevantes que poidan afectar á súa negociación, podendo, no seu defecto, facelo ela mesma.»

Noveno. Dáselles unha nova redacción ós parágrafos ñ) e o) do artigo 99 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasan a ser:

«ñ) O incumprimento, por parte dos emisores de valores, da obriga establecida no artigo 82 cando disto se derive un prexuízo grave para o mercado, o incumprimento dos requirimentos da Comisión Nacional do Mercado de Valores formulados en virtude do artigo 89, así como a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores de datos inexactos ou non veraces, ou a achega a esta de información enganosa ou que omita maliciosamente aspectos ou datos relevantes.

o) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 81.2 desta lei, cando o volume dos recursos, dos valores ou dos instrumentos financeiros utilizados na comisión da infracción sexa relevante ou o infractor tivese coñecemento da información pola súa condición de membro dos órganos de administración, dirección ou control do emisor, polo exercicio da súa profesión, traballo ou funcións ou figure ou debese ter figurado nos rexistros ós que se refiren os artigos 83 e 83 bis desta lei.»

Décimo. Dáselle a seguinte redacción ó parágrafo x) do artigo 100 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«x) O incumprimento do disposto no número 2 do artigo 81 desta lei cando non constituía infracción moi grave.»

### Artigo 39. *Manipulación de cotizacións.*

Primeiro. Engádesse un artigo 83 ter na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«Artigo 83 ter.

1. Toda persoa ou entidade que actúe ou se relacione no mercado de valores debe absterse da preparación ou realización de prácticas que falseen a libre formación dos prezos. Como tales entenderanse as seguintes:

a) As operacións ou ordes:

Que proporcionen ou poidan proporcionar indicios falsos ou enganosos en canto á oferta, a demanda ou o prezo dos valores negociables ou instrumentos financeiros.

Que aseguren, por medio dunha persoa ou de varias persoas que actúen de maneira concertada, o prezo dun ou varios instrumentos financeiros nun nivel anormal ou artificial, a menos que a persoa que efectuase as operacións ou emitise as ordes demostre a lexitimidade das súas razóns e que estas se axustan ás prácticas de mercado aceptadas no mercado regulado de que se trate.

b) Operacións ou ordes que empreguen dispositivos ficticios ou calquera outra forma de engano ou maquinación.

c) Difusión de información a través dos medios de comunicación, incluído Internet, ou a través de calquera outro medio, que proporcione ou poida proporcionar indicios falsos ou enganosos en canto ós instrumentos financeiros, incluída a propagación de rumores e noticias falsas ou enganosas, cando a persoa que as divulgou soubese ou debese saber que a información era falsa ou enganosa. Con respecto ós xornalistas que actúen a título profesional, esta divulgación de información avaliarase tendo en conta as normas que rexen a súa profesión, a menos que estas persoas obteñan directa ou indirectamente unha vantaxe ou un beneficio da mencionada difusión de información.

2. Non obstante, non se considerarán incluídas no número anterior as operacións ou ordes a que se refire o artigo 81.3 e, en xeral, as efectuadas de conformidade coa normativa aplicable.

3. Facúltase o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para desenvolver, respecto á prohibición establecida neste artigo, unha relación e descrición non exhaustiva das prácticas concretas contrarias á libre formación dos prezos.»

Segundo. Dáselle a seguinte redacción ó parágrafo i) do artigo 99 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

«i) O incumprimento do disposto no artigo 83 ter desta lei, cando produza unha alteración significativa da cotización.»

Terceiro. Modifícase a redacción do parágrafo w) do artigo 100 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a se-la seguinte:

«w) O incumprimento do disposto no artigo 83 ter desta lei, cando non constituía infracción moi grave conforme o disposto no artigo anterior.»

### Artigo 40. *Potestades da Comisión Nacional do Mercado de Valores para a protección dos investidores.*

Dáselle unha nova redacción ó número 7 do artigo 64 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«7. As persoas ou entidades que incumpran o previsto nos dous números anteriores serán sancionadas segundo o previsto no título VIII desta lei. Se, requiridas para que cesen inmediatamente na utilización das denominacións ou na oferta ou realización das actividades, as continuasen utilizando ou realizando, serán sancionadas con multas coercitivas polo importe de ata trescentos mil euros, que poderán ser reiteradas con ocasión de posteriores requirimentos.

Será competente para a formulación dos requirimentos e para a imposición das multas a que se refire o parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que tamén poderá facer advertencias públicas respecto á existencia desta conducta. Os requirimentos formularanse logo de audiencia da persoa ou entidade interesada e as multas imporanse conforme o procedemento previsto na lei.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo das demais responsabilidades, mesmo de orde penal, que poidan ser esixibles.»

### Artigo 41. *Modificación do réxime xurídico das institucións de investimento colectivo.*

Primeiro. Modifícanse o primeiro parágrafo do número 1 e o número 2 do artigo 8 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que pasan a te-la seguinte redacción:

«1. Toda institución de investimento colectivo, para dar comezo á súa actividade, deberá obter a previa autorización do proxecto de constitución pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, constituírse como sociedade anónima ou fondo de investimento, segundo proceda, e inscribirse no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores que corresponda á institución.»

«2. No Rexistro Mercantil inscribíranse, conforme o Código de comercio, as escrituras de constitución de sociedades mercantís que teñan condición de institución de investimento colectivo ou desempeñen funcións de xestores ou depositarios. A inscrición no Rexistro Mercantil das escrituras de constitución de fondos será potestativa.»

Segundo. Modifícase o primeiro parágrafo do número 3 do artigo 8 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que pasa a te-la seguinte redacción:

«3. Os xestores das institucións de investimento colectivo adquirirán o carácter de tales mediante a autorización previa do ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Os depositarios das institucións de inves-

c

timento colectivo adquirirán o carácter de tales mediante a autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. En ámbolos casos requírese a posterior inscrición no correspondente rexistro administrativo da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta inscrición realizarase conforme o que dispoña o regulamento de desenvolvemento desta lei.»

Terceiro. Modifícase o parágrafo primeiro do número 3 do artigo 17 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que pasa a te-la seguinte redacción:

«A sociedade xestora e o depositario poderán ser autorizados antes da constitución do fondo e na forma que regulamentariamente se determine, para levar a cabo unha subscrición pública de participacións.»

Cuarto. Modifícase o número segundo do artigo 23 bis da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Poderán fusionarse fondos de investimento xa sexa mediante a absorción por un fondo xa existente, xa sexa mediante a extinción de cada un deles e a transmisión en bloque do patrimonio a un novo fondo.

A iniciación do procedemento requirirá o acordo previo da sociedade xestora e do depositario dos fondos que se vaian fusionar, que, xunto co proxecto de fusión, se presentará ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa autorización. A autorización do proceso de fusión terá a consideración de feito relevante e deberá ser obxecto de publicación no "Boletín Oficial del Estado" e en dous xornais de ámbito nacional; así mesmo, a autorización deberá ser obxecto de comunicación ós partícipes de tódolos fondos afectados, xunto co proxecto de fusión, nos dez días seguintes ó da súa notificación, que poderán, no prazo dun mes, optar polo reembolso das súas participacións sen comisión ou desconto de reembolso nin ningún gasto bancario, ó valor liquidativo do día en que finalice este prazo determinado conforme o artigo 20.2.

Transcorrido o prazo dun mes desde a data dos anuncios ou desde a remisión da notificación individualizada, se esta fose posterior, a sociedade xestora e o depositario dos fondos executarán a fusión mediante o outorgamento da escritura pública e a súa inscrición nos rexistros que proceda. A ecuación de cambio determinarase sobre a base dos valores liquidativos e número de participacións en circulación ó peche do día anterior ó do outorgamento da escritura. Os estados financeiros que se incorporen a esta poderán ser aprobados por persoa debidamente facultada da sociedade xestora e do depositario.

Reglamentariamente desenvolverase o contido mínimo do proxecto de fusión de fondos.»

Quinto. Engádeselle o seguinte inciso final ó artigo 27.3, parágrafo primeiro, da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo:

«...sempre que teñan a condición de entidade participante nos sistemas de compensación, liquidación e rexistro nos diferentes mercados españois.»

Sexto. Engádeselle o seguinte inciso final ó último parágrafo do artigo 27.3 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo:

«... e as esixencias que deben satisfacer as entidades que realicen o depósito de valores estranxeiros das institucións de investimento colectivo.»

Sétimo. Introdúcese un segundo parágrafo no número 2 do artigo 28 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, que terá a seguinte redacción:

«Declarada xudicialmente a quebra ou admitida a trámite a solicitude de suspensión de pagamentos dunha entidade depositaria de valores de calquera institución de investimento colectivo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispor de forma inmediata e sen custo para a institución, o traslado dos valores estranxeiros, mesmo os depositados en terceiras entidades a nome do depositario por conta das institucións de investimento colectivo que administre, a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade. Para estes efectos, tanto o xuíz competente coma os órganos do procedemento concursal, facilitarán o acceso da entidade á que lle vaian traspasalos valores á documentación e ós rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se lle faga chegar á institución titular dos valores o efectivo procedente do exercicio dos seus dereitos económicos ou da súa venda.»

**Artigo 42.** *Extensión dos requisitos de honorabilidade empresarial e profesional dos administradores e directores xerais e asimilados de empresas de servizos de investimento ós seus apoderados con facultades xerais de representación.*

Primeiro. Incorpórase un novo parágrafo i) no número 1 do artigo 70 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-lo seguinte contido:

«i) Que tódolos membros do seu consello de administración e directores xerais e asimilados teñan unha recoñecida honorabilidade empresarial e profesional. Respecto dos apoderados que non restrinxan o ámbito da súa representación a áreas ou materias específicas ou alleas á actividade que constitúe o obxecto das empresas de servizos de investimento, os conselleiros comprobarán, con anterioridade ó outorgamento do poder, a concorrencia do requisito da honorabilidade empresarial e profesional no apoderado e revogarán os poderes outorgados cando desapareza este requisito.»

Segundo. Créase un parágrafo g) bis no artigo 100 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-lo seguinte contido:

«g) bis. A inobservancia do disposto no parágrafo i) do número 1 do artigo 70 desta lei.»

Terceiro. Introdúcese un último parágrafo no artigo 103 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que pasa a te-lo seguinte contido:

«A comisión da infracción prevista no parágrafo g) bis do artigo 100 comportará, en todo caso, a cancelación da inscrición do representante ou apoderado nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

**Artigo 43.** *Modificación do réxime sancionador das entidades de crédito e doutros aspectos relativos a estas entidades.*

Primeiro. Modifícase a redacción do parágrafo introductorio do parágrafo a) do artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, que pasará a se-lo seguinte:

«a) A realización dos actos que a continuación se relacionan, sen autorización cando esta sexa preceptiva, sen observa-las condicións básicas fixadas nela, ou obtela por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular: (...)»

Segundo. Modifícase a redacción do parágrafo a) do artigo 5 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e introdúcese nel os parágrafos s) e t):

«a) A realización de actos ou operacións sen autorización cando esta sexa preceptiva, sen observa-las condicións básicas dela, ou obtela por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular, salvo nos casos en que isto supoña a comisión dunha infracción moi grave de acordo co previsto no artigo anterior.»

«s) A transmisión ou diminución dunha participación significativa incumprindo o previsto no título VI desta lei.»

«t) A efectiva administración ou dirección das entidades de crédito por persoas que non exerzan de dereito nelas un cargo desta natureza.»

Terceiro. Modifícase o artigo 9 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, que pasa a te-lo seguinte teor literal:

«Artigo 9. Pola comisión de infraccións moi graves seralle imposta á entidade de crédito infractora, unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa por importe de ata o 1 por 100 dos seus recursos propios ou ata 300.000 euros se aquela porcentaxe fose inferior a esta cifra.

b) Revogación da autorización da entidade. No caso de sucursais de entidades de crédito autorizadas noutro estado membro da Unión Europea, a sanción de revogación da autorización entenderase substituída pola prohibición de que inicie novas operacións en territorio español.

c) Amoestación pública con publicación no "Boletín Oficial del Estado".»

Cuarto. Modifícase o artigo 10 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, que pasa a ser:

«Artigo 10. Pola comisión de infraccións graves imporáselle á entidade de crédito unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa por importe de ata o medio por cento dos seus recursos propios, ou ata 150.000 euros se aquela porcentaxe fose inferior a esta cifra.

b) Amoestación pública con publicación no "Boletín Oficial del Estado".»

Quinto. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo b) do artigo 11 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, que queda como segue:

«b) Multa por importe de ata 60.000 euros.»

Sexto. Modifícase a redacción do primeiro parágrafo do número 1 do artigo 12 da Lei 26/1988, do 29

de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e dos seus parágrafos a) e d), que pasan a se-los seguintes:

«Con independencia da sanción que corresponda impor á entidade de crédito infractora pola comisión de infraccións moi graves, poderánselles impoñer as seguintes sancións ós que, exercendo cargos de administración, de feito ou de dereito, nela, sexan responsables da infracción:

a) Multa a cada un deles por importe non superior a 150.000 euros.»

«d) Inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade de crédito ou do sector financeiro, con separación, de se-lo caso, do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade de crédito, por prazo non superior a dez anos.»

Sétimo. Modifícase a redacción do primeiro parágrafo do número 1 do artigo 13 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e dos seus parágrafos c) e d), que pasan a se-los seguintes:

«Con independencia da sanción que corresponda impor á entidade de crédito infractora pola comisión de infraccións graves, poderánselles impoñer as seguintes sancións ós que, exercendo cargos de administración, de feito ou de dereito, nela, sexan responsables da infracción:»

«c) Multa a cada un deles por importe non superior a 90.000 euros.»

«d) Inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade de crédito ou do sector financeiro, con separación, de se-lo caso, do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade de crédito, por prazo non superior a un ano.»

Oitavo. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 29 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

«1. As persoas ou entidades que infrinxan o disposto no artigo anterior, serán sancionadas con multa por importe de ata 150.000 euros. Se, requiridas para que cesen inmediatamente na utilización das denominacións ou na realización das actividades, as continuasen utilizando ou realizando, serán sancionadas con multa por importe de ata 300.000 euros, que poderá ser reiterada con ocasión de posteriores requirimentos.»

Noveno. Introdúcese un novo número, que será o 6, no artigo 43 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, coa seguinte redacción:

«6. A autorización concedida de acordo co previsto neste artigo caducará se non se dá comezo ás actividades autorizadas dentro dos doce meses seguintes á data de notificación da autorización, por causa imputable ó interesado.»

Décimo. Dáselle a seguinte redacción ó parágrafo c) do artigo 45 da Lei de ordenación bancaria, do 31 de decembro de 1946:

«c) Para os acordos de fusión, absorción ou escisión, así como a cesión global de activos ou pasivos nos que interveña unha firma bancaria.»

**Artigo 44.** *Actualización de sancións pola comisión de infraccións en materia de seguros.*

Primeiro. Modifícanse os seguintes números do artigo 41 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados:

Un. O parágrafo d) do número 1, do artigo 41 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«d) Multa por importe de ata o un por cento dos seus fondos propios, ou desde 150.000 ata 300.000 euros se aquela porcentaxe fose inferior a 150.000 euros.»

Dous. O parágrafo c) do número 2, do artigo 41 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«c) Multa por importe desde 30.000 ata 150.000 euros.»

Tres. O número 3, do artigo 41 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pasa a te-la seguinte redacción:

«3. Pola comisión de infraccións leves impo-ráselle á entidade aseguradora a sanción de multa, que poderá acadar ata o importe de 30.000 euros ou a de amoestación privada.»

Segundo. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 42 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados:

«3. Con independencia da sanción que corresponda impor á entidade, pola comisión de infraccións moi graves poderáselles impor unha das seguintes sancións ós que, exercendo cargos de administración, de feito ou de dereito ou de dirección nela, sexan responsables destas infraccións:

a) Separación do cargo, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade aseguradora, por un prazo máximo de dez anos.

b) Suspensión temporal no exercicio do cargo por prazo non inferior a un ano nin superior a cinco anos.

c) Multa, a cada un deles, por importe non superior a 90.000 euros.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, no caso de imposición da sanción prevista no seu parágrafo a) poderase impor asemade a sanción prevista no seu parágrafo c).

4. Con independencia da sanción que corresponda impor á entidade, pola comisión de infraccións graves poderáselles impor unha das seguintes sancións ós que, exercendo cargos de administración de feito ou de dereito, ou de dirección nela, sexan responsables da infracción:

a) Suspensión temporal no exercicio do cargo por prazo non superior a un ano.

b) Multa, a cada un deles, por importe non superior a 45.000 euros.

Esta sanción poderá imporse asemade coa prevista no parágrafo a) anterior.

c) Amoestación privada.

d) Amoestación pública.»

**Artigo 45.** *Actualización de sancións pola comisión de infraccións en materia de valores.*

Primeiro. Modifícanse os artigos seguintes da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores:

Un. Intercálase un segundo parágrafo a continuación do parágrafo e) do artigo 103, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«As sancións por infraccións graves serán publicadas no "Boletín Oficial del Estado" unha vez que sexan firmes na vía administrativa.»

Dous. Intercálase un segundo parágrafo a continuación do parágrafo d) do artigo 105, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«En todo caso, as sancións impostas de acordo co disposto no parágrafo primeiro serán publicadas no "Boletín Oficial del Estado" unha vez que sexan firmes na vía administrativa.»

Tres. Engádesse un segundo parágrafo a continuación do parágrafo c) do artigo 106, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«En todo caso, as sancións impostas de acordo co disposto no parágrafo primeiro serán publicadas no "Boletín Oficial del Estado" unha vez sexan firmes na vía administrativa.»

Segundo. Engádesse un parágrafo k) ó artigo 92 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«k) Un rexistro no que, de conformidade co disposto no número terceiro do artigo 98, se farán consta-las sancións impostas nos últimos cinco anos pola comisión de infraccións graves e moi graves ás persoas físicas e xurídicas suxeitas ó ámbito de supervisión, inspección e sanción previsto no título VIII.»

**Artigo 46.** *Organización e funcións da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

Un. O artigo 14 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 14.

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores é un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que se rexerá polo establecido nesta lei e nas disposicións que a completan ou desenvolven.

2. No exercicio das súas funcións públicas, e en defecto do disposto nesta lei e nas normas que a completan ou desenvolvan, a Comisión Nacional do Mercado de Valores actuará conforme o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. Os contratos que formalice a Comisión Nacional do Mercado de Valores axustaranse ó disposto no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

4. A Comisión rexerese así mesmo por aquelas disposicións que lle sexan de aplicación do texto

refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/ 1998, do 23 de setembro.

5. As adquisicións patrimoniais da Comisión estarán suxeitas, sen ningunha excepción, ó dereito privado.

6. O Goberno e o Ministerio de Economía exercerán respecto da Comisión Nacional do Mercado de Valores as facultades que lles atribúe esta lei, con estricto respecto ó seu ámbito de autonomía.

7. O persoal que preste servizo na Comisión Nacional do Mercado de Valores estará vinculado a ela por unha relación suxeita ás normas do dereito laboral. A selección deste persoal, con excepción daquel que teña carácter directivo, realizarase mediante convocatoria pública e de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

O persoal da Comisión Nacional do Mercado de Valores estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas. Así mesmo, estará obrigado a notificar, conforme o que se estableza no regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as operacións que realice nos mercados de valores, ben fose directamente ou mediante persoa interposta. Esta mesma disposición determinará as limitacións ás que quedará suxeito este persoal respecto á adquisición, venda ou dispoñibilidade de tales valores.

8. A Comisión Nacional do Mercado de Valores elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento, coa estrutura que sinala o Ministerio de Facenda, e remitírallo a este para a súa elevación ó acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado. As variacións no orzamento da Comisión Nacional do Mercado de Valores serán autorizadas polo ministro de Facenda, cando o seu importe non exceda dun 5 por 100 deste, e polo Goberno, nos demais casos.

9. O control económico e financeiro da Comisión Nacional do Mercado de Valores levarase a cabo exclusivamente mediante comprobacións periódicas ou procedementos de auditoría, por conta da Intervención Xeral da Administración do Estado, sen prexuízo das funcións que lle correspondan ó Tribunal de Contas.

10. O Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará o regulamento de réxime interior no que se establecerá a estrutura orgánica da Comisión; a distribución de competencias entre os distintos órganos; os procedementos internos de funcionamento; o réxime específico aplicable ó persoal cando deixa de prestar servizos nela, sen prexuízo, neste caso do disposto no número 7, parágrafo segundo, do presente artigo e no artigo 21 desta lei en canto ós réximes de incompatibilidades, os procedementos de ingreso do persoal, conforme os principios sinalados no número 7 do presente artigo, así como cantas cuestións relativas ó funcionamento e réxime de actuación da Comisión Nacional do Mercado de Valores resulten necesarias conforme as previsións desta lei.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó artigo 18 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Artigo 18. 1. No marco das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Mercado de Valores polo artigo 13 desta lei e para o exercicio das com-

petencias conferidas ó Consello polo artigo 17, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores terá as seguintes facultades:

- a) Aproba-las circulares a que se refire o artigo 15 desta lei.
- b) Aproba-lo regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o artigo 14 desta lei.
- c) Aproba-lo anteproxecto de orzamentos da Comisión.
- d) Constituí-lo Comité Executivo, regulado no presente artigo.
- e) Nomea-los cargos directivos da Comisión Nacional do Mercado de Valores, por proposta do seu presidente.
- f) Aproba-los informes anuais a que se refire o artigo 13 desta lei.
- g) Aprobar ou propor todos aqueles asuntos que legalmente lle corresponden.

No prazo de tres meses a partir da toma de posesión de calquera membro do Consello, este deberá proceder, en sesión extraordinaria, a confirmar, modificar ou revogar, de forma expresa, todas e cada unha das súas delegacións de facultades no presidente e no vicepresidente ou no Comité Executivo.

2. O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores exercerá as seguintes funcións:

- a) Desempeña-la representación legal da Comisión.
- b) Acorda-la convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Consello e do Comité Executivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- c) Dirixir e coordina-las actividades de tódolos órganos directivos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- d) Dispoñe-los gastos e ordena-los pagamentos da Comisión.
- e) Formaliza-los contratos e convenios da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- f) Desempeña-la xefatura superior de todo o persoal da Comisión.
- g) Exerce-las facultades que o Consello lle delegue de forma expresa.
- h) Exerce-las demais funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico vixente.

3. O vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores terá as seguintes atribucións:

- a) Substituí-lo presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- b) Presidi-lo Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores a que se refire o artigo 22 desta lei.
- c) Formar parte, como vicepresidente, do Comité Executivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- d) Exerce-las funcións que o presidente ou o Consello lle deleguen.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o vicepresidente será substituído por aquel conselleiro, dos previstos no artigo 17.c) desta lei, con maior antigüidade no cargo e, a igualdade de antigüidade, polo de maior idade.

4. O Comité Executivo estará integrado polo presidente, o vicepresidente e os conselleiros previstos no artigo 17 c) desta lei. Será secretario do

c

Comité Executivo, con voz e sen voto, o secretario do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. Serán atribucións do Comité Executivo:

a) Preparar e estudar os asuntos que lle vaian ser sometidos ó Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Estudiar, informar e deliberar sobre os asuntos que someta á súa consideración o presidente.

c) Coordinar as actuacións dos diferentes órganos directivos da Comisión, sen prexuízo das atribucións que lle correspondan ó presidente.

d) Aprobar, na esfera do dereito privado, as adquisicións patrimoniais da Comisión e dispor dos seus bens.

e) Resolver as autorizacións administrativas que lle fosen atribuídas por delegación do Consello, así como exercer aquelas facultades que o Consello lle delegue expresamente.»

#### **Artigo 47.** *Comité de auditoría.*

Engádesse unha disposición adicional décimo oitava á Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo oitava. *Comité de auditoría.*

As sociedades emisoras de valores con accións ou obrigas admitidas a negociación en mercados secundarios oficiais de valores deberán ter un comité de auditoría, o cal deberá ter maioría de conselleiros non executivos nomeados polo consello de administración, debendo elixirse o seu presidente entre estes conselleiros non executivos, o cal deberá ser substituído cada catro anos, e poderá ser reelixido unha vez transcorrido un prazo dun ano desde o seu cesamento. O número de membros, as competencias e as normas de funcionamento deste comité fixaranse estatutariamente, e deberá favorecer a independencia no seu funcionamento. Entre as súas competencias estarán, como mínimo, as seguintes:

1. Informar na xunta xeral de accionistas sobre as cuestións que nela formulen os accionistas en materias da súa competencia.

2. Proposta ó consello de administración para o seu sometemento á xunta xeral de accionistas do nomeamento dos auditores de contas externos a que se refire o artigo 204 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

3. Supervisión dos servizos de auditoría interna no caso de que exista o devandito órgano dentro da organización empresarial.

4. Coñecemento do proceso de información financeira e dos sistemas de control interno da sociedade.

5. Relacións cos auditores externos para recibir información sobre aquelas cuestións que poidan poñer en risco a independencia destes e calquera outra relacionada co proceso de desenvolvemento da auditoría de contas, así como aquelas outras comunicacións previstas na lexislación de auditoría de contas e nas normas técnicas de auditoría.»

#### **Artigo 48.** *Exame unificado do sistema de acceso ó Rexistro Oficial de Auditores de Contas.*

O número 5 do artigo 7 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Os exames de aptitude realizaranse mediante o sistema de convocatoria única, por proposta conxunta das corporacións representativas de auditores de contas a que se refire o artigo 5 desta lei, e subsidiariamente polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, logo de aprobación por este último da respectiva convocatoria, que se publicará mediante orde do Ministerio de Economía. A superación destes exames permitirá o acceso ás corporacións representativas dos auditores de contas, en relación co exercicio da función auditora, sen prexuízo dos requisitos específicos que poidan esixir os estatutos de cada corporación.

Regulamentariamente estableceranse as normas para a aprobación do contido dos programas, periodicidade, composición do tribunal, no que deberá constar polo menos un membro de cada unha das corporacións representativas de auditores de contas, e período de formación práctica.»

#### **Artigo 49.** *Formación continuada obrigatoria dos auditores de contas.*

Inclúese un novo número 4 no artigo 6 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, que quedará redactado da seguinte forma:

«4. Os auditores de contas inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas deberán seguir cursos de formación continua, na forma e condicións que se estableza regulamentariamente.»

#### **Artigo 50.** *Modificación do artigo 7 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.*

Os números 6 e 8 do artigo 7 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, quedarán redactados nos seguintes termos:

«6. Poderán ser inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas os que, cumprindo os requisitos establecidos neste artigo, a excepción do disposto no parágrafo a) do número 2, cursasen os estudos ou obtivesen os títulos que faculden para o ingreso na universidade e adquirisen a formación práctica sinalada no número 3 anterior, cun período mínimo de oito anos, en traballos realizados no ámbito financeiro e contable, especialmente referidos ó control de contas anuais, contas consolidadas e estados financeiros análogos, dos cales polo menos cinco anos fosen realizados con persoa habilitada para a auditoría de contas e no exercicio desta actividade.»

«8. Poderán inscribirse no Rexistro Oficial de Auditores de Contas os funcionarios pertencentes a corpos con formación e funcións relacionadas coa auditoría de contas do sector público, ou que examinen ou valoren a situación financeira e patrimonial e a actuación das entidades financeiras ou de compañías aseguradoras, cando cumpran os requisitos para a inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas establecidos no artigo 7 desta lei.

O requisito relativo ó seguimento de programas de ensino teórico e o correspondente á superación do exame de aptitude profesional, establecidos nos



parágrafos b) e c) do número 2 do artigo 7 desta lei, entenderanse cumpridos mediante a superación da oposición ou das probas establecidas para o ingreso no correspondente corpo.

Entenderase así mesmo cumprido o requisito da formación práctica establecido no parágrafo b) do número 2 do artigo 7 desta lei, mediante o desempeño efectivo de traballos correspondentes á auditoría de contas anuais, contas consolidadas ou estados financeiros análogos do sector público, de entidades financeiras ou de compañías aseguradoras, durante un período mínimo de tres anos, certificado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.»

**Artigo 51.** *Introducción de novas incompatibilidades para os auditores de contas e de medidas para a súa rotación.*

Os números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 8 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, quedarán redactados como segue:

«Artigo 8.

1. Os auditores de contas deberán ser e parecer independentes, no exercicio da súa función, das empresas ou entidades auditadas, debendo absterse de actuar cando a súa obxectividade en relación coa verificación dos documentos contables correspondentes puidese verse comprometida.

2. O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas é o organismo encargado de velar polo adecuado cumprimento do deber de independencia, así como de valorar en cada traballo concreto a posible falta de independencia dun auditor de contas ou sociedade de auditoría.

En calquera caso, considerarase que o auditor non goza da suficiente independencia no exercicio das súas funcións respecto dunha empresa ou entidade, ademais de nos supostos de incompatibilidade que prevexan outras leis, cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) O desempeño polo auditor de contas de cargos directivos, de administración, de emprego ou de supervisión interna na entidade auditada ou nunha entidade vinculada directa ou indirectamente con aquela, na forma e condicións que se desenvolvan regulamentariamente.

En todo caso, quedará comprendido no parágrafo anterior o desempeño daqueles cargos nunha entidade que posúa directa ou indirectamente máis do 20 por cento dos dereitos de voto da entidade auditada, ou nas que a entidade auditada posúa directa ou indirectamente máis do 20 por cento dos dereitos de voto.

b) Ter interese financeiro directo na entidade auditada, ou indirecto se é significativo para calquera das partes.

c) A existencia de vínculos de consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao cos empresarios, os administradores e os responsables da área económico-financieira das empresas ou entidades auditadas.

d) O mantemento material ou preparación dos documentos contables ou estados financeiros da entidade auditada.

e) A prestación a un cliente de auditoría de servizos de deseño e posta en práctica de sistemas de tecnoloxía da información financeira, utilizados para xera-los datos integrantes dos estados financeiros deste cliente, salvo que o cliente asuma a responsabilidade do sistema global de control inter-

no ou o servizo se preste seguindo as especificacións establecidas polo cliente, o cal debe asumir tamén a responsabilidade do deseño, execución, avaliación e funcionamento do sistema.

f) A prestación ó cliente de auditoría de servizos de valoración que conduzan á avaliación de cantidades significativas nos estados financeiros deste cliente, sempre que o traballo de valoración implique un grao significativo de subxectividade.

g) A prestación de servizos de auditoría interna ó cliente, salvo que o órgano de xestión da empresa ou entidade auditada sexa responsable do sistema global de control interno, da determinación do alcance, risco e frecuencia dos procedementos de auditoría interna, da consideración e execución dos resultados e recomendacións proporcionados pola auditoría interna.

h) O mantemento de relacións empresariais co cliente de auditoría, a menos que a relación se axuste á actividade empresarial normal, e non sexa significativo para o auditor de contas ou persoa con capacidade para influír no resultado da auditoría, nin para a entidade auditada.

i) A prestación de servizos de avogacía simultaneamente para o mesmo cliente ou para os que o fosen nos tres anos precedentes, salvo que estes servizos os presten persoas xurídicas distintas e con consellos de administración diferentes.

j) A participación na contratación de altos directivos ou persoal clave para o cliente de auditoría, cando se trate de entidades suxeitas a supervisión pública ou de entidades emisoras de valores admitidos a cotización nun mercado secundario oficial.

k) A prestación polo socio asinante do informe de servizos distintos do de auditoría á entidade auditada.

l) A percepción de honorarios derivados da prestación de servizos de auditoría e distintos do de auditoría a un só cliente, sempre que estes constitúan unha porcentaxe indebidamente elevada do total dos ingresos anuais do auditor de contas, considerando a media dos últimos cinco anos.

3. a) Para os efectos do disposto no número 2 anterior, o período de cómputo para as incompatibilidades comprenderá desde o exercicio en que se realizan os traballos ata o terceiro ano anterior ó exercicio ó que se refiran os estados contables auditados.

Non obstante o parágrafo anterior, no suposto de que se trate de incompatibilidades derivadas do parágrafo b) do número 2 anterior, deberase resolver a situación de incompatibilidade con anterioridade á aceptación do nomeamento como auditor.

b) Durante os tres anos seguintes ó cesamento nas súas funcións, os auditores de contas non poderán formar parte dos órganos de administración ou de dirección da empresa ou entidade auditada, nin ocupar posto de traballo nela, nin tampouco poderán ter interese financeiro directo na entidade auditada, ou indirecto se é significativo para calquera das partes.

4. Os auditores serán contratados por un período de tempo determinado inicial que non poderá ser inferior a tres anos nin superior a nove, contado desde a data en que se inicie o primeiro exercicio que se vaia auditar, podendo ser contratados anualmente unha vez que rematase o período inicial.

Tratándose de entidades sometidas a supervisión pública, de sociedades con valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais de

c

valores, ou de sociedades cun importe neto da cifra de negocios superior a 30.000.000 de euros, unha vez transcorridos sete anos desde o contrato inicial, será obrigatoria a rotación do auditor de contas responsable do traballo e da totalidade dos membros do equipo de auditoría, debendo transcorrer en todo caso un prazo de tres anos para que estas persoas poidan volver a audita-la entidade correspondente. Este prazo entenderase cumprido en calquera caso cando, ó seu termo, a entidade auditada se achase sometida a supervisión pública ou os seus valores se encontrasen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial, ou o seu importe neto da cifra de negocios fose superior a 30.000.000 de euros, con independencia de que, durante o transcurso do referido prazo, a entidade obxecto de auditoría de contas, ou os valores emitidos por esta, non cumprisen durante algún período de tempo algunha das circunstancias mencionadas neste parágrafo.

Non obstante, cando as auditorías de contas non fosen obrigatorias, non serán de aplicación as limitacións establecidas nos parágrafos anteriores.

5. Para os efectos deste artigo:

a) As mencións á empresa ou entidade ou ó cliente de auditoría estenderanse a aqueloutras coas que estea vinculada directa ou indirectamente.

b) As mencións ós auditores de contas estenderanse, de se-lo caso, ós cónxuxes destes e ós auditores de contas ou sociedades de auditoría cos que tivesen calquera vinculación directa ou indirecta, así como ás persoas con capacidade para influír no resultado final da auditoría de contas, incluíndo as persoas que forman a cadea de mando.»

## Artigo 52.

Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 11 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas:

«1. Os auditores de contas responderán polos danos e perdas que deriven do incumprimento das súas obrigas, segundo as regras xerais do dereito privado, coas particularidades establecidas no presente artigo.

2. Cando a auditoría de contas a realice un auditor que pertenza a unha sociedade de auditoría, responderán solidariamente tanto o auditor que asina o informe de auditoría como a sociedade.»

## Artigo 53. *Reforma do réxime sancionador en materia de auditoría de contas.*

Primeiro. O artigo 14 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 14.

1. Os auditores de contas e as sociedades de auditoría de contas conservarán e custodiarán durante o prazo de cinco anos, contado a partir da data do informe de auditoría, a documentación referente a cada auditoría de contas por eles realizada, incluídos os papeis de traballo do auditor que constitúan as probas e o soporte das conclusións que consten no informe.

2. Sen prexuízo do que se estableza nas cláusulas do contrato de auditoría poderán, en todo caso, acceder á documentación referente a cada auditoría de contas, quedando suxeitos á obriga establecida no artigo anterior:

a) O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, no exercicio das funcións legalmente atri-

buidas de control e disciplina do exercicio da actividade de auditoría de contas.

b) Quen resulte designado por resolución xudicial.

c) Quen estea autorizado por lei.

d) O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, exclusivamente para os efectos do exercicio das competencias relativas ás entidades suxeitas á súa supervisión e control, en casos especialmente graves, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, así como o Tribunal de Contas, e sempre que non puidesen obter de tales entidades a documentación concreta á que precisen acceder. Estes órganos e organismos poderán requirir do auditor a información de que dispón sobre un asunto concreto, en relación coa auditoría de contas da entidade auditada e coa aclaración, de se-lo caso, do contido dos papeis de traballo.

e) As corporacións representativas dos auditores de contas, para os exclusivos efectos do exercicio do control da calidade dos traballos de auditoría de contas dos seus membros.»

Segundo. O artigo 16 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 16.

1. As infraccións cometidas polos auditores de contas e as sociedades de auditoría de contas no exercicio das súas funcións clasificaranse en moi graves, graves e leves.

2. Consideraranse infraccións moi graves:

a) A emisión de informes de auditoría de contas nos que a opinión non sexa acorde coas probas obtidas polo auditor no seu traballo, sempre que mediase dolo ou negligencia especialmente grave e inescusable.

b) O incumprimento do disposto nos artigos 8.1 e 8.2 desta lei, en relación co deber de independencia dos auditores de contas.

c) A negativa ou resistencia ó exercicio das competencias de control ou disciplina do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas ou a non remisión a este organismo de tanta información ou documentos sexan requiridos no exercicio das funcións legalmente atribuídas de control e disciplina do exercicio da actividade de auditoría de contas, de conformidade co establecido no artigo 22 desta lei.

d) O incumprimento do deber de segredo establecido no artigo 13 desta lei.

e) A utilización en beneficio propio ou alleo da información obtida no exercicio das súas funcións.

3. Consideraranse infraccións graves:

a) O incumprimento da obriga de realizar unha auditoría de contas obrigatoria, contratada en firme.

b) O incumprimento das normas de auditoría que puidese ter un efecto significativo sobre o resultado do seu traballo e, por conseguinte, no seu informe.

c) O incumprimento do disposto no artigo 8.3.b) ou no 8.4 desta lei.

d) A non remisión ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas daquelas informacións, de carácter periódico ou circunstancial, esixidas legal ou regulamentariamente, cando mediase un requirimento para isto.

e) A aceptación de traballos de auditoría de contas que superen a capacidade anual medida en horas do auditor de contas, de acordo co establecido nas normas técnicas de auditoría de contas.

f) O incumprimento do establecido na disposición derradeira primeira desta lei.

g) Identificarse como auditor de contas nun traballo distinto ós que se regulan no artigo 1 desta lei, ou distinto a aqueles que, non tendo a natureza de auditoría de contas, estean atribuídos por lei a auditores de contas.

h) Realizar traballos de auditoría de contas sen estar inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

#### 4. Consideraranse infraccións leves:

a) Calquera acción e omisión que supoña incumprimento das normas de auditoría e que non estea incluída nos números anteriores.

b) A non remisión ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas daquelas informacións, de carácter periódico ou circunstancial, esixidas legal ou regulamentariamente, dentro dos prazos establecidos para isto.

c) O incumprimento das obrigas inherentes á formación continuada, establecidas no artigo 6.4 desta lei.»

Terceiro. O artigo 17 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

#### «Artigo 17.

1. Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle ó infractor, cando se trate dun auditor de contas individual, unha das seguintes sancións:

a) Baixa temporal polo prazo de dous anos e un día a cinco anos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

b) Baixa definitiva no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

c) Multa por importe mínimo de 12.001 euros e máximo de 24.000 euros.

2. Pola comisión de infraccións graves imporáselle ó infractor, cando se trate dun auditor de contas individual, unha das seguintes sancións:

a) Multa por importe de dúas a cinco veces a cantidade facturada polo traballo de auditoría no que se cometese a infracción, sen que poida, en ningún caso, ser inferior a 6.001 euros, nin superior a 12.000 euros.

Cando a infracción non se cometese en relación cun concreto traballo de auditoría, imporáselle ó auditor unha sanción de multa dun importe mínimo de 6.001 euros e máximo de 12.000 euros.

b) Baixa temporal polo prazo de ata dous anos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

3. Pola comisión de infraccións leves imporáselle ó infractor, cando este sexa un auditor de contas individual, unha das seguintes sancións:

a) Multa por importe de ata 6.000 euros.

b) Amoestación privada.

4. Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle á sociedade de auditoría infractora unha das seguintes sancións:

a) Multa por un importe entre o 10,1 e o 20 por 100 dos honorarios facturados por actividade de auditoría de contas no último exercicio pechado con anterioridade á imposición da sanción, sen que a sanción resultante poida ser inferior, en ningún

caso, á menor das seguintes cantidades: 300.000 euros, ou seis veces a cantidade facturada polo traballo de auditoría en relación co que se cometese a infracción.

Cando a infracción non se cometese en relación cun concreto traballo de auditoría, imporáselle á sociedade de auditoría unha sanción de multa dun importe entre o 10,1 e o 20 por 100 dos honorarios facturados por actividade de auditoría de contas no último exercicio pechado con anterioridade á imposición da sanción, sen que a sanción resultante poida ser inferior, en ningún caso, a 18.001 euros.

b) Baixa definitiva no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

5. Ó socio corresponsable da infracción moi grave cometida por unha sociedade de auditoría imporáselle unha das seguintes sancións:

a) Multa por importe mínimo de 12.001 euros e máximo de 24.000 euros.

b) Baixa temporal polo prazo de dous anos e un día a cinco anos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

c) Baixa definitiva no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

6. Pola comisión de infraccións graves imporáselle á sociedade de auditoría infractora unha sanción de multa por un importe de ata o 10 por 100 dos honorarios facturados por actividade de auditoría de contas no último exercicio pechado con anterioridade á imposición da sanción, sen que a sanción resultante poida ser inferior, en ningún caso, á menor das seguintes cantidades: 150.000 euros, ou tres veces a cantidade facturada polo traballo de auditoría en relación co que se impoña a sanción.

Cando a infracción non se cometese en relación cun concreto traballo de auditoría, imporáselle ó auditor unha sanción de multa dun importe de ata o 10 por 100 dos honorarios facturados por actividade de auditoría de contas no último exercicio pechado con anterioridade á imposición da sanción, sen que a sanción poida ser inferior a 6.001 euros.

7. Ó socio corresponsable da infracción grave cometida por unha sociedade de auditoría imporáselle unha das seguintes sancións:

a) Multa por importe mínimo de 3.001 euros e máximo de 12.000 euros.

b) Baixa temporal polo prazo de ata dous anos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

8. Pola comisión de infraccións leves imporáselle á sociedade de auditoría infractora unha sanción de multa por importe de ata 6.000 euros.

9. Ó socio corresponsable da infracción leve imporáselle unha sanción de amoestación privada.

10. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións determinaranse de acordo cos seguintes criterios:

a) A natureza e importancia da infracción.

b) A gravidade do prexuízo ou dano causado ou que puidese causar.

c) A existencia de intencionalidade.

d) A importancia da entidade auditada, medida en función do total das partidas de activo, da súa cifra anual de negocios ou do número de traballadores.

e) As consecuencias desfavorables para a economía nacional.

f) A conducta anterior dos infractores.

c

g) A circunstancia de proceder a realizar por iniciativa propia actuacións dirixidas a emenda-la infracción ou a minora-los seus efectos.

h) Tratarse de entidades suxeitas a supervisión ou control por parte de organismos públicos ou de sociedades con valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.

11. Consideraranse, en todo caso, responsables das infraccións cometidas polas sociedades de auditoría, o socio ou socios que asinasen o informe, cando a infracción derive dun determinado traballo de auditoría.

12. Cando a imposición dunha sanción por infracción moi grave ou grave sexa consecuencia dun traballo de auditoría de contas a unha determinada empresa ou entidade, esta sanción comportará a incompatibilidade do auditor de contas ou sociedade de auditoría con respecto ás contas anuais da mencionada empresa ou entidade correspondentes ós tres primeiros exercicios que se inicien con posterioridade á data en que a sanción adquira firmeza en vía administrativa.»

Cuarto. O artigo 18 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 18.

1. As resolucións mediante as que se impoña calquera das sancións enumeradas no artigo 17, só serán executivas cando adquirisen firmeza en vía administrativa; cando se trate de infraccións moi graves ou graves publicarase a súa parte dispositiva no "Boletín do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas". En tódolos casos, agás as amoestacións privadas, se inscribirán integramente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

2. Nos casos de baixa temporal ou definitiva no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, o auditor de contas adoptará as medidas necesarias para a salvagarda da documentación referente a aquelas auditorías de contas que realizase e saiba incursas nalgunha demanda de responsabilidade civil por parte dun terceiro.»

Quinto. O artigo 19 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 19.

1. As infraccións leves prescribirán ó ano, as graves ós dous anos e as moi graves ós tres anos da súa comisión.

2. A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, volvendo a corre-lo prazo se o expediente permanecese paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ó auditor de contas ou sociedade de auditoría de contas suxeitos ó procedemento.»

Sexto. O artigo 20 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 20.

1. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ó ano, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas moi graves ós tres anos.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción.»

Sétimo. O artigo 21 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 21.

O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas exercerá a potestade sancionadora consonte o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nesta lei e nos regulamentos que as desenvolven.»

Oitavo. O artigo 22 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 22.

1. Correspóndelle ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, ademais das funcións que legalmente ten atribuídas, o control da actividade de auditoría de contas que será realizado de oficio cando o superior interese público o esixa a través de revisións ou verificacións dalgún dos traballos dos auditores de contas, así como o exercicio da potestade disciplinaria dos auditores de contas e sociedades de auditoría de contas.

Dependerá do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas o Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

2. O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas poderá solicitar dos auditores de contas e sociedades de auditoría cantas informacións coide necesarias para o adecuado cumprimento das competencias que ten encomendadas. Co fin de obter estas informacións ou de confirma-la súa veracidade, o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas poderá realizar cantas inspeccións considere necesarias. As persoas físicas e xurídicas comprendidas neste parágrafo quedan obrigadas a poñer á disposición do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas cantos libros, rexistros e documentos, sexa cal fose o seu soporte, esta considere precisos, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

As actuacións de comprobación e investigación poderanse desenvolver, á elección do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia do auditor ou sociedade de auditoría.

b) Nos propios locais do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Cando as actuacións de comprobación e investigación se desenvolvan nos lugares sinalados no parágrafo a) anterior, observarase a xornada laboral destes, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas e noutros días.

3. Sen prexuízo da competencia atribuída ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas no número 1 deste artigo, e con carácter adicional a aquela, as corporacións representativas dos auditores de contas deberán realiza-lo control de calidade dos traballos dos seus membros, así como comunicarlle ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas o resultado individualizado destes controis a final de cada ano natural.

4. Contra as resolucións que dicte o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas no exercicio das competencias que lle atribúe esta lei poderase interpor recurso de alzada ante o ministro de Economía, a resolución do cal porá fin á vía administrativa.»

Noveno. Introdúcese un novo artigo 23 na Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, co seguinte teor literal:

«Artigo 23. *Taxa do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas por emisión de informes de auditoría de contas.*

1. Créase a taxa por emisión de informes de auditoría de contas, que se rexerá por esta lei e polas demais fontes normativas a que se refire o artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, coa finalidade de cubri-los custos correspondentes ó exercicio das competencias do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas a que se refire o artigo 22.1 desta lei.

2. Constitúe o feito imponible desta taxa o exercicio das competencias do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas a que se refire o artigo 22.1 desta lei, en relación coa emisión de informes de auditoría de contas.

3. Serán suxeitos pasivos desta taxa os auditores de contas e sociedades de auditoría inscritos na situación de exercentes no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, que emitan informes de auditoría de contas.

4. A cota tributaria desta taxa consistirá nunha cantidade fixa de 80 euros por cada informe de auditoría emitido. Esta contía fixa será de 160 euros no caso de que os honorarios facturados polo informe de auditoría emitido sexa superior a 30.000 euros.

5. Esta taxa devengarase o último día de cada trimestre natural, en relación ós informes de auditoría emitidos en cada trimestre.

6. A xestión e recadación en período voluntario da taxa a que se refire o presente artigo correspóndelle ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. A recadación en vía executiva correspóndelle á Axencia Estatal da Administración Tributaria, conforme a lexislación vixente.

7. Regulamentariamente determinaranse as normas de liquidación e pagamento da citada taxa, podendo establecerse a obriga para os suxeitos pasivos de autoliquidación e ingreso do correspondente importe.

8. Os ingresos derivados da taxa a que se refire este artigo terán a consideración de ingresos orzamentarios do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, destinándose a financia-las partidas que correspondan ós gastos previstos para as funcións de control e disciplina da actividade de auditoría de contas.

9. As contías fixas da taxa a que se refire o número 4 do presente artigo poderán modificarse pola lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.»

#### Artigo 54.

Engádese un número 5 ó artigo 65 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«5. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 59.3 desta lei respecto ás especiais categorías de membros dos mercados de futuros e opcións.»

#### Artigo 55. *Reforzo das normas de conducta no mercado de valores.*

Engádense tres novos parágrafos f), g), h) e un novo parágrafo ó número 1 do artigo 79 da Lei 24/1988,

do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«f) Garanti-la igualdade de trato entre os clientes, evitando primar uns fronte ós outros á hora de distribuí-las recomendacións e os informes.

g) Absterse de tomar posicións por conta propia en valores ou instrumentos financeiros sobre os que se estea realizando unha análise específica, desde que se coñezan as súas conclusións ata que se divulgue a recomendación ou o informe elaborado ó respecto.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación cando a toma de posición teña a súa orixe en compromisos ou dereitos adquiridos con anterioridade ou en operacións de cobertura destes compromisos, sempre e cando a toma de posición non estea baseada no coñecemento dos resultados do informe.

h) Deixar constancia fronte ós clientes de calquera posible conflito de intereses en relación co asesoramento ou co servizo de investimento que se preste.

Estes principios, en canto sexan compatibles coa actividade que desenvolven, tamén serán de aplicación ás persoas ou entidades que realicen análises de valores ou instrumentos financeiros.»

#### Artigo 56. *Revisión da actividade de depósito e administración de valores.*

Engádese un número 14 no artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«14. As entidades definidas conforme os artigos 62 e 65 desta lei que realicen a actividade complementaria prevista no parágrafo a) do número 2 do artigo 63, quedarán obrigadas a remitir semestralmente á Comisión Nacional do Mercado de Valores un informe de revisión específico sobre esta actividade, realizado por un experto independente. Este informe terá por obxecto principal a comprobación dos saldos e as posicións mantidas polos clientes na entidade. O capítulo do informe referido ó Mercado de Débeda Pública en Anotacións deberá ser remitido, con igual periodicidade, ó Banco de España.

Facúltase o ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores e logo de informe do Banco de España e do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para desenvolver-la obriga prevista no parágrafo anterior.»

#### Artigo 57. *Modificación do artigo 75 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

O artigo 75 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 75.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender, con carácter total ou parcial, os efectos da autorización concedida a unha empresa de servizos de investimento. Cando a suspensión sexa parcial, afectará a algunhas actividades ou ó alcance co que estas se autorizaron.»

**Artigo 58.** *Modificación da disposición adicional segunda da Lei 37/1998, do 16 de novembro, que modificou, pola súa vez, a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Engádeselle un parágrafo segundo ó número 2 da disposición adicional segunda da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte contido:

«A competencia para acorda-la suspensión corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

## CAPÍTULO VI

### Central de Información de Riscos

**Artigo 59.** *Natureza e obxectivos da Central de Información de Riscos.*

Primeiro. A Central de Información de Riscos (en diante CIR) é un servizo público que ten por finalidade solicitar das entidades declarantes a que se refire o número primeiro do artigo seguinte, datos e informacións sobre os riscos de crédito, para lles facilitar ás entidades declarantes datos necesarios para o exercicio da súa actividade; permitir ás autoridades competentes para a supervisión prudencial destas entidades o adecuado exercicio das súas competencias de supervisión e inspección; contribuír ó correcto desenvolvemento das restantes funcións que o Banco de España ten legalmente atribuídas.

Segundo. A administración e xestión da CIR correspóndenlle ó Banco de España. O Banco de España estará facultado para desenvolver-las súas normas de funcionamento de acordo co previsto nesta lei.

Terceiro. Non procederá o dereito de oposición dos afectados ó tratamento, realizado conforme o previsto nesta lei, dos seus datos de carácter persoal.

**Artigo 60.** *Entidades declarantes e contido das declaracións.*

Primeiro. Terán a consideración de entidades declarantes, para os efectos desta lei, as seguintes: o Banco de España, as entidades de crédito españolas, as sucursais en España das entidades de crédito estranxeiras, os fondos de garantía de depósitos, as sociedades de garantía recíproca e de reafianzamento, aquelas outras entidades que determine o Ministerio de Economía por proposta do Banco de España.

Segundo. As entidades declarantes estarán obrigadas a lle proporcionar á CIR os datos necesarios para identifica-las persoas coas que se manteñan, directa ou indirectamente, riscos de crédito, así como as características destas persoas e riscos, incluíndo, en particular, as que afecten ó importe e a recuperabilidade destes. Esta obriga estenderase ós riscos mantidos a través de entidades instrumentais integradas nos grupos consolidables das entidades declarantes, e a aqueles que fosen cedidos a terceiros conservando a entidade a súa administración.

Entre os datos ós que se refire o parágrafo anterior incluíranse aqueles que reflicten unha situación de incumprimento, pola contraparte, das súas obrigas fronte á entidade declarante, así como os que poñan de manifesto unha situación na cal a entidade estivese obrigada a dotar unha provisión específica en cobertura de risco de crédito, segundo o previsto nas normas de contabilidade que lle sexan de aplicación.

Os datos referentes ás persoas mencionadas no presente número non incluírán, en ningún caso, os regulados

no artigo 7 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Os datos declarados á CIR polas entidades obrigadas serán exactos e postos ó día, de forma que respondan con veracidade á situación actual dos riscos e dos seus titulares na data da declaración.

Terceiro. Para efectos desta lei considérase risco de crédito a eventualidade de que a entidade declarante poida sufrir unha perda como consecuencia do incumprimento dalgunha das obrigas das súas contrapartes ou dos garantés destas en contratos tales como préstamos, créditos, descontos, emisións de valores, contratos de garantía, compromisos relativos a instrumentos financeiros, ou calquera outro tipo de negocio xurídico propio da súa actividade financeira. Tamén se incluírán como risco de crédito, en todo caso, as situacións nas que tivese lugar o incumprimento das mencionadas obrigas.

Cuarto. O ministro de Economía, e coa súa habilitación expresa o Banco de España, determinarán as clases de riscos que declarar entre os mencionados no número anterior, as declaracións periódicas ou complementarias a remitir de modo que se asegure que os datos están suficientemente actualizados, as datas ás que deberán referirse, o procedemento, a forma e o prazo de remisión destas, así como o alcance dos datos que hai que declarar á CIR respecto ás características e circunstancias das diferentes clases de risco e dos seus titulares.

Quinto. A declaración dos datos sobre riscos referidos a persoas físicas que as entidades declarantes realicen á CIR conforme o previsto nesta lei non precisa do seu consentimento. Non obstante, as entidades declarantes deberán informa-las persoas físicas que sexan os seus acreditados da citada declaración obrigatoria de datos á CIR e do alcance desta, facendo mención expresa, cando se trate de riscos de empresarios individuais actuando no exercicio da súa actividade empresarial, a que se fará constar tal condición. Todo isto se entenderá sen prexuízo da información que deban facilitar a aquelas en función do establecido no número 1 do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sexto. En todo caso, os datos rexistrados estarán á disposición da Axencia de Protección de Datos, para o exercicio das funcións que legalmente ten atribuídas.

**Artigo 61.** *Información sobre os datos declarados.*

Primeiro. Os datos declarados sobre os riscos dos que sexan titulares administracións públicas españolas serán públicos e para tal efecto serán comunicados polo Banco de España, coa mesma periodicidade con que se obteñen, ó Ministerio de Facenda e, de se-lo caso, á comunidade autónoma da que dependan, para o seu coñecemento e a súa publicación na forma que establezan.

Segundo. As entidades declarantes terán dereito a obter informes sobre os riscos das persoas físicas ou xurídicas, incluídas as administracións públicas, rexistrados na CIR, sempre que estas persoas cumpran algunha das circunstancias seguintes:

- Manter coa entidade algún tipo de risco.
- Terlle solicitado á entidade un préstamo ou calquera outra operación de risco.
- Figurar como obrigadas ó pagamento ou garantés en documentos cambiarios ou de crédito a adquisición ou negociación dos cales lle fose solicitada á entidade.

As entidades deberán informar por escrito ás persoas nas que conorra o suposto recollido polo parágrafo b) precedente do dereito da entidade previsto neste número.

As entidades conservarán os documentos xustificativos das solicitudes a que se refiren os parágrafos b)

e c) precedentes que fosen denegadas durante o prazo establecido con carácter xeral no artigo 30 do Código de comercio.

Terceiro. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, o Banco de España determinarán o contido, forma e periodicidade dos informes a que se refiren os números anteriores.

Os informes referidos a persoas físicas só poderán incluí-los datos rexistrados en función das declaracións dos últimos cinco anos recibidas das entidades declarantes. Non obstante, no caso das persoas xurídicas ou cando se trate de riscos de empresarios individuais que actúen no exercicio da súa actividade empresarial, estes informes poderán tamén incluír datos referidos a declaracións anteriores, na forma que estableza o Banco de España. Os informes non se poderán referir, tan só, ós datos mencionados no parágrafo segundo do artigo 57.2.º desta lei e incluírán, necesariamente, os relativos á última declaración recibida, todo isto sen prexuízo do previsto no número seguinte.

Cuarto. Nos informes ás entidades declarantes a que se refiren os números precedentes omitírase a denominación das entidades que contraesen os mencionados riscos e, cando se trate dos datos a que se refire o parágrafo segundo do artigo 57.2.º desta lei só se incluírán situacións de incumprimento das obrigas directas ou garantidas, así como as relativas a procedementos concursais.

#### **Artigo 62.** *Uso e cesión de datos polas entidades declarantes.*

Primeiro. A información recibida polas entidades declarantes consonte o previsto no artigo anterior terá carácter confidencial.

Segundo. A información á que se refire o número anterior só poderá ser usada polas entidades declarantes en relación coa concesión e xestión de créditos así como coa finalidade de asegura-lo efectivo cumprimento da normativa sobre concentración de riscos e calquera outra que, no ámbito da supervisión cautelar á que están sometidas, lles sexa de aplicación. Os datos concernentes a persoas físicas deberán ser cancelados unha vez que deixen de ser necesarios ou pertinentes para tales finalidades.

Terceiro. Salvo que medie consentimento expreso do interesado, a información a que se refire este artigo non poderá ser cedida polas entidades declarantes a ningunha outra persoa. Exceptúase desta prohibición a cesión de datos referidos a persoas xurídicas realizada entre as entidades financeiras que formen parte do mesmo grupo consolidable, segundo se determina na Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, e na súa normativa de desenvolvemento.

Tamén queda exceptuada a cesión de datos concernentes a persoas físicas realizada ás cesionarias indicadas no parágrafo anterior cando sexan necesarios para asegura-lo efectivo cumprimento da normativa sobre concentración de riscos, cálculo de requirimentos de recursos propios mínimos e calquera outra prevista na Lei 13/1985, do 25 de maio, sobre coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e disposicións que a desenvolven.

#### **Artigo 63.** *Uso e cesión de datos polo Banco de España.*

Primeiro. Sen prexuízo do disposto no artigo 58 desta lei, os datos declarados á CIR terán carácter reservado para o Banco de España.

Segundo. A comunicación ou cesión da información a que se refire o número 1 deste artigo queda suxeita

ás regras de colaboración na información e segredo profesional previstas no artigo 6 do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ó das Comunidades Europeas.

Ademais das esixencias previstas no artigo mencionado no parágrafo anterior, cando os datos que se vaian comunicar se refiran a persoas físicas, a cesión a autoridades, persoas ou entidades estranxeiras nel indicadas non pertencentes a outro estado membro da Unión Europea esixirá que estas queden suxeitas a un réxime de protección de datos equiparable ó previsto na normativa española en función do establecido no artigo 33 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Con independencia do previsto nos parágrafos anteriores, o Banco de España, dentro dun réxime de reciprocidade e nos termos que estableza, poderalles ceder os datos declarados a organismos ou entidades de carácter público que cumpran funcións semellantes ás da CIR nun estado membro da Unión Europea, así como ás entidades declarantes ou membros deles, sempre que quede asegurada a suxeición, tanto do cesionario como dos datos cedidos, a regras de uso, confidencialidade e protección de datos equiparables ós establecidos na normativa española. Se estes organismos ou entidades están situados nun país non membro da Unión Europea, os datos só poderán referirse a persoas xurídicas e a riscos de empresarios individuais actuando no exercicio da súa actividade empresarial. Os datos que se proporcionen quedarán suxeitos ás limitacións previstas no número cuarto do artigo 58 desta lei.

Terceiro. O Banco de España non estará obrigado a informa-los titulares de riscos, nin os cedentes dos datos recibidos, do tratamento a que someta os citados datos, nin do seu uso ou cesión conforme o previsto nesta lei, isto sen prexuízo do disposto no número primeiro do artigo 62.

O disposto no parágrafo precedente establécese sen prexuízo das obrigas de información ás persoas físicas titulares de riscos que, de acordo co establecido no número quinto do artigo 57 desta lei e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, correspondan ás entidades declarantes.

Cuarto. O Banco de España colaborará co Ministerio de Facenda mediante a subministración da información que reciba relacionada coas operacións de crédito das entidades locais e as comunidades autónomas.

#### **Artigo 64.** *Conservación dos datos.*

Primeiro. Os datos rexistrados na CIR conservaranse durante dez anos contados desde a data á que se refiran, cancelándose unha vez transcorrido este prazo. Non obstante poderán conservarse indefinidamente mediante procedementos que non permitan a identificación do afectado, atendendo ós seus valores históricos, estatísticos ou científicos.

O anterior enténdese sen prexuízo do réxime de bloqueo dos datos previsto no número quinto do artigo 63 desta lei.

Segundo. Conforme o previsto no artigo 9 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Banco de España adoptará as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguridade dos datos rexistrados na CIR e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que estean expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

**Artigo 65.** *Dereitos de acceso, rectificación e cancelación.*

Primeiro. Calquera persoa, física ou xurídica, que figure como titular dun risco declarable á CIR, poderá acceder a toda a información que a afecte. As persoas físicas poderán igualmente solicita-lo nome e enderezo dos cesionarios ós que a CIR comunicase os seus datos durante os últimos seis meses así como as cesións destes que se vaian realizar. A información sobre os cesionarios irá acompañada dunha copia dos datos cedidos en cada caso.

A solicitude de acceso poderá realizarse por calquera medio que asegure a identificación e, de se-lo caso, título do peticionario, correspondéndolle ó Banco de España fixa-los procedementos que os aseguren e o sistema de consulta, sen menoscabo, no que se refire ás persoas físicas, do réxime de tutela do dereito de acceso, e das limitacións ó seu exercicio, previstos no artigo 15 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos interesados deberánselle facilitar ó peticionario no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción da solicitude no Banco de España.

Segundo. Sen prexuízo dos dereitos que asistan ás persoas físicas, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas súas normas de desenvolvemento, respecto ós datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros das entidades declarantes, todo titular de datos declarados á CIR que considere que estes son inexactos ou incompletos poderá solicitar ó Banco de España que tramite a súa rectificación ou cancelación ante as entidades declarantes, mediante escrito no que se indiquen as razóns e o alcance da súa petición. O Banco de España dará traslado inmediato da solicitude recibida á entidade ou entidades declarantes dos datos supostamente inexactos ou incompletos.

As solicitudes remitidas polo Banco de España deberán ser contestadas e comunicadas polas entidades declarantes ó afectado e á CIR, no prazo máximo de quince días hábiles contado desde a súa recepción en calquera das súas oficinas. A decisión será motivada no suposto de que considere que non procede acceder ó solicitado.

As persoas físicas poderán formular contra as entidades declarantes a reclamación ante a Axencia de Protección de Datos a que se refire o artigo 18 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cando as decisións adoptadas conforme o previsto no parágrafo anterior non accedan á rectificación ou cancelación solicitada polo afectado, ou non fose contestada a súa solicitude dentro do prazo previsto para o efecto.

Terceiro. As entidades declarantes estarán obrigadas a lles facilitar ás persoas xurídicas titulares de risco o acceso efectivo ós datos remitidos á CIR no prazo máximo dun mes desde a data en que sexa solicitado; tamén deberán atender-las solicitudes de rectificación ou cancelación de datos inexactos ou incompletos que aquelas lles formulen; o prazo para contestar estas solicitudes será de vinte días hábiles.

Cuarto. Sen prexuízo das competencias da Axencia de Protección de Datos previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cando unha persoa física interpoña unha reclamación ante aquela para os efectos da tutela dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición en relación ós seus datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros das entidades declarantes, a Axencia deberá comunicarllo con carácter inmediato

ó Banco de España para os efectos da suspensión da cesión de datos prevista no parágrafo segundo do número primeiro do artigo seguinte, no caso de que os datos obxecto da reclamación estivesen incluídos entre os que son de obrigada remisión á CIR.

**Artigo 66.** *Suspensión das cesións de datos e rectificación ou cancelación dos datos declarados.*

Primeiro. Mentres as entidades declarantes dan resposta á solicitude de rectificación ou cancelación presentada a través do Banco de España conforme o previsto no número segundo do artigo precedente, o Banco de España suspenderá toda cesión a terceiros dos datos sobre os que verse a solicitude, así como dos congruentes con eles que fosen rexistrados na CIR con motivo de declaracións anteriores e posteriores.

A suspensión procederá igualmente, e con idéntica extensión, no suposto de que se acredite ante o Banco de España a admisión a trámite de calquera acción xudicial que se dirixa a declara-la inexactitude dos datos declarados, ou se recibise da Axencia de Protección de Datos a comunicación a que se refire o número cuarto do artigo anterior. No mesmo suposto, o Banco de España comunicarlle-la suspensión ós terceiros ós que, durante os seis meses anteriores á data desta, se lles cedesen os datos afectados e os congruentes con estes.

Segundo. A suspensión cesará a partir de que a CIR reciba da entidade declarante a comunicación a que se refire o segundo parágrafo do número segundo do artigo anterior, salvo que se trate de contestacións desestimatorias, caso no que o Banco de España prorrogará por dous meses máis a suspensión citada, isto sen prexuízo da aplicación do previsto no segundo parágrafo do número anterior.

Tamén cesará a suspensión cando o Banco de España teña constancia da sentenza firme ou a resolución acordada ó respecto pola Axencia de Protección de Datos, unha vez rectificadas ou canceladas, de se-lo caso, os datos, segundo se establece no número seguinte.

Terceiro. As rectificacións ou cancelacións acordadas pola Axencia de Protección de Datos, ou as resultantes de sentenza xudicial, obrigarán a entidade declarante a rectificar ou cancelar igualmente, conforme o alcance da correspondente resolución ou sentenza, os datos congruentes cos rectificados ou cancelados que se conteñan noutras declaracións á CIR. Estes acordos ou sentencias teranse en conta nas sucesivas declaracións que se remitan.

Cuarto. Os datos obxecto de rectificación ou cancelación, así como os que os substitúan, seranlles comunicados polo Banco de España ós terceiros ós que se lles cedesen.

Quinto. Segundo o previsto no número 3 do artigo 16 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cancelación dará lugar ó bloqueo dos datos, conservándose unicamente á disposición das administracións públicas, xuíces e tribunais, para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición de estas. Cumprido o citado prazo deberá procederse á súa supresión.

**Artigo 67.** *Competencias sancionadoras da Axencia de Protección de Datos.*

As competencias sancionadoras do Banco de España e doutras autoridades financeiras nesta materia entenderanse sen prexuízo das atribuídas á Axencia de Protección de Datos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



**Artigo 68.** *Réxime sancionador.*

Primeiro. Modifícase a redacción do parágrafo j) do artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, quedando do seguinte modo:

«j) O incumprimento do deber de veracidade informativa debida ós seus socios, ós depositantes, prestamistas, e ó público en xeral, así como o incumprimento do deber de confidencialidade sobre os datos recibidos da Central de Información de Riscos, o seu uso para fins diferentes dos previstos na lei reguladora dela, ou a solicitude de informes sobre persoas titulares de riscos fóra dos casos expresamente autorizados nesta lei. Todo isto sempre que, polo número de afectados ou pola importancia da información, tales incumprimentos poidan estimarse como especialmente relevantes.»

Segundo. Modifícase a redacción do parágrafo n) do artigo 5 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, que queda do seguinte modo:

«n) O incumprimento do deber de veracidade informativa debida ós seus socios, ós depositantes, prestamistas, e ó público en xeral, así como o incumprimento do deber de confidencialidade sobre os datos recibidos da Central de Información de Riscos, o seu uso para fins diferentes dos previstos na súa lei reguladora, ou a solicitude de informes sobre persoas titulares de riscos fóra dos casos expresamente autorizados nesta lei, cando non concorran as circunstancias a que se refire o parágrafo j) do artigo anterior.»

**Artigo 69.** *Concurrencia de entidades de natureza privada.*

Sen prexuízo do desenvolvemento por parte da Central de Información de Riscos a cargo do Banco de España da totalidade das funcións que lle encomenda esta lei, a actividade de lles facilitar ás entidades de crédito os datos necesarios para o exercicio da súa actividade crediticia poderá ser tamén realizada por outras entidades de natureza privada, a actividade das cales se axustará, en todo caso, ó réxime previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

**Disposición adicional primeira.** *Servicios autonómicos de compensación e liquidación de valores.*

Con relación ás funcións que veñen desempeñando os servicios de compensación e liquidación de valores autonómicos, unicamente se producirá a asunción de funcións pola Sociedade de Sistemas, de se-lo caso, con suxeición ó que dispoña a normativa vixente da correspondente comunidade autónoma.

**Disposición adicional segunda.** *Medidas para mello-la eficiencia, eficacia e calidade dos procedementos de supervisión.*

1. A Comisión Nacional da Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España deberán dispor órganos de control interno cunha dependencia funcional e capacidade de informe que se rexerá polos principios de imparcialidade, obxectividade e evita-la produción de conflitos de intereses.

2. A Comisión Nacional da Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional

do Mercado de Valores e o Banco de España elaborarán anualmente unha memoria sobre a súa función supervisora en relación coas súas actuacións e procedementos levados a cabo nesta materia e da que poida deducirse información sobre a eficacia e eficiencia de tales procedementos e actuacións. Nestas memorias incluírase un informe dos órganos de control interno respectivos sobre a adecuación das decisións adoptadas polos seus órganos de goberno á normativa procedemental aplicable en cada caso. Estas memorias deberán ser aprobadas polos órganos de goberno correspondentes e remitiranse ás Cortes Xerais e ó Goberno da Nación.

3. O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Ministerio de Economía, dentro das súas respectivas competencias legais sobre o control e inspección das entidades financeiras, cooperarán estreitamente coa finalidade de harmonizaren no que resulte conveniente e mellorar, con base na súa experiencia mutua, os criterios e programas que amparen as técnicas e prácticas de supervisión que utilicen no exercicio daquelas competencias. Para tal efecto, intercambiarán periodicamente as informacións que sexan relevantes, en especial, as referidas a asegura-la maior calidade das técnicas empregadas, e poderán formalizar un ou varios convenios que teñan por obxecto a normalización destes intercambios, a homoxeneización de procedementos ou prácticas concretos e, de se-lo caso, artella-los instrumentos que permitan o seguimento dos obxectivos mencionados.

**Disposición adicional terceira.** *Restriccións relativas ós investimentos financeiros temporais de entidades sen ánimo de lucro.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España e o Ministerio de Economía, cada un no ámbito da súa supervisión, aprobarán códigos de conducta que conteñan as regras específicas ás que deberán axustarse os investimentos financeiros temporais que fagan as fundacións, establecementos, institucións e asociacións sen ánimo de lucro, colexios profesionais, fondos de promoción de emprego, mutuas de seguros, mutualidades de previsión social, mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e, de se-lo caso, as demais entidades suxeitas a tipos de gravame reducidos no imposto sobre sociedades, que non teñan un réxime específico de diversificación de investimentos co fin de optimiza-la rendibilidade do efectivo de que dispoñan e que poidan destinar a obter rendementos de acordo coas súas normas de funcionamento.

Os órganos de goberno, administración ou dirección destas entidades deberán presentar un informe anual acerca do grao de cumprimento dos citados códigos para que o coñezan o protectorado ou os seus partícipes, asociados ou mutualistas.

**Disposición adicional cuarta.** *Remisión do regulamento interno de conducta á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

As entidades ás que resulta de aplicación o disposto nos artigos 82 a 83 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores no prazo de nove meses un regulamento interno de conducta, no que ademais das previsións contidas noutras disposicións de desenvolvemento desta lei, incorporen as contidas nos artigos citados. Así mesmo, remitirán un compromiso por escrito que garanta a actualización destes regulamentos internos de conducta e que o seu contido é coñecido, comprendido e aceptado por tódalas persoas pertencentes á organización ás que resulte de aplicación.

c

Naqueles casos en que se detecte que o seu contido non se axusta ó disposto anteriormente ou non é adecuado á natureza ou ó conxunto de actividades que a entidade ou grupo desenvolva, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirilo para que incorpore ó regulamento cantas modificacións ou adicións xulgue necesarias.

**Disposición adicional quinta.** *Modificación da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.*

Dáselle unha nova redacción á disposición derradeira segunda da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións:

«Disposición derradeira segunda. *Previsión social complementaria do persoal ó servizo de administracións, entidades e empresas públicas.*

As administracións públicas, incluídas as corporacións locais, as entidades, organismos delas dependentes e empresas participadas por estas poderán promover plans de pensións de emprego e realizar achegas a estes, así como a contratos de seguro colectivos, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, ó abeiro da disposición adicional primeira desta lei, co fin de instrumentalos compromisos ou as obrigas por pensións vinculados ás continxencias do artigo 8.º 6 desta lei referidos ó seu persoal funcionario ou laboral ou en relación de servizos regulada por normas administrativas estatutarias.

O anterior entenderase sen prexuízo da correspondente habilitación orzamentaria de que dispoña cada entidade ou empresa, así como das posibles autorizacións previas ás que puidesen estar sometidas tales achegas tanto de carácter normativo como administrativo para, de se-lo caso, destinar recursos ó financiamento e instrumentación da previsión social complementaria do persoal.

As prestacións aboadas a través de plans de pensións ou contratos de seguros colectivos, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, conforme a disposición adicional primeira desta lei, non terán a consideración de pensións públicas nin se computarán para efectos de limitación do sinalamento inicial ou fixación da contía máxima das pensións públicas.»

**Disposición adicional sexta.** *Excepcións ó deber de segredo profesional no ámbito da supervisión dos seguros privados e dos fondos de pensións.*

Primeiro. Engádese un novo parágrafo f) ó número 2 do artigo 75 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«f) As informacións requiridas polas comisións parlamentarias de investigación, nos termos establecidos pola súa lexislación específica. O acceso das Cortes Xerais á información sometida ó deber de segredo profesional realizarase a través do Ministerio de Economía na forma establecida no número 1 deste artigo.»

Segundo. Créase un novo número 4 no artigo 24 da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións:

«4. Os datos, documentos e informacións que consten en poder do Ministerio de Economía no exercicio das súas funcións de ordenación e super-

visión dos fondos de pensións, salvo os contidos nos rexistros administrativos de carácter público, terán carácter reservado.

Tódalas persoas que exerzan ou exercesen unha actividade de ordenación e supervisión en materia de fondos de pensións, así como aquelas ás que o Ministerio de Economía lles encomendase funcións respecto delas, están sometidas ó deber de segredo profesional nos mesmos termos e coas mesmas responsabilidades e excepcións establecidas no artigo 75 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.»

**Disposición adicional sétima.** *Modificación da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Dáselle a seguinte nova redacción ó parágrafo b) do número 5 do artigo 40 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados:

«b) O cumprimento pola entidade aseguradora das normas imperativas contidas nos artigos 3, 5, 8, 10, 12, 15, 18, 19, 20, 22, 76, 88, 94, 95, 96, 97 e 99 da Lei 50/1980, do 8 de novembro, de contrato de seguro, se non atendese no prazo dun mes o requirimento que para o efecto lle formule a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando entendese fundadas as queixas e reclamacións a que se refire a normativa sobre protección de clientes de servizos financeiros.»

**Disposición adicional oitava.** *Formalización de convenios para a obtención de certificados electrónicos.*

Engádense dous novos números, nove e dez ó artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, segundo a redacción dada a este polo artigo 51 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co seguinte contido:

«Nove. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Casa Real da Moeda poderá formalizar convenios con persoas, entidades e corporacións que exerzan funcións públicas, nos que se establezan as condicións nas que estas poidan participar nos trámites necesarios para a obtención de certificados electrónicos expedidos por aquela, en particular, na identificación e no rexistro dos solicitantes destes certificados.

Dez. A acreditación da identidade dos interesados no procedemento de expedición de certificados electrónicos poderá requirir-la comparecencia dos cidadáns ante unha oficina pública.»

**Disposición adicional novena.** *Modificación do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas:

Un. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 64 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, que pasa a te-la seguinte redacción:

«1. As restricións estatutarias á transmisibilidade das accións só serán aplicables ás adqui-

sicións por causa de morte cando así o establezan expresamente os propios estatutos. Neste suposto, para rexeita-la inscrición da transmisión no libro de rexistro de accións nominativas, a sociedade deberalle presentar ó herdeiro un adquirente das accións ou ofrecerse a adquirilas ela mesma polo seu valor razoable no momento en que se solicitou a inscrición, de acordo co previsto no artigo 75.

Entenderase como valor razoable o que determine un auditor de contas, distinto ó auditor da sociedade que, por solicitude de calquera interesado, nomeen para tal efecto os administradores da sociedade.»

Dous. O número 3 do artigo 68 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, pasa a te-lo seguinte teor literal:

«3. Se as partes non chegasen a un acordo sobre o importe que aboar nos supostos previstos nos dous números anteriores, este será fixado, por petición de calquera delas e á custa de ambas, por un auditor de contas, distinto ó auditor da sociedade, que designe para tal efecto o Rexistro Mercantil.»

Tres. O número 2 do artigo 147 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, pasa a te-lo seguinte contido:

«2. Se as accións cotizasen nun mercado secundario oficial, o valor de reembolso será o do prezo de cotización media do último trimestre. Noutro caso, e na falta de acordo entre a sociedade e os interesados, o valor das accións estará determinado por un auditor de contas, distinto ó auditor da sociedade, designado para tal efecto polo Rexistro Mercantil.»

Catro. O artigo 159 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 159. *Exclusión do dereito de subscripción preferente.*

1. Nos casos en que o interese da sociedade así o esixa, a xunta xeral, ó decidi-lo aumento do capital, poderá acorda-la supresión total ou parcial do dereito de subscripción preferente. Para a validez deste acordo, que deberá respecta-lo disposto no artigo 144, será imprescindible:

a) Que na convocatoria da xunta se fixese constata-la proposta de supresión do dereito de subscripción preferente e o tipo de emisión das novas accións.

b) Que ó tempo da convocatoria da xunta se poña á disposición dos accionistas, conforme o previsto no parágrafo c) do número 1 do artigo 144, un informe elaborado polos administradores, no que se xustifique detalladamente a proposta e o tipo de emisión das accións, con indicación das persoas ás que estas se lles deberán atribuír, e un informe elaborado, baixo a súa responsabilidade, por un auditor de contas distinto do auditor das contas da sociedade, nomeado para estes efectos polo Rexistro Mercantil, sobre o valor razoable das accións da sociedade, sobre o valor teórico dos dereitos de subscripción preferente o exercicio dos cales se propón suprimir e sobre a razoabilidade dos datos contidos no informe dos administradores.

c) Que o valor nominal das accións que se vaian emitir, máis, de se-lo caso, o importe da prima de emisión, se corresponda co valor razoable que resulte do informe dos auditores de contas a que se refire o parágrafo b) precedente. Tratándose dunha sociedade cotizada, o valor razoable entenderase como valor de mercado e este presumirase, salvo que se xustifique o contrario, referido á súa cotización bolsista.

Non obstante, no suposto de sociedades cotizadas, a xunta de accionistas, unha vez que dispoña do informe dos administradores e do informe do auditor de contas requiridos no parágrafo b) precedente, os cales deberán, neste caso, referirse tamén ó valor neto patrimonial das accións, poderá acorda-la emisión de novas accións a calquera prezo, sempre que sexa superior ó valor neto patrimonial destas que resulte do informe do devandito auditor, e a citada xunta de accionistas poderase limitar a establece-lo procedemento para a súa determinación. O dito valor neto patrimonial das accións será determinado polo auditor a que se refire o parágrafo b) precedente, sobre a base das últimas contas anuais auditadas da sociedade ou ben, se son de data posterior a estas, sobre a base dos últimos estados financeiros auditados da sociedade conformes co artigo 172, formulados, en calquera dos casos, polos administradores de acordo cos principios de contabilidade recollidos no Código de comercio, debendo terse en conta na determinación do mencionado valor as eventuais excepcións que puidese ter posto de manifesto no seu informe o auditor destas contas anuais ou destes estados financeiros. A data de peche destas contas ou destes estados non poderá ser anterior en máis de seis meses á data na que a xunta de accionistas adopte o acordo de ampliación, sempre que non se realicen operacións significativas. Tratándose de sociedades cotizadas que sexan dominantes dun grupo de empresas, o valor neto patrimonial determinarase conforme os datos que para a sociedade se deriven da contabilidade consolidada do grupo. O rexistro contable das operacións, a que se fai referencia neste parágrafo, realizarase de acordo cos principios e coas normas de contabilidade establecidas no Código de comercio.

2. No caso de sociedades cotizadas, cando a xunta xeral delegue nos administradores a facultade de aumenta-lo capital social conforme o establecido no número 1.b) do artigo 153, poderalles atribuír tamén a facultade de excluí-lo dereito de subscripción preferente en relación coas emisións de accións que sexan obxecto de delegación cando o interese da sociedade así o esixa. Para estes efectos, deberá constar expresamente esta proposta de exclusión na convocatoria de xunta xeral e porase á disposición dos accionistas un informe dos administradores no que se xustifique a proposta. Así mesmo, con ocasión de cada acordo de ampliación que se realice con cargo a esa delegación, deberá elaborarse o informe dos administradores e o informe do auditor de contas requiridos no número 1.b) anterior, referidos a cada ampliación concreta, debendo corresponderse o valor nominal das accións que se vaian emitir, máis, de se-lo caso, o importe da prima de emisión co valor razoable que resulte do informe deste auditor de contas. Estes informes serán postos á disposición dos accionistas e comunicados á primeira xunta xeral que teña lugar tralo acordo de ampliación.

3. Cando a sociedade teña emitidas obrigas convertibles con relación de conversión fixa e os

c

seus tedores se vexan afectados pola exclusión do dereito de subscrición preferente, deberase prever unha fórmula de axuste desta relación que permita compensa-la eventual dilución do importe do dereito de conversión.

4. Non procederá o dereito de subscrición preferente cando o aumento do capital se deba á conversión de obrigas en accións ou á absorción doutra sociedade ou de parte do patrimonio escindido doutra sociedade.»

Cinco. O número 2 do artigo 292 do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, pasa a te-lo seguinte teor:

«2. Os administradores deberán redactar con anterioridade á convocatoria da xunta un informe que explique as bases e modalidades da conversión, que deberá ser acompañado por outro dun auditor de contas, distinto ó auditor da sociedade, designado para tal efecto polo Rexistro Mercantil.»

**Disposición adicional décima. *Modificación da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.***

Introdúcense as seguintes modificacións na redacción da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada:

Un. O segundo parágrafo da alínea d) do número 2 do artigo 29 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, pasa a te-la seguinte redacción:

«Nos casos en que a transmisión proxectada fose a título oneroso distinto da compravenda ou a título gratuito, o prezo de adquisición será o fixado de común acordo polas partes e, no seu defecto, o valor razoable das participacións o día en que se lle comunicase á sociedade o propósito de transmitir. Entenderase por valor razoable o que determine un auditor de contas, distinto ó auditor da sociedade, designado para tal efecto polos administradores desta.»

Dous. O artigo 100 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, pasa a te-lo seguinte teor literal:

«Artigo 100. 1. Na falta de acordo sobre o valor razoable das participacións sociais ou sobre a persoa ou persoas que deban valoralas e o procedemento que se debe seguir para a súa valoración, as participacións serán valoradas por un auditor de contas, distinto ó da sociedade, designado polo rexistrador mercantil do domicilio social por solicitude da sociedade ou de calquera dos socios titulares das participacións que deban ser valoradas.

2. Para o exercicio da súa función, o auditor poderá obter da sociedade tódalas informacións e os documentos que considere útiles e proceder a tódalas verificacións que coide necesarias. No prazo máximo de dous meses contado desde o seu nomeamento, o auditor emitirá o seu informe, que notificará inmediatamente á sociedade e ós socios afectados por conducto notarial, xuntando copia, e depositará outra no Rexistro Mercantil.

3. A retribución do auditor será por conta da sociedade. Non obstante, nos casos de exclusión, da cantidade que se lle reembolsará ó socio excluí-

do, a sociedade poderá deduci-lo que resulte de lles aplicar ós honorarios satisfeitos a porcentaxe que o socio excluído tivese no capital social.»

**Disposición adicional décimo primeira. *Modificación da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.***

Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 8 da Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Valor razoable. O prezo das accións ou participacións, a forma de pagamento e demais condicións da operación serán as convidas e comunicadas ó órgano de administración polo socio transmitente.

Se a transmisión proxectada fose a título oneroso distinto da compravenda ou a título gratuito, o prezo de adquisición será o fixado de común acordo polas partes ou, no seu defecto, o seu valor razoable o día en que lle comunicase ó órgano de administración da sociedade o propósito de transmitir. Entenderase por valor razoable o que determine un auditor de contas, distinto ó auditor da sociedade, designado para este efecto polos administradores.

Os gastos de auditor serán por conta da sociedade. O valor razoable que se fixe será válido para tódolos alleamentos que teñan lugar dentro de cada exercicio anual. Se nos alleamentos seguintes durante o mesmo exercicio anual o transmitente ou adquirente non aceptasen tal valor razoable, poderase practicar nova valoración á súa custa.»

**Disposición adicional décimo segunda. *Réxime do redondeo en determinadas operacións de crédito.***

Nos créditos e préstamos garantidos mediante hipoteca, caución, peñor ou outra garantía equivalente que, a partir da entrada en vigor desta lei, se formalicen a tipo de xuro variable, poderase acorda-lo redondeo deste tipo. No suposto anterior, o redondeo do tipo de xuro deberase efectuar ó extremo do intervalo pactado máis próximo, sen que este poida supera-lo oitavo de punto.

**Disposición adicional décimo terceira. *Modificación dos límites máximos de achegas á mutualidade de previsión social de deportistas profesionais.***

A contía de 15.025,30 euros á que se refire a disposición adicional vixésimo terceira da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, elévase á que para partícipes de sesenta e cinco anos ou máis se fixa nos artigos 5.3.a) da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, e 46.1.5.º a) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

**Disposición adicional décimo cuarta. *Transparencia na remuneración de auditores.***

Os auditores de contas deben comunicar ó Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas anualmente as horas e os honorarios facturados a cada cliente, distinguindo os que corresponden a auditoría de contas e outros servizos prestados, así como calquera outra información que precise o Instituto de Contabilidade e Audi-

oría de Contas para o exercicio das súas funcións. O importe destes honorarios anteriormente mencionados será público, e informárase especificamente na memoria das contas anuais, desagregando as aboadas ós auditores de contas, así como as aboadas a calquera sociedade do mesmo grupo de sociedades a que pertencese o auditor de contas, ou a calquera outra sociedade coa que o auditor estea vinculado por propiedade común, xestión ou control.

**Disposición adicional décimo quinta.** *Réxime transitorio de acomodación de determinados compromisos por pensións vinculados á xubilación mediante plans de emprego de promoción conxunta.*

O prazo para a adaptación dos compromisos por pensións das empresas co persoal á disposición adicional primeira da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, estendido ata o 16 de novembro de 2002 pola disposición adicional vixésimo quinta da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, amplíase ata o 31 de decembro de 2004 para a integración en plans de pensións de emprego de promoción conxunta daqueles compromisos, establecidos en convenio colectivo de ámbito supraempresarial, vinculados á permanencia do traballador na empresa ou sector ata a xubilación que, baixo a denominación «premios de xubilación» ou outras, consistan nunha prestación pagadeira por unha soa vez no momento do cesamento por xubilación.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, a representación das empresas e dos traballadores no ámbito supraempresarial poderán promover un ou varios plans de pensións de promoción conxunta, nos que se poderán incorporar as empresas afectadas polo convenio, sen prexuízo das necesarias adaptacións que se deban acordar para axustar a configuración dos referidos compromisos ós principios básicos dos plans de pensións establecidos na normativa sobre plans de pensións.

Nos citados plans de promoción conxunta poderanse integrar outros compromisos das empresas vinculados a outras contingencias distintas da xubilación.

As empresas que se incorporen ós referidos plans de promoción conxunta dentro do prazo sinalado poderán acollerse ó previsto nas disposicións transitorias décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, para o recoñecemento de dereitos por servicios pasados mediante os correspondentes plans de reequilibrio.

En todo caso, durante o prazo concedido nesta disposición, as empresas susceptibles de se acolleren a ela poderán adaptar o compromiso por xubilación a través de calquera dos instrumentos previstos na disposición adicional primeira da Lei 8/1987.

**Disposición adicional décimo sexta.** *Modificación da Lei 19/1993, do 28 de decembro, de medidas de prevención do branqueo de capitais.*

Modifícase o número 2 do artigo 16 da Lei 19/1993, do 28 de decembro, de medidas de prevención do branqueo de capitais, ó que se engade un segundo parágrafo.

«2. Cando exerza as súas funcións en relación con entidades financeiras sometidas a lexislación especial, o Servicio Ejecutivo deberá solicitar do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou Dirección Xeral de Seguros, ou órgano autonómico correspondente, segundo corresponda, toda a información e colaboración precisas para levalas a cabo.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o Servicio Ejecutivo terá acceso directo á información estatística sobre movementos de capitais e transaccións económicas co exterior comunicada ó Banco de España consonte o disposto na lexislación aplicable a tales operacións.»

**Disposición adicional décimo sétima.** *Nova disposición adicional da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito en relación co deber de gardar reserva acerca das informacións dos seus clientes.*

Engádese unha disposición adicional primeira á Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, co seguinte contido:

«Disposición adicional primeira.

1. As entidades e demais persoas suxeitas á ordenación e disciplina das entidades de crédito están obrigadas a gardar reserva das informacións relativas ós saldos, posicións, transaccións e demais operacións dos seus clientes sen que estas poidan ser comunicadas a terceiros ou obxecto de divulgación.

2. Exceptúanse deste deber as informacións respecto das cales o cliente ou as leis permitan a súa comunicación ou divulgación a terceiros ou que, de se-lo caso, lles sexan requiridas ou lles deban remitir ás respectivas autoridades de supervisión. Neste caso, a cesión da información deberá axustarse ó disposto polo propio cliente ou polas leis.

3. Quedan así mesmo exceptuados do deber de confidencialidade os intercambios de información entre entidades de crédito pertencentes a un mesmo grupo consolidable.

4. O incumprimento do disposto na presente disposición será considerado infracción grave e sancionárase nos termos e conforme o procedemento previsto no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.»

**Disposición adicional décimo oitava.** *Exteriorización en plans de pensións de compromisos adquiridos en convenio colectivo.*

Modifícase o parágrafo 6 do número 4 da disposición transitoria décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, que quedará redactado da seguinte forma:

«A contía máxima dos servicios pasados recoñecidos correspondentes ós exercicios anuais iniciados a 1 de xaneiro de 1988 ata o de formalización do plan de pensións non poderá superar, para cada un destes anos, o importe do límite financeiro anual vixente en cada un de tales exercicios. Non obstante, os servicios pasados integraranse na súa totalidade cando os compromisos por pensións asumidos polas empresas cos seus empregados ou traballadores deriven de convenio colectivo. Para tales efectos modifícanse, cando proceda, os correspondentes plans de reequilibrio para a súa aprobación ou verificación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

**Disposición adicional décimo novena.** *Realización de operacións de arrendamento financeiro por parte de entidades de dereito público autonómicas.*

As entidades que, no marco dos respectivos estatutos de autonomía, fosen creadas polas comunidades autó-

c) nomas para o exercicio das competencias que lles corresponde en relación á política financeira e en materia de crédito público poderán, nos supostos de adquisición de bens por parte das administracións públicas, antes delas dependentes e sociedades participadas maioritariamente, realiza-las actividades previstas no número 8 da disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

**Disposición transitoria primeira.** *Réxime transitorio da xestión dos sistemas de compensación e liquidación de valores.*

Primeiro. Ata que a nova sociedade a que se refire o número 1 do artigo 44 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, asuma efectivamente as funcións que nel se lle atribúen, o Servicio de Compensación e Liquidación de Valores e o Banco de España, en canto xestores dos sistemas de rexistro, compensación e liquidación dos valores negociados nos mercados que teñen encomendados, seguirán tendo as mesmas competencias que tivesen á entrada en vigor desta lei.

Segundo. A Sociedade de Sistemas crearase mediante a transformación da sociedade «Promotora para la Sociedad de Gestión de los Sistemas Españoles de Liquidación, S. A.», que coa participación do Servicio de Compensación e Liquidación de Valores e o Banco de España se constituíse.

Terceiro. A asunción efectiva por parte da Sociedade de Sistemas das funcións que lle encomenda esta lei efectuarase conforme o seguinte:

a) A «Promotora para la Sociedad de Gestión de los Sistemas Españoles de Liquidación, S. A.» procederá á modificación do seu obxecto e denominación sociais, adaptándoos ó que establece o número 1 do artigo 44 bis da Lei do mercado de valores, pasando a se-la Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores regulada neste número 1.

b) A modificación societaria prevista no parágrafo anterior comprenderá igualmente a distribución do capital social da Sociedade de Sistemas entre os accionistas do «Servicio de Compensación y Liquidación de Valores, S. A.», e o Banco de España, sen prexuízo das posteriores modificacións que esa estrutura accionarial poida experimentar de acordo co réxime legal aplicable á Sociedade de Sistemas.

Con obxecto de posibilita-la dita distribución inicial de capital entre os accionistas do «Servicio de Compensación y Liquidación de Valores, S. A.», e o Banco de España, a citada Sociedade de Sistemas procederá a ampliar ou reducir capital na medida necesaria. Sen prexuízo doutras posibles achegas, a subscripción e o pagamento das accións correspondentes realizarase mediante as seguintes achegas non en diñeiro: o Banco de España achegaralle á Sociedade de Sistemas os medios necesarios para a realización das funcións relativas ó Mercado de Débeda Pública en Anotacións que se lle atribúen a aquela nesta lei, os accionistas do «Servicio de Compensación y Liquidación de Valores, Sociedad Anónima», achegarán á Sociedade de Sistemas as súas accións daquel.

Estas achegas non en diñeiro serán obxecto de valoración por un experto designado para o efecto de común acordo polo Servicio de Compensación e Liquidación de Valores e o Banco de España. A valoración efectuada polo sinalado experto producirá os efectos previstos no artigo 38 da Lei de sociedades anónimas.

Non lles será de aplicación ás anteriores operacións societarias o disposto nos artigos 158, 166 e 169.1, segundo parágrafo, da Lei de sociedades anónimas.

c) Unha vez efectuadas e inscritas no Rexistro Mercantil as operacións a que se refire o número anterior, e logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Banco de España, a Sociedade de Sistemas asumirá as funcións que se lle atribúen nesta lei, na data que se determine nestas autorizacións, que serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo da eventual absorción por aquela do «Servicio de Compensación y Liquidación de Valores, Sociedad Anónima».

d) En todo caso, a Sociedade de Sistemas asumirá as funcións a que se refire a letra anterior no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei.

Cuarto. O nomeamento dos membros do Consello de Administración, directores xerais e asimilados da Sociedade de Sistemas estará suxeito á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Quinto. Mentres a Sociedade de Sistemas non estableza outras disposicións e decisións no exercicio das funcións de dirección, administración e ordenación que lle atribúe a Lei do mercado de valores, continuarán en vigor as disposicións e decisións que na data de asunción efectiva das súas funcións pola Sociedade de Sistemas rexan os sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores xestionados ata entón polo Servicio de Compensación e Liquidación de Valores e polo Banco de España.

A Sociedade de Sistemas e o Banco de España manterán a debida coordinación co fin de substituí-la normativa vixente polas regras da Sociedade de Sistemas que se aproben no futuro.

Sexto. Os actos e documentos legalmente necesarios para as operacións societarias a que se refire o número terceiro anterior están exentos de tributos e exaccións de tódalas clases. Así mesmo, estes actos e documentos non devengarán dereitos arancelarios, notariais nin rexistras.

**Disposición transitoria segunda.** *Réxime transitorio das funcións asumidas pola Sociedade de Sistemas.*

O artigo 54 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, quedará derogado no momento en que, de conformidade co disposto na disposición transitoria primeira, se produza a efectiva asunción das funcións que o artigo 44 bis da mencionada lei lle confire á Sociedade de Sistemas, todo isto sen prexuízo do mantemento do disposto no número 2 do referido artigo 44 bis, respecto ós servicios creados nas comunidades autónomas con competencias na materia.

**Disposición transitoria terceira.** *Réxime transitorio da Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras.*

Primeiro. O Consorcio de Compensación de Seguros sucederá a Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras en tódolos seus dereitos e obrigas, continuando as liquidacións que esta ten encomendadas e mantendo tódalas súas relacións xurídicas e o seu persoal laboral.

Segundo. Ata que o Goberno dicte as disposicións regulamentarias a que se refire a disposición derradeira segunda desta lei, subsistirán o Regulamento de funcionamento da Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2020/1986, do 22 de agosto; o Real decreto 2226/1986, do 12 de setembro, polo que se lle confían á Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras as funcións atribuídas á Comisión creada polo Real decreto lei 11/1981, do 20 de agosto; o Real decreto 312/1988, do 30 de marzo, polo que se someten as entidades de previsión social ó disposto no Real decreto lei 10/1984, do 11

de xullo, e a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 25 de marzo de 1988, pola que se complementa o Real decreto 2020/1986, do 22 de agosto. Todas elas permanecerán en vigor exclusivamente no que non se opoñan ás disposicións contidas nesta lei, entendéndose atribuídas ó Consorcio de Compensación de Seguros e ó seu Consello de Administración as funcións que estas disposicións regulamentarias lle encomendan á «Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras» e á súa Xunta Rectora.

Terceiro. As cantidades que á entrada en vigor desta lei fosen xa recadadas polo Consorcio de Compensación de Seguros en concepto de recarga destinada a efectuar subvencións á Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras e que aínda non fosen transferidas a este organismo destinaranse, desde o mesmo momento en que se produza a entrada en vigor desta lei, ó cumprimento polo Consorcio das súas funcións de liquidador de entidades aseguradoras, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 do seu estatuto legal, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptalo dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados.

**Disposición transitoria cuarta.** *Nomeamento polas entidades aseguradoras autorizadas do representante para a tramitación e liquidación de sinistros, a que se refire o parágrafo g) do número 2 do artigo 6 e o parágrafo g) do número 1 do artigo 87 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Primeiro. As entidades aseguradoras españolas que teñan concedida autorización administrativa no ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberán nomear representantes para a tramitación e liquidación de sinistros en cada un dos estados membros distinto a España.

Este nomeamento deberalle ser comunicado á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a partir da entrada en vigor desta lei e, en todo caso, antes do 19 de xaneiro de 2003.

Segundo. As sucursais de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros, non membros do Espacio Económico Europeo, que teñan concedida autorización administrativa no ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberán proceder ó nomeamento e á comunicación dos representantes ós que se refire o número anterior no mesmo prazo.

**Disposición transitoria quinta.** *Réxime transitorio do Servicio Central de Información de Riscos do Banco de España.*

Mentres non se aproben as disposicións de desenvolvemento do capítulo VI desta lei, que entrará en vigor conforme o establecido na súa disposición derradeira terceira, continuarán en vigor as disposicións dictadas en desenvolvemento do artigo décimo sexto do Decreto lei 18/1962, do 7 de xuño, de nacionalización e reorganización do Banco de España, sempre que non se opoñan a aquelas.

**Disposición transitoria sexta.** *Réxime transitorio de creación e funcionamento dos sistemas organizados de negociación.*

Mentres non se aprobe o real decreto previsto no artigo 4, a autorización de mercados non oficiais e sistemas organizados de negociación de valores ou instrumentos financeiros rexeráse pola normativa aplicable con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

**Disposición transitoria sétima.** *Réxime transitorio de determinadas modificacións do réxime xurídico das institucións de investimento colectivo.*

As institucións de investimento colectivo disporán dun prazo de doce meses para axustalo seu funcionamento a esta lei, sen que o eventual cambio de depositario producido neste prazo para cumprir cos novos requisitos esixidos lles confira ós partícipes o dereito de separación previsto no artigo 28 da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.

**Disposición transitoria oitava.** *Referencias en materia concursal.*

Tódalas referencias a suspensión de pagamentos e quebra e, en xeral, á materia concursal, contidas nesta lei, aplicaranse sen prexuízo do que dispoña a Lei concursal prevista na disposición derradeira décimo novena da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil; na súa entrada en vigor aplicarase o establecido nela.

**Disposición transitoria novena.**

Ata que se produza o nomeamento dos comisionados para a defensa do cliente de servizos financeiros previstos no artigo 22 desta lei, os servizos de reclamacións ou unidades administrativas equivalentes do Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións seguirán realizando as funcións que teñan encomendadas á entrada en vigor desta lei de acordo coa súa normativa aplicable.

**Disposición transitoria décima.** *Réxime transitorio de determinados aspectos do réxime xurídico das caixas de aforros.*

O novo réxime de irrevogabilidade dos conselleiros xerais e os vocais dos consellos de administración das caixas de aforros, establecido nos números sexto e undécimo do artigo 8 desta lei, polos que se modifican os artigos 10 e 18 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, será aplicable ós cargos nomeados con posterioridade ó 1 de xuño de 2003.

Os conselleiros xerais e os membros do consello de administración que actualmente desempeñen o cargo, aínda que cumprisen o período máximo establecido no número 1 do artigo 9 e no número 1 do artigo 17 da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, que quedou modificado polo número décimo do artigo 8 desta lei, ou que o cumpran durante o período electoral vixente a 31 de decembro de 2003, poderán permanecer no cargo durante o presente mandato e un máis, sempre que sexan elixidos para isto pola representación que desempeñen.

Os requisitos que deben reuni-los conselleiros xerais e os vocais do consello de administración serán de aplicación desde o día da entrada en vigor desta lei de conformidade co establecido no parágrafo primeiro da disposición derradeira terceira.

**Disposición transitoria undécima.** *Adaptación dos estatutos das caixas de aforros.*

As caixas de aforros deberán, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, adapta-los seus estatutos ás modificacións introducidas na súa normativa básica aplicable.

c

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, as caixas de aforros adaptarán os seus estatutos ó cumprimento do establecido polo artigo 2.3 da Lei 31/1985, de forma que a representación das administracións públicas e entidades e corporacións de dereito público, incluída a que lle corresponda á entidade fundadora cando esta teña a mesma natureza, non supere no seu conxunto o límite máximo do 50 por cento do total dos dereitos de voto de cada un dos órganos. Cando esta representación sexa superior, a distribución de porcentaxes dentro do referido máximo realizarase proporcionalmente entre tódalas entidades e corporacións públicas representadas conforme a lexislación autonómica, atribuíndo, de se-lo caso, a porcentaxe sobranse entre os demais grupos de representación da entidade de acordo cos intervalos máximos e mínimos establecidos polo artigo 2.3 da Lei 31/1985.

De ser necesario, en aplicación do anteriormente disposto, a designación de novos membros do grupo de depositantes na asemblea xeral ata que se produza a súa correspondente renovación, a súa asignación realizarase respectando as porcentaxes correspondentes a cada demarcación territorial segundo a última elección de entre os suplentes nomeados no referido grupo en virtude do maior número de votos obtidos na elección ou, no caso de se ter votado listas ou candidaturas, de forma proporcional ós resultados obtidos por cada unha e, dentro dela, pola orde en que figuren nela. Se aínda así non se cubren tódolos postos vacantes, os non cubertos permanecerán vacantes ata a correspondente renovación do grupo.

Transcorrido o prazo a que se refire a disposición transitoria seguinte, e completada a adaptación normativa alí prevista, as caixas de aforros deberán axustalos seus estatutos ás modificacións normativas autonómicas, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

No caso das caixas de aforros a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos rectores das caixas de aforros, a reforma dos seus estatutos deberá respecta-lo principio de representatividade de tódolos grupos.

**Disposición transitoria décimo segunda.** *Adaptación da lexislación das comunidades autónomas en materia de caixas de aforros.*

No prazo de seis meses, as comunidades autónomas adaptarán a súa lexislación sobre caixas de aforros ó disposto nesta lei.

**Disposición transitoria décimo terceira.** *Réxime transitorio para cotas participativas.*

Durante os dous anos seguintes á entrada en vigor das disposicións relativas a cotas participativas establecidas no artigo 14 desta lei, o volume en circulación das emitidas por unha caixa non poderá supera-lo 25 por cento do seu patrimonio.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei e, en especial, as seguintes:

a) O número 3 do artigo 55, os números 6 e 7 do artigo 58, o número 5 do artigo 98 e os parágrafos n) e r) do artigo 100 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) O artigo 54 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, nos termos establecidos pola disposición transitoria segunda desta lei.

c) O número 6 da disposición adicional sexta e o número 2 da disposición adicional décimo segunda da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

d) A disposición adicional terceira da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.

e) Os artigos 29 a 34, constitutivos das subseccións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo III do título II, o número 5 do artigo 35, os parágrafos segundo, terceiro e cuarto do número 2, o número 3 e o parágrafo 4 do artigo 62 e o artigo 63 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

f) O artigo 15 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados.

g) O parágrafo c) do artigo 38, número 2, da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras.

h) O artigo 16 do Decreto lei 18/1962, do 7 de xuño, de nacionalización e reorganización do Banco de España, nos termos da disposición derradeira terceira, parágrafo c), desta lei.

i) O parágrafo a) do número 1 do artigo 57 bis da Lei de ordenación bancaria, do 31 de decembro de 1946.

**Disposición derradeira primeira.** *Carácter básico.*

Esta lei ten carácter básico ó abeiro do previsto no artigo 149.1.11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúen ó Estado competencia exclusiva sobre bases da ordenación do crédito, banca e seguros, e sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Sen prexuízo das habilitacións específicas para outros órganos previstas no articulado desta lei, habilitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta norma.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Exceptúanse do anterior:

a) O disposto no artigo 1, número quinto, que entrará en vigor no momento en que a Sociedade de Sistemas asuma as funcións que a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, lle encomenda, de conformidade coa disposición transitoria primeira desta lei.

b) As disposicións da sección 2.<sup>a</sup> do capítulo V, relativas ó seguro de responsabilidade civil de circulación de automóbiles, que entrarán en vigor o 19 de xaneiro de 2003.

c) O capítulo VI, relativo á Central de Información de Riscos, que entrará en vigor ós seis meses da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado».

d) A cobertura da perda de beneficios derivada de acontecementos extraordinarios a que se refire a nova redacción do artigo 6 do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo



dereito español á Directiva 88/357/CEE sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, así como a inclusión como ramo de seguro con recarga obrigatoria do de perdas pecuniarias diversas, establecida no artigo 7 da propia norma, entrarán en vigor na data que determine a disposición regulamentaria a que se refire o segundo parágrafo do número 1 do citado artigo 6.

**Disposición derradeira cuarta.** *Elaboración de textos refundidos.*

Primeiro. Autorízase o Goberno para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, elabore os correspondentes textos refundidos da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Segundo. Esta delegación inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmoniza-los textos legais que deben ser refundidos.

Polo tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

**22808** *CORRECCIÓN de erratas da Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, sobre procedemento para o axuízamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas, e de modificación do procedemento abreviado. («BOE» 281, do 23-11-2002.)*

Advertidas erratas na Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, sobre procedemento para o axuízamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas, e de modificación do procedemento abreviado, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de novembro, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 1504, segunda columna, no artigo 773.1, segundo parágrafo, onde di: «... así como instar desta a adopción...», debe dicir: «... así como instar deste a adopción...».

**22809** *REAL DECRETO LEI 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige». («BOE» 281, do 23-11-2002.)*

Como consecuencia do accidente sufrido polo buque «Prestige» o pasado día 13 de novembro, leváronse a cabo unha serie de actuacións excepcionais e urxentes, dirixidas a diminuí-lo impacto ambiental nas zonas afectadas pola contaminación de hidrocarburos producida.

A magnitude dos feitos e os seus efectos prexudiciais esixen, desde o principio constitucional de solidariedade, unha actuación inmediata dos poderes públicos para a posta en marcha dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras, co fin de recuperar canto antes a normalidade na zona sinistrada.

Sen prexuízo das accións concretas que se realicen en colaboración con outras administracións públicas afectadas, este real decreto lei adopta un conxunto de medidas de moi distinta natureza, aínda que con idéntica finalidade, consistentes na redución de cargas fiscais e de Seguridade Social e na apertura de liñas especiais de crédito para as empresas, así como na minoración do impacto negativo do accidente na economía dos traballadores afectados.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia e do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, e dos ministros de Facenda, Fomento, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación, Medio Ambiente e Ciencia e Tecnoloxía, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de novembro de 2002,

DISPONGO:

**Artigo 1.** *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto adoptar medidas destinadas a paliar-los efectos derivados do accidente sufrido polo buque «Prestige» o día 13 de novembro de 2002.

As medidas que nesta norma se establecen en ningún caso supoñen recoñecemento de responsabilidade do Estado polos referidos danos e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións que correspondan.

Por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, por proposta do delegado do Goberno en Galicia, determinarase, para os efectos previstos neste real decreto lei, o ámbito territorial de aplicación das medidas por referencia ós termos municipais e núcleos de poboación afectados.

**Artigo 2.** *Danos en infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes destes poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que executarán tales departamentos para reparar-los danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

**Artigo 3.** *Beneficios fiscais.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que realicen, dentro do ámbito territorial que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, actividades de entrega de bens ou prestacións de servizos suxeitas ó dito imposto e sinaladas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como directamente relacionadas coa práctica das actividades pesqueiras, o marisqueo ou a acuicultura que se atopen paralizadas como consecuencia das medidas de prohibición da pesca e marisqueo adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administra-